

foz

O Concello impulsa a mellora da rede viaria parroquial con novos investimentos. **Páx. 5**

viveiro

Críticas e defensa da xestión no primeiro ano do Executivo local viveirense. **Páx. 7**

burela

A Avenida Arcadio Pardiñas é a nova aposta urbana e comercial do Concello. **Páx. 9**

cervo

Cervo elimina as zonas sen cobertura coa finalización do plan de fibra óptica. **Páx. 13**

trabada

O Goberno local mellora o Teleclub de Sante e a rúa das Bolboretas. **Páx. 14**

Marzo en feminino

Os concellos impulsan un calendario de propostas que combina reivindicación, cultura, saúde e participación arredor da igualdade real



Valentín Ínsua, a voz das campás de Mondoñedo

O campaneiro defende a continuidade dun oficio ligado á identidade cultural. **Páx. 15**

Mulleres do mar: o traballo invisible

Begoña Pernas destaca o labor da cooperativa O Cantiño, que clasifica o peixe de madrugada. **Páx. 25**

As Espalladoras



O asociacionismo feminino como motor de vida e actividade no rural de Cervo. **Páx. 12**

A Folixa



A charanga de Vegadeo consolida unha traxectoria marcada pola festa. **Páx. 21**

Club Ciclista Burela



O Club promove o ciclismo como espazo de convivencia e lecer. **Páx. 29**

A Deputación de Lugo pide máis recursos

A institución defende a necesidade de reforzar o persoal de atención á diversidade nos colexios. **Páx. 26**

FINCA CASA BARBEIRO

CATAS GUIADAS DE NUESTROS QUESOS Y MARIDAJE

Descubre el sabor desde el origen.

Plazas limitadas.

Reserva tu fecha y ven a conocernos en Finca Casa Barbeiro.

TLF: 669 96 10 89 @fincacasabarbeiro

A MARIÑA

Muller, cultura e comunidade

Os concellos da comarca reforzan a programación do Día da Muller con actividades sociais, formativas e festivas

A celebración do 8 de marzo continúa a consolidarse como un dos momentos máis significativos no calendario social e cultural da comarca, cunha ampla programación que combina reivindicación feminista, actividades formativas e espazos de encontro veciñal. As administracións locais insisten en que estas propostas teñen un carácter aberto e participativo, pois, como sinalan desde diferentes departamentos de igualdade, “a transformación social constrúese desde a educación, a cultura e a convivencia diaria”. O obxectivo común das diferentes programacións municipais é “achegar a igualdade á vida cotiá da cidadanía”, segundo se destaca desde varias concellarías.

CERVO. A conmemoración artéllase arredor dun tradicional xantar que mestura reivindicación social e celebración comunitaria. O encontro terá lugar o 8 de marzo ás 14:30 horas no Restaurante O Noso Lar, cun prezo fixado en 35 euros por persoa. Durante o xantar procederase á entrega de premios das gañadoras dos campionatos locais de tute e parchís, que se están desenvolvendo estes días como parte da programación municipal. A organización tamén anunciou un sorteo de agasallos doados por asociacións do municipio, co que se busca “agradecer a colaboración do tecido social cervense”. A xornada continuará pola tarde coa actuación musical do Dúo Caramelo na Casa do Mar, onde se pretende prolongar a celebración nun contexto distendido.



XOVE. O lema escollido para a programación é “Marzo é o mes da muller en Xove”, unha frase que desde o goberno local interpretan como unha aposta por manter a reflexión sobre a igualdade ao longo do mes. A primeira actividade será unha andaina o 8 de marzo ás 17:00 horas, con saída desde o Centro Cívico municipal. A participación require inscrición previa nos Servizos Sociais. Posteriormente, ás 18:30 horas, celebrarase unha chocolatada no salón de actos. Este encontro quere servir tamén como homenaxe ás primeiras mulleres emprendedoras do municipio, das que se afirma que “abriron camiños nun tempo no que emprender era moito máis difícil para elas”. O programa xovense continuará o 11 de marzo cun faladoiro titulado “Reivindicamos a corresponsabilidade: comunicación consciente e corresponsable”. A sesión desenvolverase

ás 19:00 horas na aula de formación e poderá seguirse en liña, tanto en directo como en diferido. Os organizadores indican que se pretende “reflexionar sobre a xestión compartida das responsabilidades familiares”. Outra cita formativa terá lugar o 25 de marzo, tamén ás 19:00 horas, abordando cuestións relacionadas coa organización persoal, os estudos e a responsabilidade compartida. A programación rematará o 8 de abril cun encontro dedicado á corresponsabilidade na educación e no uso das tecnoloxías.

VIVEIRO. O Concello promove unha xornada de confraternidade feminina que se celebrará o 7 de marzo ás 14:30 horas no Restaurante Louzao. O evento inclúe menú completo, sobremesa e acompañamento musical cun custo de 50 euros por persoa. Desde a organización lembran que as prazas son limitadas e que as entradas poden adquirirse directamente no restaurante.

OUIROL. Aquí celebrarase a V Xuntanza de Mulleres o 8 de marzo. O encontro desenvolverase no restaurante viveirense mencionado anteriormente, a partir das 14:00 horas, cun prezo de 35 euros. Desde o Concello explícase que esta actividade pretende ser un momento de celebración colectiva, pois “a igualdade tamén se constrúe compartindo experiencias e fortalecendo vínculos sociais”. Ademais da comida e do baile, a xornada incluírá sorpresas preparadas pola organización.

RIBADEO. A Área de Igualdade e o Centro de Información á Muller impulsan un programa educativo dirixido a todas as idades. As actividades arrincaron o 25 de febreiro con obradoiros afectivo-sexuais nos centros



educativos dentro do programa municipal “O Concello cos Coles”. O 13 de marzo o Cine Teatro Ribadeo acollerá unha actividade teatral para alumnado máis novo a cargo de Trémola Teatro. Entre o 5 e o 17 de marzo estará aberto o prazo do II Certame de Fotografía “Igualdade Ribadeo”, baixo o lema “Mulleres que inspiran”. O concurso contará con tres categorías e culminará cunha exposición pública das obras presentadas. O 8 de marzo desenvolverase a manifestación feminista organizada polo Observatorio da Mariña pola Igualdade. Pola noite, o Auditorio Municipal acollerá a obra Manual de Patronaxe, da compañía Teatro do Noroeste. O programa ribadense completárase con charlas sobre saúde feminina e corresponsabilidade, nas que participará o colectivo Towanda Rebels.

BARREIROS. A programación comezará o 6 de marzo coa lectura dunha declaración institucional ás 11:30 horas na praza municipal. Ao remate entregarase un detalle conmemorativo ás persoas asistentes. O 8 de marzo representarase o monólogo A Muller Soa, baseado na obra de Franca Rame e Dario Fo, a cargo do Colectivo Cultural Ollomao. O 14 de marzo celebrarase un obradoiro sobre alimentación en todas as etapas da vida da muller, impartido pola matrona María González Cociña. A concelleira Montse Porteiro destacou que o 8M representa “unha data fundamental para reafirmar o compromiso institucional coa igualdade efectiva”.

TRABADA. Neste Concello organizaranse dúas charlas sobre saúde feminina o 9 de marzo na Casa da

Cultura. Os encontros abordarán a peri/menopausa e o coidado do solo pelviano.

VEGADEO. Na vila a programación combinará cultura e sensibilización social. O 6 de marzo presentarase o espectáculo “La igualdad no tiene truco” e realizarase un contacontos para escolares. O 8 de marzo lerase o manifesto feminista no Parque do Medall e celebrarase un recital poético organizado pola asociación Asociación Nías, pechando a xornada co concerto de MULHERES.

MONDOÑEDO. O Cim convoca o concurso “Debuxando en Igualdade e contra a violencia de xénero”, dirixido a alumnado de Primaria e Secundaria. O prazo remata o 13 de marzo e o certame está financiado co Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

As diferentes administracións coinciden en sinalar que o conxunto da programación pretende “seguir avanzando cara a unha sociedade máis xusta”, apostando pola cultura, a educación e a participación cidadá como ferramentas de transformación social.

LOURENZÁ. O domingo 8 celebrarase a charla “Prevención secundaria centrada na muller”, impartida pola médica Alba Blanco Vázquez no salón de actos municipal ás 17:30 horas, cun peche musical a cargo do grupo Os dos martes da Asociación Cultural Osorio Gutiérrez. Ademais, desenvolverase o taller “Ao son das mulleres” en tres sesións nas parroquias de San Adriano, San Xurxo e Vilanova entre os días 9 e 16 de marzo, co obxectivo de fomentar a expresión, o autocoidado e o benestar feminino mediante a música.

Mondoñedo: Avda. Buenos Aires, 7 - 982 521 077
Ferreira de Valadouro: Cayado, 8 - 982 574 460
Abadín: Avenida de Galicia, 10 - 982 508 111
Muras: Pza. da Galeguidades, 11 - 982 500 027
Muimenta: Avda. de Villalba, 38 - 982 504 080
O Corgo: San Cristobal de Chamoso, 29 - 982 302 198
Baralla: Evaristo Calderón, 85 - 982 363 049

Unanimidade na Deputación para estudar a volta do GES de Cervo

A Deputación de Deputación de Lugo manifestou o seu compromiso coa continuidade do persoal do Grupo de Emerxencias Supramunicipais (GES) e coa defensa da recuperación deste servizo en Cervo, que permanece pechado desde finais de 2024 tras a decisión do goberno local.

O acordo adoptouse no pleno ordinario celebrado no Pazo de San Marcos, onde os grupos da corporación provincial aprobaron por unanimidade unha moción de urxencia presentada polos partidos do goberno para solicitar a convocatoria da Comisión de Seguimento do convenio dos GES. O obxectivo é analizar o funcionamento do dispositivo de emerxencias e buscar unha solución que garanta a súa viabilidade.

A voceira socialista Pilar García Porto destacou que na provincia existen cinco GES activos nos con-



cellos de Friol, A Pontenova, Quiroga, Folgoso do Courel e Montoroso, que desenvolven un papel esencial na atención ás emerxencias, especialmente en contornas rurais con forte dispersión po-
boacional.

O goberno provincial considera prioritario estudar as condicións de reapertura do GES de Cervo, xa que os seus efectivos continúan vinculados administrativamente

ao municipio. Desde a institución insítese en reforzar a capacidade de resposta ante situacións de risco na comarca da Mariña.

O texto consensuado por PSdeG e BNG solicita que a comisión se reúna con carácter de urxencia para avaliar o peche do servizo, definir medidas de reactivación e garantir unha cobertura eficaz e coordinada das emerxencias no territorio.

Ribadeo, Trabada e Barreiros beneficiaranse dun desconto na luz

A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, afirmou que o cen por cento da enerxía xestionada por Recursos de Galicia (RDG) reverterá no territorio, principio que cualificou como eixo da nova política eólica da Xunta. Segundo explicou tras reunirse cos alcaldes de Ribadeo, Trabada e Barreiros, a meta é transformar o potencial natural galego nunha vantaxe competitiva que se traduza en desenvolvemento local, participación pública e retorno económico sostible.

Os tres municipios beneficiaranse

dunha bonificación do 80 % no consumo eléctrico para as vivendas situadas nun radio de 1,8 quilómetros do parque eólico Mondigo, adquirido por RDG. Lorenzana sinalou que este límite responde a criterios de viabilidade e á vontade de incluír núcleos completos. O desconto deberá solicitarse a través dunha web específica, achegando as doce últimas facturas, aplicarse con independencia da comercializadora e prevese que estea operativo nun máximo de seis meses. A Xunta traballa ademais nun plan industrial para reducir cus-

tos ás empresas da contorna.

En paralelo, o BNG de Ribadeo instou ao alcalde a reclamar a aplicación do chamado "Modelo Muras", que propón compensacións máis amplas para toda a veciñanza e a reserva dun 2,5 % da produción para fins sociais. A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, anunciou que pedirá unha dotación específica para garantir unha distribución equitativa. Pola súa banda, Trabada aclarou que o radio se medirá desde cada aeroxerador e que a axuda afectará só ao consumo eléctrico.

Cruz Vermella A Mariña impulsa un novo sistema de actuación ante emerxencias



A asemblea comarcal de Cruz Roja Española en A Mariña iniciou a implantación dun renovado sistema de traballo para facer fronte a situacións de desastre e emerxencia, dentro da estratexia que a entidade está a desenvolver en todo o Estado.

Este novo enfoque establece un marco común de actuación que permitirá optimizar recursos, minimizar riscos e mellorar a organización dos equipos no momento de intervir. O obxectivo é garantir respostas máis rápidas, eficaces e coordinadas ante episodios críticos como inundacións, incendios ou outros sucesos de grande impacto. Ademais, a asemblea comarcal destacou a importancia de estreitar colaboracións con outras entidades locais, como Protección Civil, bombeiros e concellos, para garantir que o novo sistema de traballo funcione de maneira integral. Este enfoque colaborativo busca tamén sensibilizar á comunidade sobre a importancia da prevención e da preparación ante emerxencias, promovendo un modelo de acción compartido e eficaz.

Un total de 19 persoas voluntarias

participaron nesta primeira acción formativa, estruturada en dúas partes diferenciadas. Nunha fase inicial abordáronse os contidos teóricos e as bases do novo modelo organizativo. Posteriormente, desenvolveuse un exercicio práctico consistente nun simulacro de atención a persoas afectadas por unha inundación, no que se puxeron en práctica os protocolos de actuación e coordinación.

A formación continuará nos vindeiros meses cun programa que combinará sesións presenciais e contidos en liña, co propósito de completar a preparación do voluntariado para actuar en contextos de emerxencia e catástrofe con maiores garantías.

Desde a organización subliñan que avanzar cara a modelos máis estruturados e homoxéneos é clave para fortalecer a capacidade de resposta. Nun escenario no que as emerxencias esixen intervencións cada vez máis áxiles e planificadas, a actualización constante dos coñecementos e a coordinación entre equipos convértese en piares fundamentais para ofrecer unha atención eficaz á cidadanía.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en urallitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

NOVAS

foz

O PP esixe axilidade na licitación da renovación do céspede de Malates

O Partido Popular de Foz reclamou ao alcalde unha maior dilixencia na licitación das obras de remodelación do céspede artificial do campo de fútbol de Malates, unha infraestrutura deportiva que, segundo denuncian, presenta un avanzado estado de deterioro e provoca constantes protestas por parte dos usuarios. O voceiro municipal do PP, Javier Castiñeira, lembrou que a renovación do terreo de xogo foi unha das condicións incluídas no acordo alcanzado co goberno local para permitir o desbloqueo do contrato da auga. “Esta actuación non xurdiu de maneira espontánea, senón que foi froito dun pacto claro co alcalde. Os acordos están para cumprirse”, subliñou. Castiñeira explicou que o seu grupo insistiu en varias ocasións, tanto en sesións plenarias como a través doutras iniciativas, na necesidade de substituír o céspede de Malates, debido ao desgaste acumulado tras anos de uso intensivo. Finalmente,

engadiu, o compromiso quedou recollido dentro do acordo político acadado entre ambas partes. Porén, o portavoz popular criticou a falta de información por parte do goberno municipal respecto ao avance deste proxecto. “Naquel momento quedáramos en que o Partido Popular estaría informado puntualmente de todo o proceso, pero a día de hoxe non sabemos nada concreto, máis alá de que a Deputación de Lugo vai financiar unha parte do investimento”, afirmou. Desde o PP alertan tamén dos problemas de seguridade que presenta actualmente o campo de fútbol. Segundo Castiñeira, existen furados e zonas en mal estado que supoñen un risco real para a integridade física dos deportistas. “As queixas son numerosas e reiteradas, e hai zonas do terreo de xogo que poden provocar lesións graves. Por iso é urxente acelerar a licitación e que a obra poida executarse canto antes”, insistiu.

A residencia de maiores pasa finalmente a titularidade municipal

A Xunta de Galicia, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e o Concello de Foz asinaron un acordo histórico que devolve de forma definitiva ao concello a titularidade do terreo cedido para a construción da residencia de maiores, así como a propiedade do edificio e do mobiliario. Grazas a este acordo, garátese que o centro siga sendo de titularidade municipal e que as persoas maiores de Foz continúen a ter prioridade no acceso a este servizo.

O proceso comezou co primeiro convenio de cesión ao concello en 2017, cando finalizaron as obras da infraestrutura, co obxectivo de asegurar que os usuarios do antigo asilo puidesen recibir atención residencial no novo centro. Segundo explicou o xerente do Consorcio, Perfecto Rodríguez, o acordo actual cumpre co último convenio de cesión asinado en xaneiro de 2023, que establecía un período inicial de catro anos prorrogables para levar a cabo todos os



trámites necesarios para transmitir a titularidade do inmovible ao Concello. Rodríguez destacou que, de non ser así, se a residencia pasase a estar fóra de xestión autonómica, a veciñanza de Foz perdería a prioridade e as prazas cubriríanse segundo a listaxe de adxudicación de toda Galicia. Ademais, indicou que a Xunta seguirá colaborando cos usuarios da residencia e do centro de día municipais mediante axudas eco-

nómicas: actualmente, 50 familias do municipio reciben apoio para o pago dunha praza residencial ou de centro de día. Este acordo consolidará a continuidade do servizo na vila, garantindo que as persoas maiores poidan acceder a unha atención próxima, coitada e de calidade, e reforza a colaboración entre as administracións autonómica e local para preservar os recursos sociais da comunidade.

A campaña de San Valentín de Acia Foz-CCA reparte 400 euros en compras

A Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos de Foz (Acia Foz-CCA) celebrou o sorteo da súa campaña especial de San Valentín, unha iniciativa que volveu incentivar as compras no comercio local cun atractivo reparto de premios: 400 euros en vales e un cofre cunha escapada romántica.

O número 17470, correspondente a unha papeleta entregada no establecemento Fauna, resultou gañador do premio estrela, consistente nunha experiencia para dúas persoas. Ademais, catro clientes foron agraciados con vales de compra por importe de 100 euros cada un. As papeletas premiadas foron o 8784 (Xoguetería Bahía), o 12641 (Mapfre), o 3994 (Hedra) e o 4361 (Chinela). Desde a asociación subliñaron que campañas como esta buscan non só premiar a fidelidade da clientela, senón tamén reforzar o tecido comercial da localidade, animando a realizar as compras nos establecementos de proximidade ao longo de todo o ano.

Promoven un curso de cociña tradicional para fomentar o envellecemento activo



O Concello de Foz puxo en marcha un novo curso de cociña centrado no aproveitamento dos recursos naturais e na posta en valor da gastronomía local. A actividade, organizada pola Delegación de Servizos Sociais, iniciou o 5 de febreiro e prolongarase ata finais de maio, dirixida principalmente a persoas maiores. Segundo a concelleira de Servizos Sociais, Ana Rojo, os obradoiros preséntanse en sesións de tres horas, nas que se ensinan técnicas culinarias actuais e pautas de xestión eficiente dos alimentos, mantendo o sabor e a tradición galega. Cada clase céntrase na preparación dun menú completo —en-

trante, primeiro prato, segundo e sobremesa— que os participantes degustan ao final, utilizando produtos locais e accesibles. Ao rematar o curso, recibirán un receptario ilustrado coas receitas elaboradas. O proxecto forma parte dunha programación máis ampla para persoas maiores, que inclúe talleres de pilates, ximnasia, bolillos e exercicios de memoria en distintas parroquias, promovendo o envellecemento activo e saudable. O Concello agradeceu ao Club Náutico de Foz pola cesión das instalacións e ao grupo Gadisa pola achega económica. Para máis información, o Centro Social atende no 982 13 35 66.

O BNG alerta do mal estado da drenaxe baixo a N-642 á beira da praia da Areoura

O BNG de Foz expresou a súa preocupación pola situación da saída da tubaxe de drenaxe situada baixo a estrada N-642, á altura da praia da Areoura, en Cangas. Segundo a formación nacionalista, o colector presenta acumulación de materiais e falta de mantemento, circunstancia que podería comprometer de novo a seguridade da infraestrutura viaria. A organización lembra que en xaneiro de 2023 se produciu o afundimento dun tramo do firme no mesmo punto, debido aos entullos que bloqueaban o sistema de evacuación de augas. Aquela incidencia obrigou a cortar a circulación durante case un ano para acometer obras de reparación, desviando o tráfico por un vial provisional urxente. O custo da actuación alcanzou os 2,6 millóns de euros e xerou importantes trastornos na mobilidade da comarca, dificultando os desprazamentos da veciñanza e o acceso a servizos esenciais como o Hospital Público da Mariña, provocando preocupación e malestar entre a poboación.

O voceiro do BNG en Foz, Francisco Xavier Fanego, destacou que, tras aquel episodio e nun contexto de



fortes precipitacións, estas infraestruturas deben someterse a control exhaustivo e limpeza periódica, para evitar que a falta de previsión derive en novos problemas de gran magnitude. O grupo municipal insta ás administracións competentes a revisar con urxencia o estado do colector e executar as medidas necesarias que garantan o correcto funcionamento da drenaxe. Subliñan que a prevención e o mantemento continuo son fundamentais para protexer a estrada e asegurar unha circulación fluída e segura nunha vía clave para a comarca.

Destinan case 400.000 euros na mellora da rede de camiños

O Concello de Foz vén de aprobar un investimento próximo aos 400.000 euros destinado á mellora da rede de camiños municipais en todas as parroquias do termo municipal. As actuacións financiaranse a través do Plan Deputación 2026, do Plan Camiña Rural 2026-2027 e con achegas da Deputación de Lugo, da Xunta de Galicia, do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación e da Unión Europea. O alcalde, Fran Cajoto, destacou que máis de 3.600 veciños viven nas parroquias do municipio, que supera os 100 quilómetros cadrados, polo que resulta esencial garantir boas condicións de mobilidade nos viarios de uso diario. As obras distribuiranse por diferentes zonas. En Cangas aplicaranse melloras con aglomerado en quente, mentres que en Vilaronte se actuarán en camiños de Mañente, Xinzo e arredores da Cerdeiriña,



Vigo e Pereiros. En San Martiño renovaranse accesos en Mourente, Ferreiravella, Caritel, Vilacendo e Forxán. Tamén se intervirá en Santo Acisclo, Santa Cilla, Vilatuixe, Fazouro, Nois, Cordido e no núcleo urbano de Foz, con actuacións en Mansín, Vilaxoane e Marzán. O goberno local asegura que estas melloras forman parte dun plan de moderniza-

ción das infraestruturas municipais. Paralelamente, continúan as obras na rúa Alfredo Brañas, onde se está a renovar a rede de abastecemento de auga mediante a substitución da antiga canalización por unha nova condución de polietileno, máis resistente e duradeira, para reducir avarías e mellorar o servizo á veciñanza.

Nace o Club347, un grupo de running gratuíto

Unha nova proposta deportiva e social bota a andar en Foz da man de Michael Wilson. Trátase do Club347, un grupo de *running* aberto e gratuíto que se reunirá os luns, mércores e venres ás 7.00 horas diante do Concello co obxectivo de fomentar hábitos saudables e fortalecer os lazos entre veciños.

A fórmula é sinxela e accesible: percorrer catro quilómetros a un ritmo adaptado aos distintos niveis, sen carácter competitivo nin esixencias de inscrición. A iniciativa está pensada para todas aquelas persoas que desexen iniciar a xornada con enerxía, compartindo actividade física nun ambiente distendido e inclusivo.

Wilson explica que a idea nace da convicción de que pequenas rutinas constantes poden xerar grandes cambios. “Non se trata só de correr, senón

de crear comunidade e coidar tanto o corpo como a mente”, sinala. Nun contexto no que o benestar físico e emocional cobra cada vez máis relevancia, propostas como esta pretenden converter o exercicio nun punto de encontro e nunha ferramenta para mellorar o estado de ánimo.

O Club347 non busca marcas nin clasificacións, senón constancia e compañeirismo. A participación é libre e non require experiencia previa, polo que tanto persoas iniciadas como quen queira dar os seus primeiros pasos no *running* teñen cabida nesta convocatoria matinal.

Se a acollida é positiva, os impulsores non descartan que o modelo poida estenderse a outras localidades, converténdose nun exemplo sinxelo e replicable de dinamización saudable a nivel comunitario.

A UNED impulsa unha programación centrada na saúde e a creatividade

A UNED de Foz presentou a súa programación formativa de marzo, unha oferta aberta ao público que combina formación, saúde, benestar e actividades de lecer con carácter divulgativo. O programa inclúe catro cursos presenciais, unha actividade ao aire libre e un obradoiro para crianzas. Entre as propostas destaca “Planificación nutricional para persoas con pouco tempo”, impartido pola dietista Saray Río, cunha duración

de 10 horas e orientado a mellorar a organización dos hábitos alimentarios. No eido educativo desenvolverase “Acompañando a dislexia”, dirixido pola psicóloga Alicia Lage, para ofrecer ferramentas de apoio a familias e docentes, con participación online do equipo de Change Dyslexia. Tamén se ofrecerá un curso de primeiros auxilios e uso do DEA en adultos, impartido por Camilo José Vázquez, e outra for-

mación sobre deseño dixital con Silhouette e Canva, a cargo de Carmen Mira. Ademais, o 23 de marzo realizarase unha ruta interpretativa sobre as cancións de amor das aves e o día 31 un obradoiro de manualidades de Semana Santa en inglés para nenos de 5 a 9 anos. O prazo de matrícula está aberto ata o 11 de marzo, podendo realizarse a inscrición nas canles da UNED ou na propia aula.

CAMPIONATO DE BARISTAS E CATA DE CAFÉS



O IES de Foz acolleu o XVIII Campionato Internacional de Baristas e o XIII de Cata, con 26 centros de España, Portugal e Italia. Mohamed Chairi gañou como mellor barista e Giordana Portela impúxose en cata. O evento incluíu degustacións e recoñecementos institucionais.

¿Te interesa el mundo del cuidado personal y el bienestar?

nahrin
Productos naturales de calidad suiza desde 1954

¿TE GUSTARÍA DISTRIBUIR NUESTROS PRODUCTOS NATURALES PARA LA SALUD?

TE OFRECEMOS

- Flexibilidad laboral y emprendimiento desde casa.
- Formación continuada.
- Programa de incentivos y comisiones atractivas.



Polígono Industrial Cortaficio, Calle B, Nave 4A. 33740 Tapia de Casariego.
Tel.: 619 173 496 - www.nahrin.es



RESTAURANTE
A FAROLA

A FAROLA GALASTUR

Tu lugar de tapeo en Foz

Cocina tradicional gallega y asturiana



C/ MARIÑEIRO CHILA 27, BAJO • 27780 FOZ, LUGO • 982 684 106



A banda de música O Landro presenta a súa tempada 2026

A Banda de Música O Landro presentou a súa programación 2026, unha tempada que se desenvolverá baixo o título “Camiños sonoros”, combinando concertos temáticos, participación en celebracións tradicionais e actividades educativas. O calendario comezará en marzo co concerto Éxodo, incluído no programa cultural ADRAL, marcando o inicio do novo curso artístico da formación. A banda manterá unha forte presenza nas tradicións locais, participando nos actos da Semana Santa de Viveiro en abril e no acompañamento musical do Corpus Christi. Entre maio e xuño será o ciclo Matinais no Templete, concertos ao aire libre para chegar a música aos espazos públicos. No verán organizaranse obradoiros de construción de instrumentos e un concerto nas festas patronais de agosto na Praza Maior de Viveiro. O programa continuará en novembro co concerto de Santa Icí Os Soños na Gaiola e rematará en decembro co tradicional concerto de Nadal. As datas concretas anunciaranse progresivamente.

O Domingo das Tortillas regresa con percorrido cultural

O Seminario de Estudos Terra de Viveiro organiza o vindeiro 22 de marzo de 2026 unha nova edición do “Domingo das Tortillas”, unha proposta que combina natureza, patrimonio e gastronomía nunha xornada de convivencia. A actividade comezará ás 11:00 horas coa saída desde a Estación de Autobuses. O percorrido incluírá visitas a diversos espazos de valor histórico e cultural da comarca, entre eles as igrexas de Riobarba, San Pantaleón de Cabanas e San Miguel das Negradas, ademais dunha parada no refuxio do Muíño da Furada, destacando o patrimonio paisaxístico da zona. Tras a ruta cultural, os participantes xantarán no Restaurante Louzao, onde se servirá un menú centrado na tortilla acompañado doutros pratos e sobremesa, fomentando un espazo de encontro social arredor da mesa. O prezo da inscrición é de 40 euros para socios e 45 euros para o público xeral, podendo adquirir as entradas en Aquilino MAPFRE. Desde a organización invitan a participar nesta actividade que cada ano reúne historia, paisaxe e tradición gastronómica.

Deputación e Concello avanza en melloras de mobilidade e servizos

A Deputación de Lugo avanzará en novas actuacións de mellora para Viveiro tras a reunión de traballo mantida entre a presidenta provincial, Carmela López, e a alcaldesa viveirense, Mariña Gueimunde. O encontro permitiu analizar distintas liñas de colaboración orientadas ao reforzo dos servizos básicos, á mellora da mobilidade e ao impulso de proxectos estratéxicos para o municipio. Entre as prioridades destaca o estudo da instalación de reducidos de velocidade en zonas sensibles como Viero e Galdo, co obxectivo de aumentar a seguridade peonil e reducir riscos viarios. Tamén se valorará a mellora das redes municipais de abastecemento e saneamento mediante unha intervención estrutural que permita solucionar deficiencias de forma definitiva. No ámbito urbano, a Deputación analizará a creación de beirarrúas transitables no rural e nas parroquias, facilitando desprazamentos máis seguros. A cooperación institu-



cional estenderase ao eido económico e cultural, destacando a posible rehabilitación da Praza de Abastos de Viveiro como espazo para a dinamización comercial e a promoción dos produtos do mar e de proximidade. Paralelamente, o Concello presentou un proxecto dentro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026 para a renovación de pavimentos e servizos na zona de Covas, cun orzamento de 375.400,85 eu-

ros. A Deputación podería achegar 356.825,15 euros, mentres o resto será asumido polo Concello. As actuacións inclúen a reposición de pavimentos en varias rúas, a renovación de redes de pluviais, saneamento e abastecemento e a instalación de sinalización horizontal para mellorar a seguridade viaria. Ademais, solicítanse fondos para a administración electrónica e para o Servizo de Axuda no Fogar, co fin de garantir a atención ás persoas dependentes.

Aberta a convocatoria do VIII Premio de Novela Vilar Ponte

O Concello de Viveiro convocou unha nova edición do Premio de Novela Vilar Ponte, que chega á súa oitava convocatoria e se consolida como un dos certames literarios máis relevantes da creación en galego. O concurso está aberto a autoras e autores que presenten novelas orixinais e inéditas escritas integramente en lingua galega, sen restricións temáticas nin de extensión, co fin de fomentar a diversidade narrativa e a creatividade. Nesta edición, o primeiro premio está dotado con 4.000 euros e o segundo con 1.000 euros, repartindo un total de 5.000 euros en galardóns. O prazo de presentación de traballos permanecerá aberto ata o 30 de xuño, e as bases completas poden consultarse na web municipal. Con esta iniciativa, o Concello reafirma o seu compromiso coa promoción da cultura e da literatura galega, mantendo vivo o legado intelectual vinculado ao nome de Vilar Ponte e apoiando o talento creativo.

Goberno local e Portos de Galicia reforzan a regulación do tráfico no Porto de Celeiro



O Goberno local e Portos de Galicia asinaron un convenio para regular o tráfico na rúa do Porto, situada dentro do dominio público portuario do Porto de Celeiro. O acordo busca compatibilizar a circulación de vehículos, o estacionamento e a actividade económica que se desenvolve nesta zona, caracterizada pola intensa presenza profesional e comercial. Segundo o documento, o Concello asumirá, a través da Policía Local e respectando as competencias portuarias, tarefas de control do tráfico terrestre, regulación do aparcamento e aplicación de sancións en materia de circulación. Tamén poderá actuar o servizo municipal de

retirada de vehículos cando sexa necesario para mellorar a seguridade viaria. Estas funcións realizaranse de forma permanente durante as 24 horas do día mentres o convenio estea vixente, co obxectivo de favorecer a convivencia entre traballadores do porto, residentes e usuarios. Ademais, crearase unha comisión mixta de seguimento que avaliará a execución do acordo e propoñerá melloras. O convenio terá unha duración inicial de quince anos, con posibilidade de prórroga ou extinción mediante pacto entre as partes, garantindo transparencia e publicidade na súa aplicación.

O xornalista viveirense Anxo Rodríguez será o pregoeiro da Semana Santa 2026

A Casa do Concello de Viveiro foi escenario da presentación do cartel e da programación da Semana Santa, nun acto con presenza da Xunta de Confrarías e de autoridades provinciais e autonómicas. A celebración, declarada de Interese Turístico Internacional, está considerada unha das máis antigas e singulares de Galicia polo seu valor histórico e artístico. A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, confirmou unha achega de 30.000 euros para apoiar a organización desta edición e salientou o impacto económico que a Semana Santa xera en toda A Mariña. Destacou a súa repercusión na hostalaría, no comercio e no transporte, e afirmou que “defender a Semana Santa de Viveiro é defender patrimonio, identidade e tamén oportunidades para a comarca”. Tamén puxo en valor o papel das confrarías como custodias da tradición e do patrimonio relixioso, recoñecendo o seu labor na conservación dos pasos e na organización das procesións. Subliñou que a programación



prevista demostra que esta celebración continúa a ser unha importante dinamizadora social e cultural. Entre os actos principais figura o concerto de Carlos Núñez o 7 de marzo na igrexa de San Francisco e o pregón do xornalista Anxo Rodríguez o día 28 no Teatro Pastor Díaz. Ademais, saíran en procesión pasos emblemáticos como o da Última Cea, o do Encontro, o Vía Crucis ou a Soidade.

Un ano da moción que marcou Viveiro

O PP defende orde e planificación tras acceder á Alcaldía, mentres PSOE e BNG falan de continuidade, retrocesos e falta de proxectos

Hai case un ano, Mariña Gueimunde asumiu a Alcaldía de Viveiro tras a moción de censura que PP e Por Viveiro levaron adiante. A alcaldesa, nun balance do seu primeiro ano de goberno, asegura que “foi un ano intenso, centrado en poñer orde, en revisar expedientes, en desbloquear trámites administrativos e en garantir que cada proxecto conte coa seguridade xurídica e económica necesaria”. Para ela, gobernar tamén significa “dedicar horas e esforzo a unha xestión rigorosa que permita que as cousas saian ben e teñan continuidade no tempo”.

Bernardo Fraga, portavoz de Por Viveiro, lembra que o apoio do seu grupo foi decisivo para a moción e considera que aquel cambio era necesario porque “a situación na que estaba Viveiro de parálise e de falta de liderado era moi grande”. Engade que as expectativas de Por Viveiro eran que se cumprisen os acordos asinados co PP, entre eles a elaboración do PXOM ou o impulso da variante: “Polo momento estase a traballar na boa liña, aínda que os procesos son lentos”.

Porén, María Loureiro, ex alcaldesa do PSOE, sostén que “este ano foi máis de continuidade do traballo xa iniciado que de proxectos propios”, e que “hai moitas fotos e anuncios, pero poucos avances estruturais novos para Viveiro”. Iria Coteló, do BNG, advirte que “pasouse dun modelo con planificación e rumbo a unha etapa sen estratexia municipal definida”, e engade que “o goberno está máis centrado en propaganda institucional e en promover á alcaldesa que nun proxecto de transformación real para Viveiro”.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS. Gueimunde destaca que unha das súas prioridades foi “manter e reforzar os servizos municipais” e subliña que “esa estabilidade é fundamental para que o Concello avance”. Entre os proxectos que cita, aparece a variante leste, que segundo a alcaldesa “aliviará o tráfico no núcleo urbano e mellorará a calidade de vida da



veciñanza”, e a transformación da fachada marítima, que queren converter en “un espazo de encontro, de actividade económica e de atractivo turístico”.

Fraga coincide en que hai avances positivos: “Na xestión do día a día municipal notamos cambios, sobre todo nos orzamentos que agora se presentan en tempo e forma, algo que era un raro aviso no Goberno socialista”. Mais Loureiro critica a renuncia á vía de alta capacidade, que “tal como estaba planificada, é un incumprimento evidente”, e Coteló engade que “as comunicacións non poden decidirse con titulares; Viveiro precisa un goberno que mire máis aló dos actos simbólicos”.

PXOM E PLANIFICACIÓN. A alcaldesa insiste en que “un dos piares fundamentais do noso mandato é a aprobación do PXOM. Viveiro necesita unha planificación moderna, realista e sostible que permita medrar con equilibrio e atraer investimento”. Fraga considera que “as expectativas de Por Viveiro están a cumprirse en boa medida, porque o PXOM está encamiñado e moitos proxectos están en proceso de desenvolvemento”, destacando a colaboración institucional como clave para que “os recursos se multipliquen e se poidan executar as actuacións necesarias”.

Porén, Coteló sinala que “moitas das iniciativas do actual goberno proceden do traballo previo do BNG e non hai folla de ruta propia nin planificación de medio e longo prazo”. Loureiro tamén critica que “quedaron interrompidos proxectos fundamentais, como o impulso definitivo do plan xeral e a modernización de servizos básicos, que xa estaban avanzados”.

PATRIMONIO E CULTURA. A rexedora local subliña que queren “recuperar e humanizar a fachada marítima e rehabilitar a Praza de Abastos, unha aposta clara polo comercio local e pola dinamización económica”. Engade que “queremos un Viveiro máis ordenado, máis eficiente e preparado para o futuro”.

Desde o PSOE, Loureiro critica que “a programación cultural perdeu ambición e planificación propia, quedando á espera do que organizan as asociacións ou doutros organismos”. Coteló engade que “moitas das actuacións que puxemos en marcha desde o BNG seguen executándose, e iso demostra que había planificación seria e unha folla de ruta clara, mais non hai iniciativas novas do actual goberno”. Fraga recoñece que “algúns proxectos culturais avanzan, pero é certo que o tempo administrativo impón ritmos lentos”.

XESTIÓN E RECURSOS. A represen-

tante do PP recoñece que “o máis difícil é priorizar, porque cada demanda dos veciños é real e leva anos agardando resposta”, e engade que “temos que ser equitativos e actuar con responsabilidade, tomando decisións co interese xeral por diante”. Fraga sinala que “cada decisión se toma con criterios claros e sempre buscando a colaboración institucional, porque só así se poden multiplicar oportunidades”. Mais Loureiro alerta que “moitos recursos estanse destinando a proxectos preparados polo goberno anterior, sen unha folla de ruta nova e ambiciosa”. Coteló coincide e engade que “hai falta de planificación e transparencia, só se cumpriron 2 dos 21 puntos do pacto da moción de censura, e iso evidencia o engano á veciñanza”.

SOCIEDADE E COOPERACIÓN. Desde o Goberno local insisten en que “é fundamental manter un ton de respecto institucional e cooperar coa Xunta, Deputación e outras administracións”. Fraga engade que “a relación co goberno municipal é cordial, fluída e constante, e temos un acordo para participar nas decisións e facer seguimento dos proxectos”. Porén, Coteló critica que “o PP non escoita á veciñanza; exemplos claros foron a negativa de apoio ás mobilizacións pola sanidade e a falta de diálogo coa hostalería e clubs

deportivos”. Loureiro lembra que “a moción xerou desconcerto e desconfianza, e algúns proxectos clave quedaron interrompidos, como a vía de alta capacidade e certas liñas culturais”.

RETOS. Mariña Gueimunde considera que “cada proxecto require meses de tramitación e planificación, e asumimos o risco e a responsabilidade de arrincar desde cero para construír con rigor un futuro para Viveiro”. Fraga engade que “o Goberno está a avanzar na execución de proxectos, aínda que hai que ser pacientes e esperar que as promesas se materialicen”. Coteló recalca que “o actual goberno traballa máis en imaxe que en proxecto”, mentres Loureiro considera que “a falta de proxecto propio do Executivo evidencia que Viveiro camiña a ritmo lento e sen impulso novo, e que o PSOE segue sendo a alternativa coa folla de ruta máis clara”.

FUTURO. A alcaldesa asegura que “o noso obxectivo é sentar bases sólidas para que Viveiro medre de forma ordenada, eficiente e sostible”, e subliña que cada proxecto require planificación e tramitación rigorosa. Fraga considera que “a colaboración co PP e a xestión dos proxectos en marcha permiten avances, aínda que o ritmo é máis lento do desexable”. Desde a oposición, Coteló insiste en que “o actual goberno carece de proxecto propio e traballa máis en imaxe que en transformación real para a cidade”, mentres Loureiro engade que “moitas promesas seguen no papel e algúns proxectos fundamentais quedaron interrompidos, deixando pendente o futuro”. En definitiva, Viveiro continúa nunha etapa de transición: con proxectos iniciados e avances administrativos, pero tamén con atrasos e expectativas sen cumprir. E queda un ano para as seguintes eleccións, no que serán os veciños e veciñas quen decidan se este primeiro ano de xestión e planificación é suficiente ou se reclaman un cambio de rumbo.

APERTURA DE POSTOS DE 10:00 A 19:00 h

- Postos de artesanía, produtos agroalimentarios, antigüedades etc
- Demostración de oficios tradicionais como zoqueiro, fiado...
- Charangas e música pola rúa
- Servizo de polbería
- Desfile de zocas e vestimenta
- Actividades para os nenos e para a familia: Xogos tradicionais, teatro...

CONVÍDASE A XENTE A IR COA VESTIMENTA TRADICIONAL!!

Mercedo de Primavera
O Valadouro
28
marzo
2026

O talento burelés brilla nas candidaturas aos Premios Mestre Mateo



O talento creativo que nace en Burela volve situarse no primeiro plano do audiovisual galego coa presenza de varios creadores da vila entre os candidatos aos Premios Mestre Mateo. O Concello quixo trasladar publicamente a súa felicitación ás persoas nominadas, subliñando que estas candidaturas son unha mostra clara da forza cultural e artística que emerxe desde o municipio.

Entre as propostas destacadas atópase a de Nuno Pico, integrante do grupo Grande Amore, que opta ao premio na categoría de Mellor Videoclip pola peza audiovisual da canción Ontes fun moi malo. O traballo, dirixido por Xaime Miranda e publicado a través do selo Ernie Records, sitúase como unha das creacións máis recoñecidas desta edición.

A representación burelesa complétase coa candidatura de Breixo Llano a Mellor Realización polo seu labor en Cos Pés na Terra, así como coa de Manolo Maseda, que aspira ao galardón de Mellor Documental

como director de Ao son da nova regueifa, un proxecto que reivindica a tradición oral desde unha óptica contemporánea.

Tamén destacan Santi Jul e Iván Laxe, ambos de Burela, nominados á Mellor Música Orixinal por Bibopalula, unha serie de animación infantil que, ademais, compite na categoría de Mellor Serie de Televisión. Desde o Concello salientan que esta presenza continuada de creadores locais nas candidaturas consolida a Burela como un referente de creatividade e innovación cultural.

O goberno municipal puxo o acento no valor que estes recoñecementos teñen para a proxección da cultura galega e para o orgullo colectivo da veciñanza, ao tempo que reafirmou o seu compromiso co apoio ás iniciativas culturais. Nesa liña, avanzou que Burela acollerá proximamente a proxección do documental Ao son da nova regueifa e a representación da obra teatral Territorio Regueifa no Auditorio Municipal o vindeiro 23 de maio.

A toupiña máis divertida chega ao Auditorio Municipal

Burela acollerá o vindeiro 25 de abril unha nova proposta cultural dirixida ao público familiar coa representación da coñecida obra A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza. O espectáculo terá lugar no Auditorio Municipal a partir das 18.00 horas e está pensado para facer gozar tanto a nenos e nenas como a persoas adultas.

A historia da simpática toupiña chega á Mariña lucense convertida nunha experiencia teatral chea de humor, emoción e complicidade co público. A posta en escena combina tenrura e diversión nun formato dinámico que busca achegar o teatro aos máis pequenos da casa, sen esquecer o entretemento das familias ao completo.

Desde a organización destacan o carácter accesible e participativo da



función, que se presenta como unha oportunidade ideal para compartir cultura en familia e fomentar o gusto polo teatro desde idades temperás. As entradas para o espectáculo xa están dispoñibles e poden adquirirse a través da plataforma ataquilla.com. A cita promete ser unha tarde diferente, marcada polas risas e pola maxia do teatro infantil.

A ANPA do CEIP Vista Alegre foi destacada pola súa implicación

A ANPA do CEIP Vista Alegre de Burela consolidouse como un exemplo de implicación educativa e social grazas ao seu traballo continuado na promoción da igualdade e na prevención da violencia de xénero desde idades temperás. Así o puxo de manifesto a directora xeral de Promoción da Igualdade, María Quintiana.

A traxectoria da ANPA do CEIP Vista Alegre foi salientada como un modelo a seguir. No ano 2025 recibiu unha achega próxima aos 3.000 euros con cargo a estes fondos, grazas á cal desenvolveu o Programa Lúcido 2 en Igualdade. Este proxecto coeducativo estivo dirixido a familias e a nenas e nenos de entre 3 e 12 anos, implicando a 220 familias e a 293 rapazas e rapaces. Ao longo de trinta sesións, estruturadas en catro bloques de actividades, traballáronse os estereotipos de xénero e as distintas manifestacións da violencia presentes na sociedade,



promovendo ferramentas para identificalas e fomentando relacións saudables, respectuosas e igualitarias desde a infancia. A directora xeral felicitou expresamente á ANPA polo “excelente traballo realizado” e polo impacto positivo das súas iniciativas tanto no alumnado como no conxunto das familias.

Durante a visita tamén se lembrou que a ludoteca do centro está financiada a través doutra

liña de apoio da Xunta, neste caso con fondos do Plan Corresponsables, cofinanciados polo Ministerio de Igualdade e o Goberno galego, que permitiron destinar en 2025 preto de 13.000 euros a este servizo. Un recurso que reforza a conciliación e evidencia, unha vez máis, o compromiso da ANPA do CEIP Vista Alegre cunha educación integral baseada na igualdade e na corresponsabilidade.

Burela impulsa novos cursos gratuítos de formación dixital para a veciñanza

As áreas de Servizos Sociais e Inmigración, anunciaron unha nova edición dos cursos gratuítos de formación dixital “Yo conecto”, destinados a mellorar as competencias tecnolóxicas da veciñanza. As accións impartiranse na Aula CeMIT do Centro de Formación Ocupacional.

As sesións desenvolveranse de luns a xoves, de 17:00 a 20:00 horas, facilitando a asistencia de persoas con diferentes responsabilidades persoais ou laborais.

Os dous primeiros cursos, ‘Iniciación ao mundo dixital’ e ‘A túa banca dixital. Compras seguras en liña’, xa comezaron. Do 9 ao 12 de marzo impartirase ‘Ocio dixital: apps para disfrutar’, e do 16 ao 19 pecharase o ciclo co curso ‘Crea contido coa Intelixencia Artificial’, centrado en ferramentas dixitais baseadas en IA. O primeiro tenente de alcaldesa, Mario Pillado, subliñou que a iniciativa busca “dotar á cidadanía de ferramentas prácticas para adaptarse á realidade dixital e reducir a fenda tecnolóxica”. A formación é presencial, gratuíta e aberta a todos os niveis. Para inscribirse ou solicitar información, chamar ao 982 586 000 ou escribir a burela@burela.org.

Avanzan na mellora dos recursos para a atención á discapacidade da vila



O Concello participou nunha reunión de traballo centrada en fortalecer e consolidar recursos destinados á atención de persoas con discapacidade no municipio. Ao encontro asistiron a concelleira de Servizos Sociais, Sandra Fernández, a directora da Fundación Eu Son, Noelia Eijo, e a directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón Fernández.

Durante a sesión analizaron o estado de proxectos estratéxicos, como o avance da futura residencia promovida pola Fundación Eu Son e o desenvolvemento da Unidade de Atención Temperá. Estas iniciativas buscan ofrecer unha atención integral, favorecer a inclusión social e mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias.

A alcaldesa destacou a importancia da coordinación entre administracións e entidades sociais e anunciou que está prevista unha próxima reunión coa concelleira de Política Social para abordar de forma global os recursos dispoñibles e detectar novas necesidades vinculadas á discapacidade e á Atención Temperá.

Sandra Fernández subliñou o compromiso do Concello co sector, asegurando que se continúa traballando na creación de novos recursos e na adaptación dos existentes ás necesidades reais das persoas con discapacidade e dos seus familiares. Estas accións reforzan a aposta municipal por unha atención social máis eficaz, inclusiva e centrada na comunidade.

Arcadio Pardiñas prepárase para ser máis amable e accesible

Burela afrontará a mellora dun dos espazos máis transitados do municipio coa reforma dun treito da avenida Arcadio Pardiñas, concretamente o comprendido entre a Rúa das Flores e a rúa Celso Emilio Ferreiro. A intervención, que se presentará ao Plan Deputación 2026, conta cun orzamento próximo aos 234.000 euros e actuará sobre unha superficie de 1.315 metros cadrados.

O proxecto céntrase na renovación das beirarrúas e na optimización da accesibilidade nos cruzamentos peonís, co obxectivo de ofrecer un espazo máis cómodo e seguro para a veciñanza. Na zona existen cinco pasos de peóns —tres deles regulados por semáforos— nos que se ampliarán ou executarán novas “orellas” laterais e se incorporará pavimento podotáctil para facilitar o tránsito de persoas con mobilidade reducida ou diversidade funcional.

Nos dous pasos situados nas inmediacións da Rúa das Flores, prevese prolongar as plataformas laterais para evitar que os viandantes teñan que agardar sobre o asfalto. Ademais, no cruzamento desta rúa realizaranse varias modificacións técnicas: desprazarase lixeiramente o paso cara á avenida para situalo na zona de menor pendente, reformaranse as “orellas” —ampliando a do lado oeste ata a liña de estacionamento— e melloraranse as pendentes no lado leste. Tamén se elevará suavemente a zona de rodaxe para igualala coa beirarrúa na lonxitude do paso de peóns.

Actuarase igualmente no cruce coa rúa Celso Emilio Ferreiro, onde o actual estado dificulta o paso de cadeiras de rodas. Neste punto crearase unha nova configuración



con plataformas laterais a ambos lados e unha elevación da calzada no tramo peonil, garantindo unha transición máis accesible.

A alcaldesa, Carmela López, subliñou que “Arcadio Pardiñas non é unha rúa máis; é a nosa xeral, o lugar onde se pasea, onde se compra e onde se entra e sae de Burela”. A rexedora destacou que a actuación non supón “un simple lavado de cara”, senón unha transformación profunda na maneira de vivir o espazo público.

Desde o goberno local incídese en que a mellora reforzará o papel comercial da avenida, converténdoa nun entorno máis amable que convida a pasear, permanecer e consumir. “É a nova carta de presentación da vila: unha imaxe de modernidade, orde e ambición”, conclúe a alcaldesa.

PUNTO LIMPO. Tamén desde o Concello continuase avanzando na modernización do punto limpo municipal mediante unha serie de melloras destinadas a optimizar a xestión de residuos, aumentar o control na entrada e saída e garantir unhas instalacións máis seguras

e eficientes. Estas actuacións forman parte dunha estratexia local para fortalecer os servizos públicos e promover unha recollida selectiva máis responsable.

Entre as melloras destaca a instalación dunha báscula que permitirá pesar con precisión os residuos que entran e saen, facilitando un control máis rigoroso e a obtención de datos fiables sobre a xestión diaria.

Ademais, reforzouse a seguridade mediante a mellora do peche perimetral e a instalación dun sistema de videovixilancia con catro cámaras, co fin de previr actos vandálicos e o abandono indevido de residuos.

Segundo sinalou o concelleiro de Obras, Ramiro Fernández, estas intervencións responden á necesidade de garantir un funcionamento correcto e controlar o uso das instalacións, reducindo comportamentos incívicos. O investimento total ascende a 68.748,21 euros, e as obras están practicamente rematadas, evidenciando o compromiso do Concello cun servizo público esencial e unha xestión eficiente dos residuos.

Nova edición das clases de bailes de salón para a veciñanza

Burela volverá encherse de ritmo coa posta en marcha dunha nova edición das clases de bailes de salón, unha proposta aberta á veciñanza que se desenvolverá todos os domingos entre as 19:00 e as 20:30 horas.

A concelleira de Servizos Sociais, Sandra Fernández, explicou que esta actividade nace coa finalidade de “promover a actividade física, o lecer saudable e a participación social a través do baile”, convertendo cada sesión nun punto de encontro para compartir, aprender e divertirse.

Desde o Goberno local destacan que o obxectivo vai máis alá do exercicio físico. Con esta iniciativa preténdese fortalecer os vínculos

entre veciñas e veciños, crear espazos de relación interxeracional e fomentar hábitos de vida activos nun ambiente distendido e participativo. O baile, subliñan, é unha ferramenta que combina saúde, cultura e convivencia.

As persoas interesadas en formar parte desta actividade poden formalizar a súa inscrición ou solicitar máis información na Casa do Concello. As prazas son limitadas e asignaranse por orde de inscrición. Esta proposta enmárcase na estratexia municipal orientada a ampliar a oferta de lecer activo e a dinamizar a vida social do municipio, ofrecendo alternativas accesibles e atractivas para a cidadanía.

Reflexión e lecer, eixo do novo encontro do Grupo de Participación Adolescente

O Grupo de Participación Adolescente (GPA) de Burela continúa fortalecendo o seu papel como espazo de aprendizaxe e convivencia. Recentemente, os mozos e mozas celebraron unha nova xuntanza na que se incorporaron dous novos integrantes, e na que combinaron reflexión sobre o seu entorno con actividades de ocio, consolidando a dinámica do colectivo. Entre os temas tratados destacou o estudo do sector pesqueiro e a súa relación coa identidade da vila mariñeira, así como o inicio da creación dunha identidade propia, que inclúe a procura dun nome e dunha posible icona representativa do grupo.

Paralelamente, a Casa da Xuven-

tude ofrece novas alternativas lúdicas, como unha mesa de billar gratuíta dispoñible para a mocidade de luns a venres pola mañá e de luns a xoves pola tarde. Os participantes aproveitaron tamén estas instalacións para xogos de ping pong e outras actividades de lecer, fomentando a convivencia e os vínculos entre membros.

O primeiro tenente de alcaldesa, Mario Pillado, valorou positivamente estas iniciativas, sinalando que “o GPA convértese nun espazo real de escoita e aprendizaxe compartida” e que a combinación de reflexión, participación e ocio contribúe a crear unha comunidade máis implicada e activa desde idades temperás.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

Ribadeo acollerá o Camiño Norte Fest, unha noite de música e espectáculo

Ribadeo prepárase para unha das súas citas musicais máis esperadas do ano: o Camiño Norte Fest, organizado pola Comisión de Festas e programado para o xoves 2 de abril. A organización anima á veciñanza e ao público da contorna a reservar a data para unha noite que cualifican como “única”, cun formato renovado e un espectáculo pensado para todos os públicos.

No escenario actuarán Orquesta Panorama, dentro da súa nova xira, considerada un dos *shows* máis destacados do panorama musical galego, e o DJ Alejandro Martínez, que estreará o seu novo escenario, unha das novidades desta edición. A xornada pecharase coa sesión de DJ Litainer, encargada de manter a diversión e o ambiente ata o final da noite.

Desde a Comisión de Festas subliñan que o obxectivo é ofrecer unha velada para compartir e gozar en comunidade, combinando música, ritmo e entretemento para todas as idades.

O Concello ribadense renova a rúa Buenos Aires e estradas da costa

O Concello de Ribadeo afronta nos vindeiros meses un ambicioso programa de renovación e mellora das infraestruturas viarias do municipio, cun investimento global que supera o millón de euros, financiado pola Xunta de Galicia e pola Deputación de Lugo. As actuacións abranguen tanto o núcleo urbano como as parroquias e zonas costeiras, co obxectivo de garantir vías máis seguras, funcionais e accesibles para a veciñanza e visitantes.

Unha das intervencións principais terá lugar na rúa Buenos Aires, cun investimento de 450.000 euros integramente financiado pola Xunta. A obra inclúe a renovación de pavimento e beirarrúas, así como a instalación de redes de saneamento e abastecemento de auga, inexistentes ata agora. O alcalde, Dani Vega, advertiu que as obras poderían xerar molestias temporais, pero subliñou que se trata dunha mellora esencial para a calidade urbana e os servizos básicos da zona.

Paralelamente, o Concello executa-



rá melloras en varias parroquias do rural —Devesa, Vilaframil, Piñeira, Ove e Couxela— cun investimento de 372.000 euros procedentes do Plan Único da Deputación. As actuacións inclúen ampliación do ancho das vías, renovación de firmes, instalación de canalizacións de pluviais, estabilización de marxes e renovación de redes de auga, priorizando as necesidades detectadas en diálogo con asociacións veciñais.

Ademais, continúan as obras na estrada da costa, entre Rinlo e A Devesa, cun investimento de 370.000 euros. Esta intervención completa

a renovación progresiva da vía desde Vilaselán, mellorando conexións entre parroquias e co municipio de Barreiros, ademais de reforzar a variante de Rinlo e accesos ao porto, favorecendo a mobilidade e a actividade turística.

O alcalde Dani Vega resaltou que estas actuacións evidencian a colaboración entre administracións e empresas locais, destacando que “o obxectivo é contar con vías modernas, seguras e preparadas para o futuro, garantindo servizos básicos e reforzando a actividade económica e turística de Ribadeo”.

Vendaval Fest 2026 xa anuncia os seus primeiros protagonistas

A vila volverá encherse de música este verán co Vendaval Fest 2026, que se celebrará os días 24 e 25 de xullo. A organización anunciou recentemente as primeiras bandas confirmadas, prometendo dúas xornadas de boa música, ambiente festivo e moitas novidades para os asistentes.

Entre os nomes que encabezan o cartel destacan The Real McKenzies, coñecidos pola súa mestura de punk e folk escocés; Dakidarría, banda galega con forza e compromiso social; e Benito Kamelas, que traerá o seu son característico cargado de enerxía e irreverencia. Completan a lista inicial The Lizards, Hermana Furia e Ochobre, xunto co gañador do concurso de bandas, que engadirá unha sorpresa á programación. Os organizadores avanza que estas confirmacións son só o inicio, e que durante as próximas semanas se desvelarán máis propostas musicais e actividades que completarán a cuarta edición do festival.

Novo escenario de diálogo entre Ribadeo e a Deputación tras anos de longa espera



O alcalde de Ribadeo, Dani Vega, cualificou de “positiva” a reunión mantida coa presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, destacando o ton institucional e a disposición ao diálogo da responsable provincial. Durante o encontro, o Concello trasladou varias demandas prioritarias, como a urxente mellora das estradas provinciais LU-5204, LU-5205 e LU-5201, especialmente nos tramos que conectan parroquias como Arante, A Devesa e Santalla. Vega reclamou actuacións no firme e tamén tarefas periódicas de conservación e limpeza. Outro dos asuntos centrais foi a

solicitude de apoio económico para dotar de equipamento ao Hospital Asilo e a firma dun convenio para acometer actuacións pendentes, como o arranxo do Camiño das Barreiras. Ademais, propuxo que a Deputación asuma o 50 % do investimento necesario para construír un novo campo de herba artificial, valorado en 550.000 euros, xa que supera a capacidade financeira do Concello.

O rexedor agradeceu o compromiso para a nova residencia, que será financiada integramente pola Deputación, e destacou o respecto institucional.

Queixas veciñais polo mal estado dun paso de peóns na rúa Carlos III

Veciños de Ribadeo veñen de denunciar distintas situacións que consideran problemáticas en varios puntos da vila e reclaman unha actuación por parte do Concello para garantir a seguridade e a correcta conservación dos espazos públicos.

Un dos puntos que xera maior malestar sitúase entre a rúa Carlos III e a rúa Rafael Fernández Cardoso, onde existe un paso de peóns que, segundo explican, non ten continuidade axeitada. Ao cruzar desde Carlos III, as persoas atópanse cunha esquina sen asfaltar que obriga a atravesar un tramo de terra que, nos días de chuva, se converte nun lodazal. Esta circunstancia dificulta o tránsito e, en moitas ocasións, obriga a buscar rodeos ou a cruzar con coidado extremo para evitar esvaróns e sucidade.

A situación resulta especialmente preocupante por tratarse dunha zona moi transitada, nas inmediacións do colexio Sagrado Corazón de Xesús e dos cines da localidade. Nenos e nenas, persoas maiores e familias utilizan a diario este itinerario, que consideran incompleto



e pouco seguro, sobre todo nesta época do ano marcada polas precipitacións frecuentes. Os afectados preguntáanse cando está previsto asfaltar esa pequena esquina e completar o percorrido peonil.

As críticas esténdense tamén á contorna da Fonte de Guimarán, ao inicio da estrada cara ao faro. Segundo indican, hai meses caeu o antigo muro e as pedras retiradas non foron recolocadas para restauralo como estaba, o que, ao seu xuízo, favoreceu novos desprendementos de terra. Consideran que esta falta de intervención supón un descoido do patrimonio histórico e paisaxístico.

Ademais, alertan da ausencia de iluminación nas escaleiras que conducen á Atalaya e dun farol mal instalado na rúa Doutor Morera, que podería representar un risco en caso de vento forte.

Por outra banda, a Plataforma pola Defensa das Nosas Árbores advertiu do perigo detectado no quiosco da música, onde unha portela aberta deixa ao descuberto parte da instalación eléctrica. A entidade asegura que, tras comunicar os feitos á Policía Local, a trampilla segue sen peche seguro, o que incrementa o risco, especialmente en días de chuva e humidade.

O BNG alerta da deixadez do Goberno local en pistas e servizos

O BNG de Ribadeo volveu denunciar o mal estado de diversas infraestruturas municipais e reclamou actuacións urxentes para garantir a seguridade e a calidade dos servizos na vila. Entre os problemas máis destacados atópanse o deterioro das pistas da parroquia de Remourelle, o campo municipal Pepe Barrera e a xestión do servizo de recollida de lixo.

Segundo os nacionalistas, as pistas de Remourelle sofren un desgaste acelerado debido ao paso continuado de maquinaria e vehículos de gran tonelaxe, o que provocou fochancas profundas e tramos case intransitables. O concelleiro Marcos Villamil criticou que, malia que a situación fora advertida en maio de 2025, o goberno local non acometeu medidas de mantemento, evidenciando, segundo o edil, “unha clara deixadez que repercute directamente na veciñanza”.

O campo municipal Pepe Barrera tamén se atopa en condicións preocupantes, con un firme degradado por falta de coidados periódicos e especializados. Martín Graña recordou que, a pesar de contar con plans de mantemento nos anos anteriores, nos últimos mandatos reducíronse investimentos e elimináronse actuacións técnicas clave, afectando tanto á calidade deportiva como á



seguridade dos usuarios. Ademais, a construción dun novo campo de herba artificial, aprobada en pleno municipal, continúa sen executarse. En canto á xestión do servizo de recollida de lixo, o BNG sinala que o alugueiro do camión desde 2023 supuxo un gasto de arredor de 130.000 euros, cun custo mensual de 4.500 euros, unha cifra que podería investir na adquisición dun vehículo propio. Graña destacou que esta medida sería máis económica e sostible, garantindo un servizo máis eficiente e liberando recursos para outras necesidades municipais.

Os nacionalistas esixen ao goberno local medidas inmediatas para reparar pistas, recuperar o mantemento profesional do Pepe Barrera e iniciar a compra do camión de lixo, subliando que Ribadeo necesita “infraestruturas dignas, servizos eficientes e xestión responsable dos recursos públicos”.

Os nacionalistas esixen ao goberno local medidas inmediatas para reparar pistas, recuperar o mantemento profesional do Pepe Barrera e iniciar a compra do camión de lixo, subliando que Ribadeo necesita “infraestruturas dignas, servizos eficientes e xestión responsable dos recursos públicos”.

Os nacionalistas esixen ao goberno local medidas inmediatas para reparar pistas, recuperar o mantemento profesional do Pepe Barrera e iniciar a compra do camión de lixo, subliando que Ribadeo necesita “infraestruturas dignas, servizos eficientes e xestión responsable dos recursos públicos”.

Solicitada a renovación do peche e das zonas verdes da estación de autobuses



O Concello de Ribadeo solicitou á Xunta de Galicia mellorar o peche perimetral da estación de autobuses e recuperar as zonas verdes da contorna durante a visita da directora xeral de Mobilidade, acompañada polo alcalde, Dani Vega. Segundo Vega, as melloras realizadas nos últimos anos, como a actualización da sinalización e a incorporación de imaxes históricas da antiga Empresa Ribadeo, resultan insuficientes.

A principal demanda foi a renovación do peche exterior e a adecuada dos espazos verdes, zonas

próximas á beirarrúa en estado de abandono. O alcalde destacou que a reunión foi “moi produtiva” e avanzou que se comezará a avaliar orzamentos e definir tecnicamente as actuacións, incluso estudando melloras adicionais. Desde o goberno local valoran positivamente a disposición da directora xeral e resaltan que o obxectivo é seguir colaborando institucionalmente para planificar e executar actuacións que melloren a imaxe e funcionamento dunha infraestrutura clave para a mobilidade en Ribadeo.

Marzo acolle un ciclo de charlas sobre colesterol e hábitos saudables

A área de Benestar Social, Saúde e Familia de Ribadeo inicia en marzo unha nova edición das charlas sobre saúde cardiovascular, dentro do programa municipal Preto de ti, co obxectivo de promover a prevención e divulgar hábitos saudables entre a poboación. As sesións tituladas “Colesterol e Saúde Cardiovascular” impartiranse en varias escolas parroquiais para facilitar a participación veciñal.

O calendario inclúe encontros en

Vilaselán (10 de marzo, 18:00 h), Ribadeo (11 de marzo, 18:00 h), Cedofeita (12 de marzo, 16:15 h), A Devesa e Arante (17 de marzo en dous horarios), Cinxe (23 de marzo, 16:15 h) e Rinlo (24 de marzo, 16:15 h).

Durante as charlas abordarase a importancia dunha alimentación equilibrada, o control dos factores de risco e a realización de revisións médicas periódicas para detectar posibles patoloxías cardiovasculares. Tamén se ofe-

cerán recomendacións prácticas sobre selección de alimentos, estilos de vida saudables e prevención de riscos diarios.

A concelleira Elena Sierra destacou que a iniciativa busca achegar información útil para mellorar a calidade de vida, mentres que a enfermeira María Roel incidiu en transmitir datos claros e fiables. O Concello anima á veciñanza a participar nestes espazos comunitarios de aprendizaxe e intercambio.

Ribadeo suma 7,6 hectáreas para vivendas protexidas

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas publicou no DOG a delimitación dun novo ámbito en Ribadeo destinado ao desenvolvemento de solo residencial. Neste espazo poderán levantarse ata 300 vivendas, das cales o 80 % estarán suxeitas a algún réxime de protección.

A área aprobada corresponde ao sector SUD-R2 e abrangue unha superficie total de 7,6 hectáreas. O ámbito queda delimitado pola aveni-

da de Ribadeo e terreos urbanos ao norte; un viario municipal e parcelas ao sur; o camiño de Reverte a Vilar e solo urbano ao leste; e outro viario municipal con parcelas ao oeste.

Desde a Xunta sinalan que os límites establecidos poderán axustarse durante a redacción técnica do proxecto, se así o requiren cuestións urbanísticas ou técnicas. O seguinte trámite será a licitación do contrato para redactar o proxecto que definirá en detalle a ordenación.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

As Espalladoras manteñen viva a vida social das mulleres do rural

A asociación cervense combina tradición, formación e lecer para fortalecer a comunidade feminina das parroquias de San Román e Rúa

Por Ana Somoza.

A presidenta fala con serenidade, pero tamén con convicción. Raquel Ferreira Souto, tesoureira da Asociación de Mulleres Rurais As Espalladoras, debulla a traxectoria dun colectivo que naceu “entre San Román e Rúa, en Cervo”, coa intención de cambiar, pouco a pouco, a vida das mulleres do seu entorno. Faino en estilo pausado, explicando que detrás de cada actividade hai horas de traballo silencioso e unha filosofía clara: sumar, compartir e manter vivo o rural.

Segundo relata, a asociación xurdiu da necesidade de crear un espazo propio para as mulleres das parroquias. Non foi unha decisión improvisada, senón o resultado de moitas conversas previas. Tal e como recollen nos estatutos, lembra, “a asociación naceu para mellorar a vida das mulleres do rural”, e o seu principal obxectivo é “a defensa dos intereses sociais e culturais das asociadas, promover actividades para mellorar a súa vida, o medio ambiente, etc.”. Esa declaración de intencións segue vivente anos despois.

ORIXE. Ferreira Souto insiste en que o colectivo se fundou pensando nas necesidades reais das veciñas. Explica que moitas mulleres tiñan inxerencias culturais e sociais, pero non contaban con canles organizadas para desenvolverlas. A asociación converteuse así nun punto de encontro estable. Co paso do tempo, aquel grupo inicial medrou ata alcanzar as 80 mulleres que hoxe integran As Espalladoras. A cifra, segundo comenta, demostra que “hai interese e ganas de participar cando se ofrecen propostas atractivas”. A tesoureira sinala que a clave está na continuidade e na capacidade de adaptación. A entidade foi evolucionando sen perder a súa esencia: crear comunidade. “Intentamos que as nosas socias poidan ter as mesmas oportunidades que as mulleres que viven en pobos máis grandes”, asegura, subliñando que no rural tamén é posible acceder a formación, cultura e lecer de calidade.

DIRECTIVA. A organización interna é outro dos piares que sosteñen o funcionamento da asociación. Actualmente, a presidenta é Inés Cobas Balseiro; a vicepresidenta, Ángeles Abad Rodríguez; a secretaria, Isabel Fernández González; e a propia Raquel Ferreira Souto exerce

como tesoureira. Xunto a elas traballan como vocais Ma Carmen Cordido Leal, Manuela Franco Quiroga, Olga Castro Fuenteseca, Paulina Díaz Lozano, Guillermina Fernández Balseiro e Verónica Taboada Fernández.

Ferreira Souto explica que a directiva “traballa constantemente para que as actividades se desenvolvan sen problemas e que cada iniciativa responda ás necesidades das socias”. Non se trata só de organizar eventos, senón de coordinar calendarios, xestionar recursos e manter unha comunicación fluída co Concello e con outras entidades. O labor, di, é continuo e require compromiso persoal.

ACTIVIDADES. Ao longo do ano, As Espalladoras desenvolven un programa amplo e diverso. A tesourei-

teatrais xeralmente no mes de novembro”. A estas iniciativas súmanse a celebración da Xuntanza Espallando Letras no Día das Letras Galegas, a colaboración noutras actividades como o Día da Muller Traballadora, os guateques do programa Arruguiñas en coordinación co Concello e as comidas que se organizan ao longo do ano.

Cada actividade cumpre unha función específica. O Entroido, por exemplo, é unha cita imprescindible no calendario local. Ferreira Souto explica que “no entroido implicámonos ao 100% xa que somos as organizadoras e levamos 20 anos celebrándoo”. A celebración ten lugar no pavillón de San Román, que define como “un sitio ideal para celebrar este gran baile de disfraces”. A resposta da xente dos arredores, engade, é sempre moi positiva, o



ra enumera algunhas das propostas máis consolidadas: “O entroido de San Román de Vilaestrofe, diversas excursións, cursos de manuais, estancia na residencia de tempo libre de Panxón e xornadas

que reforza a motivación da directiva para seguir asumindo a organización.

As excursións e as estancias en Panxón tamén ocupan un lugar destacado. Non son simples viaxes,



senón oportunidades para convivir, compartir tempo e saír da rutina. Segundo relata, estas experiencias permiten ás socias “coñecerse mellor e fortalecer amizades”.

FORMACIÓN. Os cursos e obradoiros constitúen outra das columnas vertebrais do colectivo. Bordado, pintura, macramé e outras manuais forman parte dunha oferta que combina tradición e creatividade. Ferreira Souto subliña que a importancia destes talleres radica en “poder aprender e coñecerse entre as socias así como mellorar a motricidade e a vida de todas elas con entretemento”.

“Non se trata só de organizar eventos, senón de xestionar recursos e coordinar actividades”

Non se trata unicamente de adquirir habilidades técnicas. A tesoureira considera que o valor real está no proceso compartido. Mentres as mans traballan, xorden conversas, intercámbianse experiencias e

“A asociación é un espazo para estar en contacto con outras mulleres e mellorar a vida social”

constrúense relacións de apoio mutuo. Esa dimensión social converte os obradoiros nun espazo de confianza e acompañamento.

TEATRO. As xornadas teatrais de novembro representan outro dos momentos máis esperados. Organizadas en colaboración coa aso-

ciación de veciños de San Román, celébranse todos os domingos pola tarde dese mes. Ferreira Souto afirma que “teñen moi boa acollida porque se fan todos as tardes dos domingos de novembro e así tamén é unha maneira de reunirse e pasar unha tarde enteira de risas”.

A programación teatral non só achega cultura ao rural, senón que serve de punto de encontro interxeracional. A colaboración con outras entidades facilita que se achegue máis xente e reforza a idea de traballo en rede. Para a asociación, sumar esforzos é fundamental.

FUTURO. Mirando cara adiante, Ferreira Souto recoñece que o principal reto é manter a continuidade. “O noso reto neste momento é seguir na mesma liña para que se manteña, xa que actualmente a xuventude non se implica moito”, explica con franqueza. A falta de relevo xeracional é unha preocupación compartida por moitas entidades do rural.

A pesar diso, a tesoureira móstrase optimista. A relación co Concello é, segundo as súas palabras, “xenial, facemos moitas actividades apoiándonos unhas noutras e o Concello colabora en todo canto necesitamos e fai todo moito máis sinxelo”. Esa cooperación institucional facilita a organización de eventos e garante apoio loxístico.

Antes de rematar, lanza unha mensaxe clara ás mulleres que aínda non forman parte do colectivo. Considera que teñen diante “unha gran oportunidade de poder realizar cousas que elas solas non poderían facer e así estar en contacto con outras mulleres para falar e mellorar a súa vida social”. A invitación é directa e sincera.

As Espalladoras continúan así tecendo comunidade entre San Román e Rúa, demostrando que o asociacionismo feminino é unha ferramenta poderosa para dinamizar o rural. Entre cursos, festas, teatro e viaxes, a entidade consolídase como un espazo onde compartir, aprender e crecer xuntas.

Finalizado o plan municipal de fibra óptica para todas as parroquias

O equipo de Goberno finalizou o plan municipal de despregue de fibra óptica, cumprindo o compromiso de eliminar as zonas sen cobertura no municipio. Tras meses de traballo técnico, planificación e diálogo coa cidadanía, garantiu unha conexión estable e de calidade en todos os núcleos que carecían deste servizo. As actuacións incluíron a dotación de fibra óptica en áreas como A Senra, Castelo, Trasbar e puntos de San Román e Río Cobo, que sufrían graves problemas de conectividade. O proxecto foi financiado con fondos propios do Concello ante a ausencia de resposta de empresas privadas e doutras administracións.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, acompañada do concelleiro Adrián Arias, reuniuse cos representantes das asociacións veciñais para informar da finalización do plan e das



actuacións realizadas. Subliñou que a colaboración das entidades locais foi clave para que as peticións da veciñanza se traducisen nun despregue efectivo. Lembrou que a conectividade é unha prioridade para o goberno local e que se analizaron alternativas técnicas, mantendo un contacto constante coa veciñanza para incorporar as súas achegas ao proxecto.

O plan contou cun investimento de arredor de 100.000 euros e incluíu un estudo detallado das zonas con cobertura deficiente, buscando solucións viables para garantir a igualdade de oportunidades e reducir a fenda dixital. A alcaldesa destacou que “hoxe en Cervo xa non hai zonas escuras”, pechando un proceso complexo pero esencial para o municipio.

San Cibrao celebra o día 7 a XXXIII Festa do Ourizo

A vila de San Cibrao prepárase para vivir a XXXIII edición da Festa do Ourizo de San Cibrao, que terá lugar o 7 de marzo e que converterá o equinodermo en protagonista dun programa festivo dedicado á tradición gastronómica local e á estreita relación histórica da localidade co mar.

O programa dará comezo ao mediodía cun espectáculo de showcooking aberto ao público, no que diversos chefs mostrarán en directo a preparación de receitas baseadas en ourizo do mar. A continuación, os asistentes poderán degustar as tapas elaboradas durante a demostración gastronómica.

A asociación Mistura ofrecerá tamén unha degustación de ourizo cocido baixo a carpa instalada na Praza dos Campos, espazo central da celebración.

Durante toda a xornada, os establecementos participantes —O Noso Lar, As Titas, Bodega de Ana, O Faro,

bar El Puerto, Cervecería A Penúltima, Maruxaina e Bar Habana— servirán diferentes propostas culinarias aos visitantes.

A música acompañará a festa con actuacións de Fol de Raxal ao mediodía e cos pasarrúas das charangas Fuego Street Band e Os Atrevidos pola tarde. Xa na noite, a partir das 23:00 horas, a orquestra Cordosom amenizará a velada.

Como antesala da festa, o venres celebrarase na Casa da Cultura de Cervo, a partir das 19:00 horas, o tradicional concurso gastronómico do ourizo. Un xurado especializado avaliará as propostas atendendo a criterios de sabor, presentación e creatividade.

Algunhas das elaboracións premiadas poderán degustarse posteriormente durante a celebración do 7 de marzo, permitindo ao público gozar das mellores propostas culinarias nun ambiente festivo.

EN BREVE

CARDIOPROTEXIDOS. O Concello impulsa a cardioprotección municipal coa instalación de novos desfibriladores externos semiautomáticos en espazos públicos e centros educativos. Os dispositivos colocaranse na Casa do Concello, Casa da Cultura, nave de obras, CEIP Península da Paz e IES Marqués de Sargadelos, sumándose a outros xa existentes en instalacións como a piscina olímpica, o pavillón, o campo de fútbol, o centro de día, a residencia e o CEIP de Cervo. Tamén hai desfibriladores nun vehículo municipal e na praia do Torno no verán. Todos estarán rexistrados oficialmente. Ademais, impartiranse cursos de formación para garantir o uso correcto e unha resposta rápida ante emerxencias.

TUTE. A parroquia de Trasbar converterase o sábado 18 de abril nun punto de encontro para as persoas afeccionadas ao tute coa celebración da novena edición do seu Maratón. A competición dará comezo ás 16.30 horas e reunirá xogadores dispostos a medir estratexia, compenetración e habilidade nun ambiente que mestura rivalidade deportiva e convivencia. O torneo disputarase por parellas e contará cun sistema de premios que recoñecerá ás mellores clasificacións da xornada. A organización establece galardóns económicos para as catro primeiras parellas, ademais dun trofeo para a vencedora absoluta. A cota de inscrición fíxose en 50 euros por persoa, importe que inclúe cea para os participantes e o prazo para anotarse permanecerá aberto ata o 17 de abril.

Arruguiñas mantén activos os Talleres Terapéuticos

O programa municipal de envelhecimento activo Arruguiñas continúa en 2026 coa celebración dos seus Talleres Terapéuticos, destinados a fomentar o benestar, a participación social e a creatividade das persoas maiores de Cervo. Nas últimas sesións, os participantes completaron axendas personalizadas realizadas de maneira artesanal, mostrando coidado e dedicación, e iniciaron unha nova actividade: a creación de faros artesanais, que potencia a imaxinación e a motricidade.

Os talleres organízanse en colaboración coa asociación Saúde Men-

tal A Mariña, reforzando o carácter social e inclusivo do programa e creando espazos de encontro que promoven a expresión persoal e o apoio mutuo. A concelleira de Muller e Igualdade, Pilar Armada, asiste regularmente, constatando o clima positivo, a boa convivencia e o compañeirismo.

As actividades desenvólvense na Casa do Mar, un espazo convertido en referente para a creatividade, a aprendizaxe compartida e a promoción dun envelhecimento activo e saudable, consolidando o programa dentro da programación municipal.

O BNG esixe unha data para a apertura do punto de encontro

A deputada do BNG, Ariadna Fernández, esixiu ao Partido Popular que estableza unha data concreta para a posta en funcionamento do punto de encontro familiar de Cervo e que deixe de realizar anuncios “reiterados” sobre un servizo que continúa sen operar. Lembrou que a conselleira de Política Social, Fabiola García, anunciou a súa apertura en 2022, asegurando que estaría operativo no primeiro semestre de 2023. Fernández denunciou a “falta de dilixencia” da Xunta e criticou o uso de anuncios repetitivos para “tapar a incapacidade de poñer en marcha estes centros”. Indicou que Cervo

non é un caso illado, xa que outros puntos de encontro familiar en Lalín ou Verín tamén levan anos anunciados sen funcionar.

A ausencia deste recurso obriga ás familias e ás crianzas de Cervo a desprazarse ata Lugo, incrementando tempo, gasto e incomodidade, situación que o BNG considera innecesaria se se cumprisen os compromisos. A formación nacionalista anunciou que volverá presentar iniciativas no Parlamento galego para esixir explicacións ao PP, reclamando unha data fixa de apertura e o fin dos anuncios reiterados, que evidencian “falta de compromiso coas familias”.

Brincos Musicais achegará a música á primeira infancia

O Concello de Cervo impulsa Brincos Musicais, unha nova actividade dirixida á infancia que busca achegar a música ás crianzas desde as idades máis temperás. A proposta intégrase no programa Brincos de Lecer e pretende utilizar o son, o ritmo e o xogo como ferramentas para favorecer o desenvolvemento persoal e educativo dos nenos e nenas.

A rexedora destacou que o proxecto aposta polo “desenvolvemento integral da infancia a través da música”, sinalando que o contacto musical precoz contribúe a fortalecer habilidades fundamentais durante as primeiras etapas da vida.

As actividades celebraranse os mércores na Casa do Mar en dúas franxas horarias. De 16.00 a 17.00 horas impartirase Iniciación Musical para nenos de 4 a 7 anos, mentres que de 17.00 a 18.00 horas se desenvolverá Estimulación Temprá para bebés e crianzas de 0 a 3 anos acompañadas das súas familias. As sesións combinarán xogos musicais, exploración de instrumentos, exercicios rítmicos e movementos adaptados a cada idade.

O programa comezará o 4 de marzo e a inscrición pode realizarse na Casa da Cultura ou no teléfono 982 59 51 57.

ACADEMIA
A Mariña

MANIPULADOR DE ALIMENTOS
APLICADOR FITOSANITARIOS
BIENESTAR ANIMAL
PROTOCOLOS DE ACOSO
PRERREQUISITOS -APPCC
PROTECCIÓN DE DATOS
FORMACIÓN BONIFICADA

formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098

trabada

O I Encontro de Cestería da Vilapena será o vindeiro día 22

O Goberno local organiza o domingo 22 de marzo o I Encontro de Cestería da Vilapena, unha xornada dedicada a poñer en valor a artesanía tradicional e a recoñecer o labor das persoas que, ao longo dos anos, mantiveron vivo este oficio ligado á identidade do rural. O evento desenvolverase ao longo de todo o día cunha programación pensada para todos os públicos.

A mañá abrirase cun obradoiro práctico de cestería, que se celebrará entre as 11:00 e as 13:00 horas e para o que é necesaria inscrición previa no Concello de Trabada ou a través do teléfono 982 13 50 11. Paralelamente, haberá demostracións en directo a cargo de Lola Tourón, Asunción Trigo e José M. Ginzo, no-



mes destacados neste ámbito artesanal. Ás 12:30 horas está prevista a actuación da Asociación Amigos da Gaita Galega, que porá a nota musical á xornada.

Un dos momentos centrais do encontro chegará ás 13:00 horas, coa

homenaxe a Jorge da Vilapena, un dos últimos cesteiros da parroquia e figura protagonista do cartel desta primeira edición. Durante toda a xornada, as persoas asistentes poderán visitar unha exposición de pezas elaboradas na Vilapena, así como postos de venda de produtos de proximidade.

A programación continuará cun vermú tradicional e cunha comida popular no Teleclub da Vilapena ás 15:00 horas. Os tickets estarán á venda ata o 13 de marzo no Supermercado Onda de Trabada e nas oficinas municipais. O menú ten un prezo de 25 euros para adultos e 15 euros para nenos e nenas de entre 3 e 10 anos. A xornada pecharase ás 17:00 horas co remate dos cestos.

Novos investimentos reforzan a rede social e deportiva de Trabada

O Concello de Trabada continúa avanzando na súa folla de ruta para mellorar infraestruturas e servizos municipais con novas actuacións tanto no ámbito social como no urbano e deportivo. Por unha banda, vén de iniciar as obras de acondicionamento e modernización do Teleclub da parroquia de Sante, cun investimento superior aos 50.000 euros financiado a través dun convenio coa Deputación de Lugo. A intervención permitirá actualizar e adaptar este espazo ás necesidades actuais, reforzando o seu papel como punto de encontro

para a veciñanza e escenario de actividades culturais e sociais. Esta actuación enmárcase nun plan global de mellora da rede de centros sociais do municipio. Nos últimos meses xa se acometeron reformas no local social de Fórnea e rematouse o novo centro social da Ría de Abres. Ademais, está previsto actuar proximamente no Teleclub da Vilapena e realizar traballos de pintado exterior no de Vilaformán. Paralelamente, o goberno local solicitou apoio económico á Xunta de Galicia para desenvolver dous proxectos estratéxicos.

O primeiro deles é a renovación integral da Rúa das Bolboretas, cun orzamento que supera os 106.000 euros, para mellorar a accesibilidade, os servizos e o pavimento nunha vía clave do casco urbano. Así mesmo, tamén se pediu colaboración para reparar o pavillón municipal, danado por un incendio o pasado 3 de xaneiro, cuxa rehabilitación supera os 150.000 euros. O alcalde, Rubén García, subliñou a importancia de captar fondos para seguir transformando Trabada e mellorar a calidade de vida da súa veciñanza.

O PP reclama avances en enerxía e solucións para o servizo de Correos

O voceiro do PP de Trabada, José María Fernández, mantivo unha reunión coa conselleira de Industria da Xunta, María Jesús Lorenzana, para analizar cuestións relacionadas co desenvolvemento enerxético do municipio e coa información á veciñanza. Durante o encontro tratouse a posible influencia dos proxectos eólicos na redución do custo da electricidade para os fogares de Trabada, un aspecto que o representante local cualificou como unha oportunidade para o territorio. Fernández destacou o labor da administración auto-

nómica na planificación das políticas enerxéticas e trasladou varias demandas veciñais vinculadas á transparencia administrativa. O grupo municipal propuxo facilitar datos claros sobre os parques eólicos e acompañar aos residentes que precisen información. Tamén se solicitou que a implantación das infraestruturas non fragmente os núcleos de poboación e que se minimicen os impactos territoriais. Outro asunto abordado foi a posibilidade de que persoal técnico de Recursos de Galicia xestione directamente as solicitudes veciñais, ade-

mais de habilitar un espazo municipal para simplificar trámites. Por outra banda, o voceiro popular expresou preocupación pola falta de persoal no servizo de Correos, o que provoca atrasos de varios meses na recepción de cartas e notificacións nun concello rural onde este servizo é esencial. Fernández lembrou que a solución non pode limitarse a "enviar unha carta", senón que require diálogo directo co Delegado do Goberno en Galicia e coa Subdelegación do Goberno en Lugo, representantes da mesma formación política que o alcalde.

Mondoñedo estará presente en MercaJuguete da man dos coleccionistas de Dragon Ball

O presidente da Asociación Española de Coleccionistas de Dragon Ball (ASESCODB), José Pablo Hernández, veciño de Mondoñedo, confirmou a participación da entidade no evento MercaJuguete, que se celebrará no concello madrileño de Pinto.

A asociación acudirá cun expositor que recollerá unha pequena mostra representativa da evolución da coñecida franquía xaponesa. A intención, segundo explicou Hernández, é "amosar unha viaxe pola historia de Dragon Ball a través de pezas moi especiais", cunha selección duns artigos singulares. Entre os obxectos destacados figura un celuloide orixinal empregado na animación da serie nos anos noventa, unha peza especialmente valorada polos coleccionistas. Tamén formarán parte da exposición o primeiro cómic da coñecida como serie branca, as populares

figuras distribuídas nas bolsas de patacas Matutano durante aquela década e os míticos tazos que marcaron a infancia de toda unha xeración. A colección completárase con algunha figura xaponesa adquirida directamente no país de orixe e outras pezas curiosas que forman parte do arquivo persoal do presidente da asociación.

Ademais da mostra expositiva, ASESCODB organizará actividades participativas para dinamizar o evento. Está previsto realizar un trivial para aquelas persoas que desexen poñer a proba os seus coñecementos sobre o universo creado por Akira Toriyama, con pequenos agasallos para quen resulte gañador.

A xornada culminará cun sorteo final entre as persoas que sigan á asociación na súa conta de Instagram, reforzando así o contacto coa comunidade afeccionada.

Cinema, baile e saúde protagonizan a programación do centro sociocomunitario



O centro sociocomunitario de Mondoñedo, xestionado pola Consellería de Política Social e Igualdade, desenvolve durante as vindeiras semanas unha variada programación cultural e formativa dirixida, especialmente, ás persoas maiores. O calendario inclúe sesións de cinema, dous obradoiros de baile de balde e unha xornada informativa centrada no emprego axeitado dos medicamentos. As proxeccións cinematográficas, todas ás 17.00 horas, forman parte do proxecto Lectura Sénior, unha iniciativa da Administración autonómica que pretende ampliar o acceso da poboación maior a contidos culturais adaptados aos seus intereses. A proposta realízase en colaboración coa Biblioteca Pública da Xunta en Lugo, que

achega materiais do seu catálogo.

Entre os títulos previstos figuran o documental En todas as mans, da cineasta Diana Toucedo (4 de marzo); a produción estadounidense Barbie, de Greta Gerwig (9 de marzo); o filme francés Delicioso, de Éric Besnard (11 de marzo); e Asuntos de familia, de Maha Haj (16 de marzo).

A programación complétase con dous obradoiros de baile impartidos pola escola Hover Cross: un de merengue o 25 de febreiro e outro de cumbia o 25 de marzo, ambos con acceso libre. Ademais, o 18 de marzo celebrárase unha sesión formativa da Escola Galega de Saúde Pública sobre o uso correcto da medicación, para a que será necesaria inscrición previa.

Valentín Ínsua, a voz das campás que mantén vivo o tempo

O campaneiro da Catedral de Mondoñedo e tesoureiro da Asociación Cultural Pedregás reivindica o patrimonio histórico e cultural da cidade

Por Ana Somoza.

Durante séculos, as campás foron moito máis ca un instrumento sonoro. Foron lingua, sinal, aviso, celebración e despedida. En Mondoñedo, ese idioma antigo segue vivo grazas a persoas que fixeron da tradición unha forma de vida. Valentín Ínsua, campaneiro da Catedral e tesoureiro da recentemente creada Asociación Cultural Pedregás, representa esa continuidade silenciosa que une pasado e presente a través do son do bronce.

TRADICIÓN. Para Valentín Ínsua, ser campaneiro da Catedral de Mondoñedo non é unha función nin un oficio ao uso, senón unha herdanza vital que o acompañou desde a infancia. Segundo relata, “ser campaneiro significa tradición, significa familia, significa alegría”, unha afirmación que resume unha relación emocional profundamente enraizada. Lembra que desde moi pequeno xa subía á torre acompañado polos seus tíos e polo seu pai, integrándose de maneira natural nunha práctica que non se aprendía nos libros, senón na convivencia diaria. Para el, as campás “son parte da miña vida” e mesmo chega a afirmar que “son o sentido da miña vida”, unha declaración que evidencia ata que punto este labor forma parte da súa identidade persoal.

Aínda que actualmente está xubilado, Ínsua explica que non concibe abandonar completamente o toque manual. Asegura que seguirá subindo á torre “por afección, de vez en cando”, porque o vínculo coas campás vai máis alá dunha obriga profesional. Ao seu xuízo, tocar as campás é tamén manter vivo un sistema de comunicación que durante séculos organizou a vida colectiva da cidade, xa que “toda a xente de Mondoñedo e doutros sitios guiábase polo toque das campás”.

VOLTEO. Entre os distintos toques, Valentín Ínsua recoñece que existe unha predilección clara: o volteo das campás. En especial, destaca o da Paula, a campá máis emblemática da Catedral, cun peso aproximado de 2.500 quilos. Segundo explica, o volteo é o toque máis importante porque tradicionalmente estivo asociado aos días grandes, ás festas e aos acontecementos sinalados. “Aquí a tradición sempre foi o volteo das campás, especialmente da Paula, que é o noso sím-

bolo máis importante”, afirma.

Con todo, a Paula non soa só nos momentos alegres. Ínsua lembra que tamén está presente nos enteiros, xa que estes “son días especiais”. O toque de morte, aínda que poida considerarse negativo, é para el unha forma de recoñecemento e despedida. Describe ese momento como un xesto simbólico cara a alguén que formou parte da comunidade, sinalando que é “unha maneira de despedida, pero cun símbolo como son as campás”. Así, o son acompaña tanto a celebración como a perda, formando parte dun mesmo ciclo vital.

PAULA. A orixe do nome da campá máis coñecida da Catedral segue envolta nun certo misterio. Valentín Ínsua admite que non se sabe con exactitude por que se chama Paula, aínda que apunta á posibilidade de que derive de Paula, discípula de San Xerónimo. Segundo relata, “seguramente alguén antes de 1548 quixo poñerlle ese nome”, e desde entón mantívose ao longo do tempo.

Un dos datos máis curiosos é que ao longo da historia existiron ata sete campás chamadas Paula, xa

MECÁNICA. Na actualidade, a Catedral de Mondoñedo conta con dez campás en funcionamento. Oito delas están destinadas ao toque manual, mentres que dúas —a Jerónima e a Francisca— corresponden ao reloxo e soan ao longo de todo o día. Valentín Ínsua destaca unha singularidade que converte a Catedral nun caso case único: o reloxo é totalmente mecánico e precisa ser dado de corda a man. Segundo explica, tanto Mondoñedo como Santiago de Compostela son as únicas catedrais nas que se conserva este sistema tradicional. No caso mindoniense, el mesmo sobe unha vez á semana para dar corda ao reloxo, mentres que en Santiago a operación realízase a diario. Ademais, subliña que practicamente son as únicas campás de gran tamaño que se conservan en Galicia, o que incrementa o seu valor patrimonial.

A campá Jerónima, pola súa banda, é a segunda máis grande da Catedral e data de 1720. Ínsua sinala que, agás dúas, todas as campás foron fundidas en Mondoñedo, o que reforza a idea dun patrimonio profundamente ligado ao territorio.



Fotografías cedidas por Andrés García Doural

que foron rompendo e substituíndose, pero o nome permaneceu inalterable. A campá actual foi rebautizada oficialmente en 1868 como Paula de la Asunción, por decisión dun bispo que cambiou a denominación de todas as campás da Catedral. Porén, Ínsua subliña que “o nome que está inscrito na campá é Paula”, confirmando que a tradición popular prevaleceu sobre o rexistro formal.

PATRIMONIO. A conservación do toque manual sen electrificación é un dos aspectos máis rechatantes do campanario de Mondoñedo. Valentín Ínsua recoñece que resulta sorprendente, xa que “practicamente todas as catedrais de España están electrificadas”. No seu caso, a continuidade débese a unha cadea humana ininterrompida, que pasou de xeración en xeración ata chegar a el.



Tras o falecemento dos seus tíos e do seu pai, foi el quen asumiu a responsabilidade de manter viva a tradición. A declaración do toque manual das campás como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade en 2022 reforzou, segundo afirma, o sentido do que están facendo. “Aporta moito máis valor ao noso traballo”, explica, ao entender que xa non se trata só dunha tradición local, senón dun ben recoñecido a nivel internacional.

Sobre o relevo xeracional, indica que conta coa colaboración do seu cuñado, máis novo ca el, e amosa-

como campaneiro, Valentín Ínsua é tesoureiro da Asociación Cultural Pedregás, creada en decembro de 2025. A súa presentación pública realizouse cun acto cargado de simbolismo: un toque de campás. Polo momento, a entidade conta con seis socios, pero Ínsua asegura que están a dar os primeiros pasos “con moita ilusión e cun proxecto claro”. Pedregás é unha zona de Mondoñedo de enorme relevancia histórica, estreitamente vencellada ao bispo Muñoz y Salcedo. Segundo lembra, foi el quen impulsou a remodelación da fachada actual da Catedral e a construción de dous conventos, ademais dun complexo sistema de conducións de auga potable. A partir de tres fontes situadas preto de Alcántara, a auga chegaba á cidade a través dun túnel duns 600 metros.

Unha destas fontes, a de Pedregás, destaca pola súa singularidade arquitectónica. Ínsua descríbena como “unha pequena capela de cantería”, na que a auga brota directamente da pedra. Asegura que se trata dun espectáculo patrimonial que, paradoxicamente, segue sendo descoñecido para boa parte da veciñanza. O principal obxectivo da asociación é poñer en valor ese espazo e contribuír á súa difusión. Entre as actividades previstas, a entidade pretende organizar charlas mensuais sobre personaxes históricos de Mondoñedo, como o mariñeiro do século XVI Seixas e Lobera, pirata, vicerrei e editor de cartas de navegación. Tamén queren traballar na recuperación da toponimia tradicional, recollendo nomes de aldeas e lugares que corren o risco de desaparecer. Para Ínsua, trátase de preservar non só palabras, senón a memoria colectiva dun territorio que se expresa, como as campás, a través do tempo.



se relativamente optimista. Tamén destaca que aprender a tocar as campás require tempo, pero non é imposible. Conta que dúas nenas de once anos, unha sobriña súa e unha amiga, comezaron a practicar recentemente e son capaces de interpretar muiñeiras e xotas. Ao seu xuízo, unha base musical facilita moito a aprendizaxe.

PEDREGÁS. Ademais do seu papel

A vila acollerá o XV Encontro de Palilleiras o 3 de outubro

O Concello de Xove será escenario o sábado 3 de outubro de 2026 do XV Encontro de Palilleiras, unha cita xa consolidada no calendario cultural da comarca que reunirá a afeccionadas e afeccionados a esta tradición artesá chegados de diferentes puntos de Galicia e doutras comunidades.

O evento desenvolverase ao longo de toda a xornada no Pavillón Municipal de Deportes, un espazo que acollerá tanto as demostracións de encaixe de palillos como os momentos de convivencia entre participantes. Desde a organización destacan o carácter social e cultural do encontro, que vai máis alá do traballo manual e serve tamén para poñer en valor un saber transmitido de xeración en xeración.

Co gallo da celebración, recoméndase ás persoas asistentes reservar con antelación para o xantar, dado o incremento de visitantes previsto ese día. A oferta hostaleira complétase



con bares e restaurantes situados tanto no propio concello como nas proximidades, facilitando así a estancia das palilleiras e do público que se achegue a Xove.

Este XV Encontro de Palilleiras conta coa colaboración do Concello de Xove e busca consolidarse como un referente cultural, promovendo a artesanía tradicional, o intercambio de experiencias e a dinamización social e económica do municipio.

Críticas á política económica municipal tras o pleno en Xove

O debate económico marcou o último pleno do Xove, no que PSdeG e BNG puxeron o foco na liquidación das contas de 2025 e na xestión orzamentaria do goberno local que encabeza Demetrio Salgueiro. Ambas formacións coincidiron en advertir dunha situación financeira preocupante e nunha falta de planificación que, ao seu xuízo, compromete o futuro do municipio.

A sesión comezou coa aprobación dunha modificación de crédito de 18.000 euros para reparar os ventiladores da piscina municipal, unha actuación cualificada de urxente polo executivo. O Grupo Municipal Socialista criticou que esta medida chegue poucas semanas despois de aprobar os orzamentos de 2026, interpretándoa como unha mostra de improvi-

sación. Ao seu entender, recorrer a axustes tan inmediatos evidencia ausencia de previsión e unha xestión “a golpe de ocorrencia”.

No pleno aprobouse tamén a liquidación do exercicio 2025, que pecha cun déficit superior aos dous millóns de euros. O BNG cifrou oficialmente a necesidade de financiamento en 2.256.244,88 euros, fronte aos máis de 3,5 millóns rexistrados en 2024. Para a formación nacionalista, estes datos confirman unha tendencia negativa e derivan dun orzamento que xa consideraran pouco realista, especialmente no relativo ás previsións de ingresos industriais vinculados a Alcoa.

Socialistas e nacionalistas alertaron tamén da forte caída do remanente de tesourería, que pasou duns 19 millóns de euros

en 2023 a arredor de 8,5 millóns previstos para 2026. Segundo expuxeron, esta redución de case once millóns non se traduciu en grandes infraestruturas nin en melloras estruturais para a veciñanza, máis alá de actuacións puntuais e modificacións de crédito.

Outro dos aspectos cuestionados foi que o 92% do orzamento de 2026 estea xa comprometido antes de iniciar o exercicio, limitando a capacidade de decisión. Ademais, a oposición criticou a falta de avances en proxectos como a ampliación do polígono de Camba ou os pantaláns de Morás. Tanto PSdeG como BNG reclamaron maior rigor, planificación e responsabilidade para garantir a estabilidade económica e impulsar investimentos estratéxicos que aseguren o futuro de Xove.

Abre o prazo de alegacións para o recrecemento do depósito de barros vermellos

O Diario Oficial de Galicia publicou o acordo da Consellería de Economía e Industria polo que se somete a información pública o proxecto de recrecemento do depósito de barros vermellos de Xove ata a cota 110 metros. A iniciativa, promovida por Alúmina Española, inclúe o proxecto construtivo, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental, en cumprimento da normativa sobre avaliación ambiental e xestión de residuos da industria extractiva.

O prazo de consulta permanecerá aberto ata o 27 de marzo. Durante ese tempo, a cidadanía poderá examinar a documentación nas dependencias do Servizo de Enerxía e Minas en Lugo ou a través da páxina web da Xunta, así como presentar alegacións polos medios legais establecidos.

Este trámite coincide coa execución das obras de reforzo e ampliación ata a cota 104 metros, previstas para rematar a finais de ano. A posterior ampliación ata os 110 metros, cun prazo estimado de tres anos, suporía o recrecemento definitivo e a futura clausura do depósito. Segundo fontes sindicais, permitiría manter a actividade da planta de alúmina ata, polo menos, 2035.

A Ruta Cabalar reunirá a afeccionados ao mundo ecuestre o 15 de marzo

O municipio de Xove converterase o vindeiro domingo 15 de marzo no punto de encontro dos afeccionados ao mundo ecuestre coa celebración da 27ª edición da Ruta Cabalar. A cita, xa consolidada no calendario festivo local, reunirá xinetes e amantes dos cabalos nunha xornada pensada para combinar deporte, tradición e convivencia.

A saída está prevista para as 10.00 horas desde o campo da igrexa de Sumoas. Tras percorrer parte do municipio, a organización ofrecerá un pequeno avituallamento a media ruta para repoñer forzas antes de completar o itinerario.

A programación continuará ás 14.30 horas cun xantar baixo carpa no mesmo recinto da saída. O menú estará composto por polbo á feira, pataca cocida con xamón, chourizo e touciño, ademais de sobremesa, bebida, café e chupo. A comida será servida pola Pulpería Mario de Viveiro e contará coa animación dun grupo musical, que poñerá o toque festivo á sobremesa.



Os prezos establecidos son de 35 euros para persoas adultas, 17,50 euros para nenos e nenas de entre 6 e 12 anos, mentres que os menores de seis anos poderán asistir de balde. As inscricións permanecerán abertas ata o 11 de marzo.

Durante a xornada tamén se realizará un sorteo de agasallos entre os asistentes á ruta. A actividade está organizada pola Asociación Equina A Medela e conta coa colaboración do Concello de Xove. A entidade lembra que cada participante será responsable dos posibles danos que poida ocasionar ao longo do percorrido.

A Deputación impulsa a mellora da mobilidade con novos investimentos en estradas



A Deputación aprobou novos investimentos destinados a seguir mellorando a mobilidade na provincia, cunha actuación destacada en Xove. No marco destas decisións, adxudicáronse as obras de mellora de tres estradas provinciais ao seu paso por este municipio mariñán, cun investimento total de 810.216 euros.

Os traballos foron asignados á empresa José No Mantiñán e Hijos Construcciones SA e forman parte do convenio de colaboración suscrito entre a Deputación e o Concello de Xove para a cesión de dez estradas de titularidade provincial. Segundo o acordo, a institución provincial comprometeuse a executar actuacións de mellora en catro destas vías antes do seu traspaso definitivo ao ámbito municipal, sendo estas tres estradas as que veñen de ser adxudicadas.

No caso da LU-P-2601, a vía que conecta a estrada autonómica LU-862 co Portiño de Morás, actuarase nun

tramo de algo máis de dous quilómetros, comprendido entre os puntos 2,850 e 5,285, o que permitirá deixar acondicionada practicamente a totalidade da estrada. Pola súa banda, na LU-P-2604, que enlaza a LU-862 con Valcarria por Monte, as obras centraranse nun tramo superior aos tres quilómetros, desde o inicio da vía ata o punto 3,140. A terceira actuación corresponde á LU-P-2605, entre A Tronca e Tarolo por Vila, onde se mellorará un treito de case tres quilómetros, tamén desde o comezo da estrada ata o punto 2,700.

As intervencións previstas inclúen a reapertura de cunetas, a pavimentación mediante aglomerado en quente e a renovación da sinalización horizontal e vertical, co obxectivo de incrementar a seguridade viaria e as condicións de circulación. Unha vez iniciadas as obras, o prazo de execución establecido será de seis meses.

o vicedo

A Deputación impulsa melloras na LU-P-6405 para reforzar a mobilidade

A Xunta de Goberno provincial deu luz verde esta semana a novos investimentos destinados a mellorar a rede viaria da provincia, con actuacións específicas no municipio do O Vicedo. As intervencións centraranse na estrada LU-P-6405, que conecta o núcleo mariñán con Vilasuso e ascende ata o Alto de Moreiras, unha vía empregada a diario por veciñanza, servizos e visitantes.

Tras a reunión semanal, a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, subliñou que estas actuacións forman parte do compromiso do Executivo coa seguridade e a conservación dos máis de 4.200 quilómetros que integran a rede viaria provincial, así como coa cooperación cos concellos, especialmente os de menor tamaño e situados en contornas rurais. Segundo explicou, trátase de garantir comunicacións axeitadas que favorezan a mobilidade e contribúan ao desenvolvemento económico e social.

No caso do Vicedo, as obras xa

saíron a licitación e afectarán a dous treitos diferenciados da LU-P-6405. O primeiro abrangue algo máis de 700 metros, entre os puntos quilométricos 1,400 e 2,155. O segundo supera o quilómetro de lonxitude, desde o 3,493 ata o 4,693, en zonas que presentan desgaste polo paso do tempo e polas condicións meteorolóxicas.

Os traballos previstos inclúen a reapertura e limpeza de cunetas para mellorar a drenaxe, a renovación do firme mediante aglomerado en quente e a correspondente sinalización horizontal, actuacións orientadas a reforzar tanto a seguridade como a comodidade da circulación.

García Porto incidíu tamén na relevancia estratéxica desta vía, xa que conduce ao Alto de Moreiras, espazo de interese turístico cunha área recreativa e un miradoiro privilexiado sobre a ría do Barqueiro e a coñecida Illa Coelleira. O orzamento de licitación das obras achégase aos 140.000 euros.

Agardan luz verde para actuar no Fuciño do Porco



O alcalde de O Vicedo, Jesús Novo, confirmou que o proxecto de acondicionamento do acceso ao Fuciño do Porco continúa a súa tramitación administrativa e que xa está en marcha, aínda que pendente de resolucións clave por parte do Estado.

Segundo explicou o rexedor, desde a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, entidade encargada das xestións e da redacción do proxecto, informouse de que a actuación está á espera do correspondente informe de Medio Ambiente. Ademais, sinalou que existe incerteza ante a posible aprobación dun decreto do Goberno central para ampliar o dominio público marítimo-terrestre, unha medida que podería afectar ás autorizacións necesarias para executar a obra.

A intervención prevista contempla a construción dunha pasarela ríxida con dous puntos de apoio, situados ao inicio e ao final do treito máis sensible. O obxectivo é salvar con garantías de seguridade a zona da senda onde se teñen producido desprendementos, garantindo así a protección das persoas visitantes e a conservación do enclave natural.

Novo destacou a importancia desta actuación para reforzar a seguridade nun dos espazos máis emblemáticos da costa lucense, moi frecuentado tanto por veciñanza como por turistas. O Concello mantense á espera de que se resolvan os trámites pendentes para poder avanzar na execución dunha obra considerada prioritaria para o municipio.

A vila reivindica a música tradicional co II Serán de Negradas

O Campo da Festa de Negradas converterase o vindeiro 21 de marzo nun punto de encontro para a música tradicional, a convivencia e o lecer coa celebración do II Serán, unha cita pensada para desfrutar en comunidade e poñer en valor a cultura popular galega.

A xornada contará cunha programación variada na que destaca o concerto do grupo Os Carecos, ademais da participación de distintos grupos que animarán a tarde e a noite cun ambiente festivo e participativo. A música e o baile tradicional serán os grandes protagonistas nun evento aberto a veciñanza e visitantes.

Entre as actividades previstas inclúese tamén un obradoiro de percusión impartido por Óscar Fojo, unha proposta formativa pensada para achegar os ritmos tradicionais a persoas de todas as idades, fomentando a aprendizaxe e a participación activa.

O Serán completárase cunha comida popular que incluírá callos, bebida e sobremesa, cun prezo de 20 euros, así como varios sorteos ao longo da xornada. A foliada será libre, convidando a todas as persoas asistentes a sumarse coa súa música, instrumentos e ganas de festa.

riotorto

O BNG denuncia a exclusión do servizo de Hospitalización a Domicilio

O BNG critica que o municipio siga sen contar co servizo de Hospitalización a Domicilio, malia a recente ampliación anunciada pola Xunta noutros concellos do sur da provincia. Riotorto, xunto con A Pontenova e Ribeira de Piquín, continúa fóra desta cobertura sanitaria. A formación nacionalista lembra que impulsou iniciativas parlamentarias e un acordo plenario para reclamar este recurso, que permite atender no fogar a pacientes crónicos, persoas maiores ou enfermos oncolóxicos.

A portavoz municipal, Vanesa Gómez, acusa ao alcalde do PP de non defender os intereses da veciñanza e de permitir unha situación que cualifica de discriminatoria. Tamén critica a falta de implicación do goberno local na mellora da sanidade.

O BNG valora a incorporación dunha nova médica ao centro de saúde, conseguida tras mobilizacións veciñais, aínda que advirte de que a segunda praza continúa vacante.

O 19 de abril, Riotorto converterase na capital galega do ferro artesanal

A localidade de Riotorto acollerá o 19 de abril a XVII edición da Feira do Ferro, un dos encontros artesanais máis importantes da zona oriental da provincia de Lugo e un evento xa consolidado na promoción dos oficios tradicionais. Aínda non está pechado o programa oficial, pero a organización adiantou que manterá a estrutura habitual da cita, combinando exposición, demostración e lecer.

A feira reunirá ferreiros locais xunto con artesáns e produtores agrícolas chegados doutras partes de Galicia, España e mesmo de Europa. Durante a xornada desenvolveranse demostracións en vivo da elaboración de pezas de ferro, pregón inaugural, actividades infantís e propostas musicais e escénicas pensadas para o disfrute do público.

O encontro ten como obxectivo



principal poñer en valor a artesanía e a continuidade dos oficios tradicionais, especialmente o traballo do ferro, profundamente ligado á historia económica e cultural da comarca. Ademais, búscase favorecer o relevo xeracional nun sector que atravesa dificultades para garantir a súa supervivencia.

Os socialistas poñen en valor o remate da estrada LUP-5501 por parte da Deputación

O PSdeG de Riotorto pon en valor o remate das obras de mellora da estrada provincial LUP-5501, unha actuación impulsada pola agrupación socialista de Riotorto e executada grazas ao financiamento da Deputación de Lugo, que supón un avance significativo para a mobilidade e a seguridade viaria no municipio.

As e os socialistas explican que a intervención, que contou cun investimento de 62.241 euros da Deputación, permitiu actuar sobre varios puntos especialmente problemáticos da vía, corrixindo dúas curvas que presentaban dificultades para a circulación e executando un tramo duns 150 metros destinado a protexer unha saída da estrada.

Dende o PSdeG subliñan que se trata dunha obra “necesaria e moi demandada”, froito da escoita ás necesidades da cidadanía e do traballo constante da agrupación

socialista, así como do compromiso da Deputación de Lugo co rural. “Cando hai vontade política e colaboración institucional, os proxectos saen adiante e tradúcense en melloras reais para a xente”, sinalan.

O Secretario Xeral da agrupación socialista de Riotorto, José García, valorou de forma moi positiva o remate das obras e destacou que “esta actuación é un exemplo claro de como o socialismo dá respostas concretas aos problemas da cidadanía”, ao tempo que puxo en valor “a disposición permanente da Deputación de Lugo para atender as demandas dos concellos e mellorar a calidade de vida da veciñanza”. García subliñou ademais que “é unha satisfacción ver feito realidade un proxecto polo que levamos tempo traballando e que responde a unha demanda histórica da veciñanza”.

barreiros

O Concello reforza infraestruturas viarias e servizo de auga potable

O Concello de Barreiros afronta ao longo deste ano unha nova fase de investimentos destinados á mellora das infraestruturas municipais, con actuacións tanto na rede viaria como no sistema de abastecemento de auga potable. No ámbito das comunicacións, executaranse obras en arredor de catro quilómetros de pistas municipais financiadas a través do Plan Deputación 2026. As intervencións chegarán a distintos puntos das parroquias de San Miguel, Benquerencia, Celeiro, San Xusto, Vilamartín Pequeno e San Cosme, incluíndo tamén a renovación das varandas sobre a vía do tren en Vilar. A alcaldesa, Ana Ermida, explicou que se trata dunha actuación integral, adaptada ás necesidades técnicas de cada tramo, con traballos de aglomerado, rego asfáltico ou formigón. Pola súa banda, o concelleiro de Obras, Antonio Veiga, subliñou que as melloras re-



sultan prioritarias tras un inverno especialmente duro, marcado por choivas persistentes que aceleraron o deterioro das vías. Con estes investimentos, o goberno local supera xa os 100 quilómetros de pistas acondicionadas desde 2019. Paralelamente, o Concello continúa coa segunda fase da modernización do abastecemento de auga, cun orzamento superior aos 360.000 euros e ao abeiro

dun convenio coa Deputación de Lugo. As actuacións inclúen a substitución de tubaxes en San Cosme e Celeiro, a impermeabilización do depósito de Merille e a renovación de bombas na Folgueirosa. Ermida destacou que, aínda que pouco visibles, estas obras son fundamentais para garantir un servizo eficiente e corrixir carencias históricas.

Barreiros mellora a Protección Civil e socorrismo co Plan Deputación 2026

O Concello continúa a investir na seguridade e nos servizos de emerxencia para mellorar a eficacia de Protección Civil e o socorrismo nas praias. No marco do Plan Deputación 2026, destinaranse máis de 12.000 euros a reforzar estes servizos, co obxectivo de facilitar o traballo das persoas voluntarias e garantir unha prestación óptima durante a tempada estival.

Entre as novas adquisicións, inclúense cadeiras de altura para vixilancia nas praias, unha cadeira anfibia para facilitar o acceso á auga a persoas con mobilidade reducida e novas padiolas de asistencia para completar o material de socorrismo. Ademais, a Agrupación de Protección Civil contará cunha carpa móbil de 4x4 para intervencións de emerxencia, con montaxe rápido e maior visibilidade.

A alcaldesa, Ana Ermida, destacou que estes investimentos permiten consolidar uns servizos de emerxencia máis efectivos e valorou a labor discreta e imprescindible do voluntariado, que posibilita a organización de eventos e operativos, facilitando a vida da comunidade e garantindo a seguridade nas praias de Barreiros.

O PP reclama explicacións polo atraso na reparación da pista municipal de pádel



O PP de Barreiros expresou a súa inquietude pola situación na que continúa a pista municipal de pádel, que permanece pechada e sen acondicionar malia o compromiso adquirido polo goberno local no ano 2022 para proceder á súa mellora.

O voceiro popular, José Manuel Gómez Puente, recorda que daquela o executivo anunciou a consecución de financiamento procedente da área de Deportes da Deputación para acometer as obras necesarias e posibilitar a reapertura da instalación. Con todo, sinala que máis de tres anos despois daquel anuncio, a infraestrutura segue sen ser rehabilitada e, por tanto, sen estar dispoñible para o uso da veciñanza.

Desde o grupo municipal consideran que as instalacións deportivas constitúen un recurso esencial para promover hábitos de vida saudables e ofrecer alternativas de lecer, especialmente entre a mocidade. Por iso, entenden que resulta prioritario esclarecer en que punto se atopa o proxecto e cales son os prazos previstos para a súa execución definitiva. Os populares reclaman que se informe con detalle sobre os pasos dados ata o momento. Ademais, avanza que continuarán facendo seguimento deste asunto e instan ao executivo a situar esta actuación entre as prioridades municipais, co obxectivo de que a pista poida volver estar operativa canto antes.

o valadouro

O Tecor de O Valadouro afronta un momento decisivo ante a falta de relevo directivo

O Tecor de O Valadouro atópase nun punto de inflexión. A escasa participación na última asemblea anual —á que acudiron só 17 socios dos 90 inscritos— puxo de manifesto a falta de implicación nun colectivo que leva máis de 60 anos formando parte da vida social e deportiva do municipio. A xunta directiva, encabezada por Tino Paleo, oficializou a súa dimisión despois de once anos á fronte da entidade. O presidente en funcións anunciou que se abre agora un prazo de 30 días hábiles para que algunha persoa ou unha comisión xestora asuma a responsabilidade de continuar co proxecto. No caso de non aparecer relevo, o tecor quedará abocado á súa disolución.

A pesar da situación institucional, a entidade presenta unha economía saneada e non arrastra débedas, o que facilitaría unha transición ordenada no caso de que xurda unha nova directiva.

A actividade cinexética segue contando cunha notable aceptación tanto en O Valadouro como no veciño Alfoz, especialmente durante as fins de semana. No tecor practícase tanto a caza do xabaril como a caza menor, modalidades que manteñen unha base fiel de afeccionados na comarca.

O futuro da sociedade dependerá agora da capacidade dos socios para dar un paso adiante e garantir a continuidade dunha tradición arraigada na zona.

Aberto o prazo para participar no XX Mercado de Primavera



O Concello do O Valadouro abriu o prazo de inscrición para solicitar posto no XX Mercado Tradicional Anual de Primavera, unha cita que recupera o espírito dos antigos mercados da vila de Ferreira e que volverá encher as rúas de actividade o vindeiro 28 de marzo.

As persoas interesadas poderán presentar a súa solicitude ata o 20 de marzo ás 14.00 horas, ben de maneira presencial nas oficinas municipais de Cultura ou a través da sede electrónica do Concello. A admisión manterase aberta ata cubrir o número máximo de postos dispoñibles.

O mercado desenvolverase entre as 10.00 e as 19.00 horas en distintos espazos do casco urbano, como o aparcadoiro do Parque Concepción Arenal, a Praza de Santa María, Andrés López Palmeiro ou Severino Cociña. O acceso de vehículos para carga e descarga estará limitado a franxas horarias concretas e

baixo control organizativo, co fin de garantir a seguridade e o bo funcionamento da xornada.

A iniciativa ten como finalidade recuperar a tradición comercial de antano e dinamizar a economía local. Por iso, terán prioridade as demostracións de oficios tradicionais, os postos con tenda física nos concellos de Alfoz e O Valadouro, así como os produtos agroalimentarios de tempada. Tamén haberá espazo para artesanía con carta acreditativa, conservas, antigüidades e asociacións sen ánimo de lucro que busquen recadar fondos por causas xustificadas.

Os postos serán facilitados polo Concello, aínda que tamén se permitirá que os expositores acheguen estrutura propia, sempre que se adapte á estética tradicional do evento. A organización poderá redistribuír os espazos segundo criterios de equilibrio e variedade, garantindo igualdade de oportunidades comerciais.

O Concello inviste 290.000 euros en infraestruturas e servizos

O alcalde de A Pontenova detallou as actuacións incluídas no Plan Único da Deputación que permitirán mellorar infraestruturas e reforzar servizos municipais. Segundo explicou, unha das prioridades é a continuación da mellora da Vía Verde, que no seu caso coincide en parte cun tramo de estrada municipal. “Fixemos unha primeira fase, poñendo un paseo de gríxo, e agora queremos seguir ata Ervelle, son dous quilómetros e pico, e vamos poñer aglomerado e asfaltado en quente ao que é a estrada municipi-

pal, e facer paralelamente un paseo”, indicou o rexedor, destacando que o investimento previsto nesta actuación é de 210.000 euros. Ademais da Vía Verde, o Concello tamén destinou fondos a reforzar servizos sociais e de mantemento. “No Plan Único metemos 40.000 euros dedicados ao Saf, e 28.000 euros para contratar a tres persoas durante o verán para colaborar nos labores de desbroce”, explicou Campo. Tamén se contempla a renovación das instalacións da Escola de Música, cunha partida de

12.000 euros para poñer e cambiar as máquinas de aire acondicionado que estaban avariadas. En conxunto, as actuacións suman 290.000 euros, o total solicitado polo Concello dentro do Plan Único, que permitirá avanzar na mellora das infraestruturas locais e en investimentos directos ao servizo da veciñanza. Campo subliñou que estas actuacións non só buscan modernizar a estrada e a Vía Verde, senón tamén mellorar a calidade de vida e o disfrute dos espazos públicos polos veciños.

A Pontenova alerta do risco do río en Xinzo e Vilarmide

O Concello informou sobre a situación preocupante que presenta o río na zona alta de Xinzo e Vilarmide. Segundo explican desde a administración local, “xa fai tempo pedimos á Confederación Hidrográfica que interviñese, porque o río estaba en moi mal estado, hai moitas árbores derrubadas e moita maleza”. Francisco Javier Rois, concelleiro de Medio Ambiente, sinalou que “o que nos contestaron é que o tramo urbano era cousa do Concello, pero non contestaron ao importante, o da parte de arriba”, explicou, deixando claro que se trata dunha zona que require atención inmediata para evitar incidentes.

Desde o Concello expresan a súa preocupación pola falta de actuacións e critican a pasividade das administracións. “Non sabemos se o que queren é que quede así e que a xente non pasee ou se esqueza desde medio natural”, afirmou unha fonte municipal, alertando do risco que representan as condicións actuais, especialmente ante previsións meteorolóxicas adversas. Rois subliña que a limpeza e mantemento deste tramo do río é fundamental non só para a seguridade da vila, senón tamén para preservar a contorna natural e permitir o uso público das zonas ribeiras de forma segura e sostible.

Cor, memoria e natureza: o selo artístico na festa pontenovesa

Diego As, pregoeiro da Festa da Troita da Pontenova 2026 e protagonista artístico da celebración, fala sobre a súa experiencia co “peixe máis grande”

Por Ana Somoza.

A Festa da Troita da Pontenova 2026 contará cun pregoeiro moi especial: o artista urbano Diego As, un dos muralistas galegos de maior proxección nacional e internacional, vencellado de maneira directa á imaxe máis recoñecible desta celebración. O seu nome súmase así ao dunha festa que combina gastronomía, cultura e orgullo local, reforzando o seu carácter singular.

Ademais de pintar murais contas coa escultura da troita da Pontenova. Que che pareceu o encargo?

Si. Foi un encargo curioso, porque é a primeira escultura que pinto, ademais cunha estética moi realista. Non se trata só de engadir cores; nesta ocasión tiña que respectar as proporcións e os tons dunha troita real, e iso é un reto completamente distinto aos murais ou graffiti nos que normalmente traballo. Tardei uns catro días en completala, traballando con moita paciencia e coidadosamente nos detalles para que o efecto fose o máis natural posible.

Gustouche facelo?

Si, sobre todo porque a elaboraron os alumnos do obradoiro do IES Enrique Muruais. Foi unha experiencia diferente, porque ver como os mozos e mozas se implicaban no proxecto fixo que tivese un valor engadido. Ademais, trátase dunha escultura de case nove metros de longo, realizada a escala dunha troita real, o que dá unha sensación de grandiosidade que non había nos meus traballos

habituais. Foi fascinante ver como a combinación do traballo colectivo dos estudantes e a miña pintura podía crear algo tan vistoso e representativo para o concello.

Como xurdiu esta colaboración?

Chamoume directamente o alcalde e comentoume se quería facelo, que estaban a construír a que ía ser a escultura de troita máis grande do mundo. Resultou tan curioso que dixen que si. Ademais, este tipo de encargos son un reto, e iso é algo que me motiva moito. Non se

adaptación e concentración. Non era simplemente pintar; había que facelo co vento, co tamaño da escultura, co público que se achegaba a observar, e iso dá unha presión extra. Pero cando rematei, a xente quedou moi contenta, e iso sempre é a mellor recompensa. Ver a ilusión dos veciños fíxome sentir que realmente estabamos a facer algo especial.

E como che comunicaron o de ser pregoeiro e que sentiches?

Chamáronme do CIT e pregun-



trata só de pintar; hai que pensar na composición, nos tons, na interacción coa xente que vai contemplar a obra e, neste caso, tamén na historia e na tradición da zona.

Como foi o traballo?

Lembro que facía moitísimo vento e tiveron que poñerme uns biombos para cortalo. Traballar nese contexto ensinoume moitas cousas sobre

táronme se quería dar o pregón e que, ademais, me querían entregar unha medalla. Ao principio dixen que non, porque non estou acostumado a falar en público deste xeito; sempre me expreso a través da arte, non coa palabra. Pero ao cabo dun mes volveron chamar e ao final cedín. É a primeira vez que vou dar un pregón, así que terei que esfor-



zarme ao máximo para que saia ben. Aínda que sentín certo nerviosismo, tamén me animou a idea de transmitir algo persoal á xente da miña terra.

Tes idea do que vas dicir?

Aínda non o teño completamente claro. Intentarei ser o máis natural posible, falar un pouco do meu traballo e fiar o tema con que de pequeno tamén fun pescador co meu pai, e que hoxe en día a xuventude xa non ten este tipo de afeccións ou tradicións. Cústalles animarse, pero deberían facelo, a esta ou a outras actividades que lles permitan conectar coa natureza. Quero transmitir a importancia de manter certas tradicións vivas, pero sen sermóns; simplemente contar a miña experiencia e deixar que cada quen saque a súa propia reflexión.

Entón hai ese fío condutor de pescador?

Si. Obviamente non ao nivel da Festa da Troita, pero lembro perfectamente aqueles días co meu pai, disfrutando do río e da natureza, pescando e aprendendo sobre paciencia e observación. Quizais iso foi o que me animou a aceptar dar o pregón. É curioso como certos recordos da infancia poden marcar as nosas decisións na vida adulta, incluso cando se trata de algo tan

distinto como pintar unha escultura ou falar diante dun público.

Tes que aproveitar para facer algún mural alí, non?

Si, algo haberá que propoñer, porque alí non hai ningún. De feito, queren facer un mural relacionado co tren, o carbón e o pasado mineiro, e xa me ensinaron algunha foto antiga. A idea aínda se está a xestionar, pero sería interesante porque me permitiría combinar historia, memoria colectiva e arte urbana nun mesmo proxecto. Este tipo de murais teñen moito valor social, porque permiten que a xente vexa reflectida a súa propia historia e identidade nas paredes da súa vila.

E na Mariña, tes algún?

En Ribadeo propuxéronme desde o Concello pintar un mural sobre a primeira muller licenciada en farmacia, Manuela Barreiro. É un proxecto moi significativo, porque se trata de poñer en valor a historia de persoas que abriron camiño nunha época na que as oportunidades para as mulleres eran moito máis limitadas. E en Foz teño previsto facer un sobre o Entroido. Estou desexando poder comezalo, porque é unha tradición que tamén ten moita forza visual e narrativa, e que encaixa perfectamente co meu estilo colorido e expresivo.

Vegadeo será meta da terceira etapa da ‘La Vuelta a Asturias’

O municipio de Vegadeo acollerá unha etapa de La Vuelta a Asturias 2026, reforzando a presenza deportiva do Occidente asturiano no calendario ciclista rexional. A competición comezará o 23 de abril en Oviedo e finalizará na rúa Uría da capital. A terceira etapa partirá de Figueras, no municipio de Castropol, e rematará en Vegadeo, aínda que o trazado definitivo non foi totalmente publicado. O percorrido discorrerá por zonas costeiras e espazos naturais da comarca Oscos-Eo, incluíndo

áreas da Reserva de la Biosfera Río Eo, Oscos y Terras do Burón, destacadas polo seu valor ambiental e paisaxístico. Desde o Concello valoran a proba como unha oportunidade para impulsar o turismo, a economía local e a proxección deportiva do municipio. A organización anunciará novos detalles técnicos do itinerario e actividades complementarias, que poderían incluír promoción do ciclismo, eventos participativos e iniciativas dirixidas á mocidade e á veciñanza.

ourol

A Biblioteca Municipal acolle un obradoiro de bordado

A Biblioteca Municipal de Orol organizará o vindeiro 5 de marzo un obradoiro de bordado de amuletos, unha proposta creativa pensada para achegar ás persoas participantes ás técnicas fundamentais desta arte téxtil a través da elaboración de pequenas pezas. A sesión comezará ás 10.30 horas nas instalacións da propia biblioteca e está orientada a público adulto. Non será necesario contar con experiencia previa nin coñecementos específicos, xa que durante a xornada aprenderanse puntadas básicas e composicións sinxelas que permitirán dar forma a deseños perso-

lizados. O obradoiro busca fomentar a creatividade e o traballo manual nun ambiente distendido, promovendo ao tempo a recuperación e posta en valor de técnicas tradicionais adaptadas a propostas actuais como a creación de amuletos bordados. As prazas son limitadas, polo que será preciso formalizar a inscrición antes do 4 de marzo a través dos teléfonos habilitados pola organización. Con esta iniciativa, a Biblioteca Municipal de Orol amplía a súa programación cultural con actividades participativas que combinan aprendizaxe e expresión artística.

As intensas borrascas paralizan o tráfico entre Bravos e San Pantaleón por danos na ponte

A Deputación de Lugo anunciou o peche da estrada LU-P-3807, que conecta as parroquias de Bravos e San Pantaleón a través de Foxo, logo de que unha das súas pontes sufrise danos graves debido á cadea de borrascas que afectou á provincia nas últimas semanas. Trátase dunha vía fundamental para os veciños, ao ser o percorrido máis rápido entre a parroquia de San Pantaleón e os núcleos de Orol e Viveiro. Segundo informaron desde a Deputación, os danos provocados pola intensidade das choivas e os ventos obrigaron a suspender a circulación de vehículos ata que se avalíe a se-

guridade da infraestrutura. Recordan que a LU-P-3807 xa foi obxecto de importantes traballos de rehabilitación en 2020, co obxectivo de mellorar a conectividade da zona rural e facilitar o desprazamento da veciñanza. Aqueles traballos incluíron reforzos estruturais e melloras no firme, permitindo que esta estrada se convertese nunha das arterias principais. A interrupción do tráfico supón un contratempo significativo para os residentes de San Pantaleón, que agora se ven obrigados a utilizar itinerarios alternativos, máis longos e menos directos.

César Álvarez será o pregoeiro da XLII edición da Moexmu 2026

A organización da Moexmu anunciou que César Álvarez Fernández, presidente da Fundación de Muestras de Vegadeo e alcalde deste concello asturiano, será o pregoeiro da XLII Mostra Exposición de Muimenta, que se celebrará a segunda fin de semana de abril de 2026. Esta elección rende homenaxe aos referentes históricos da feira, Silleda e Vegadeo, que inspiraron as primeiras edicións na década dos oitenta. César Álvarez, nado en 1975 no barrio da Abrija (Vegadeo), é mestre de Educación Física, emprendedor e dinamizador sociocultural, e considera o seu territorio “un sitio extraordinario” no que destaca a capacidade solidaria e creativa da súa xente. É alcalde de Vegadeo desde 2015. A Feira de Mostras de Vegadeo, fundada en 1964, é a segunda máis veterana do Principado nas súas características e a máis consolidada do occidente asturiano. A súa 60ª edición reforzou a súa relevancia para a maquinaria agrícola e forestal, a gandería, a industria e a automoción, ao tempo que ampliou a súa dimensión multisectorial con artesanía, agroa-



limentación, servizos e actividades culturais. Contou con máis de 150 expositores de Asturias e Galicia, potenciando a dinamización económica, social e turística da comarca. Vegadeo e a súa feira apostan pola innovación, o emprendemento, a cooperación transfronteiriza e comarcal, e a proxección do territorio como marca diferenciada. A Moexmu 2026 celebrarase do 10 ao 12 de abril e incluírá a XLII Mostra Exposición de Muimenta, a XXXIV edición do Concurso Autonómico de Gando Frisón, a XL do Concurso de Gando Frisón, a XL Exposición de Gando de Raza Rubia Galega e a XXX

Poxa de Gando Selecto. A organización agradece a colaboración de todas as persoas implicadas.

BAIXA. O alcalde informou de que se someteu a unha intervención médica ambulatoria que lle obriga a coller unha baixa temporal. Segundo explicou, trátase dunha ausencia que espera que sexa breve e que non afectará ao funcionamento normal do Concello. Durante este período, as funcións de alcaldía serán asumidas polo primeiro tenente de alcalde, que contará co respaldo do conxunto do equipo de goberno.

Os veciños dun edificio denuncian anos de inundacións sen solución efectiva



Os veciños do número 22 da Avenida de Galicia, en Vegadeo, denuncian as inundacións recorrentes provocadas polas crecidas do río Monjardín, que se repiten cada poucos meses e causan graves danos estruturais e dificultades na vida diaria. A auga chega a alcanzar entre 45 e 95 centímetros no portal, xerando humidades, desprendementos na fachada e fallos nos sistemas eléctricos e de abastecemento. O Informe de Avaliación do Edificio de 2022 advertía destes problemas e establecía un prazo de dous anos para a súa corrección, sen que se executasen solucións. Os residentes tamén alertan do risco para a seguridade, especial-

mente para persoas maiores, ao quedar en ocasións illado o acceso ao inmobile durante as crecidas. A pesar de recoñecer a influencia de factores naturais, consideran inustificable a falta de actuación das administracións competentes tras anos de reclamacións. Os afectados reclaman a execución inmediata do Proxecto de defensa de Vegadeo fronte ás avenidas e anuncian accións legais, esixindo responsabilidades ao Concello, Principado de Asturias, Demarcación de Costas e Confederación Hidrográfica do Cantábrico. Aseguran que non é unha cuestión política, senón de seguridade pública e dereito a vivir sen medo.

Vegadeo convértese en epicentro das artes escénicas

O Auditorio Félix Menéndez da Casa de Cultura de Vegadeo será escenario, entre os meses de febreiro e abril de 2026, dos XXVII Encontros Teatrais do IES Elisa y Luis Villamil, Memorial Félix Menéndez, unha cita xa consolidada no calendario cultural da comarca. As representacións celebraranse todos os domingos ás seis da tarde, con entrada gratuíta, e reunirán compañías procedentes de distintos puntos de Asturias e Galicia. O ciclo, que xa comezou, segirá o domingo 8 será a quenda de ‘Tres sainetes’, da Compañía Asturiana de Comedias, mentres que o domingo 15 chegará ‘Dona Clara’, posta en escena polo grupo Ollomao, de Barreiros. O mes pecharase o domingo 22 con ‘Porque lo digo yo’, de Teatro El Hórreo, procedente de Lueña. Os encontros concluírán en abril con dúas funcións máis. O domingo 12 representarase ‘La maxa de la primer vez’, de Teatro Carbayín, da Pola de Siero, e o domingo 19 baixarase o pano con ‘Delicadas’, a cargo de Teatro Baluarte, de Puerto de Vega.

A Folixa, dez anos facendo do Entroido unha festa colectiva

Virginia, presidenta actual, explica como se sostén unha charanga duns 80 integrantes: música, coreografías, traxes e unha gran organización

Desde Vegadeo, a Charanga A Folixa celebra dez anos de traxectoria converténdose nunha das formacións máis recoñecibles do Entroido no norte peninsular. O grupo, encabezado por Virginia e formado por arredor de oitenta persoas, leva unha década enchendo rúas e prazas de música, cor e coreografías, reivindicando que unha charanga pode ser “moito máis ca un acompañamento” e que o Entroido é, sobre todo, un proxecto colectivo. O seu camiño aválanos premios e recoñecementos en vilas como Ribadeo, Tapia de Casariego, Foz ou Vegadeo, pero tamén algo máis difícil de medir: a fidelidade dun público que xa identifica o son, os traxes e a maneira de facer festa de A Folixa.

O aniversario chega como un punto de inflexión que permite mirar atrás con orgullo e cara adiante con ambición contida. Desde dentro, o balance é claro: “son dez entroidos, dez proxectos diferentes e moitísima xente implicada”, resumen, sinalando que acadar esta cifra supón “unha alegría enorme” e tamén unha responsabilidade. A intención, din, é seguir “na mesma liña de sempre”, apostando por “traxes espectaculares, festa e espectáculo”, coa esperanza de que “veñan outros dez anos máis”.

ORIXES. A historia de A Folixa comeza en 2015, cando un grupo de amigos de Vegadeo, xunto con algunhas persoas que xa participaban activamente no Entroido, decidiu dar un paso máis. Segundo lembran, naquel momento a presenza de charangas organizadas era escasa na zona occidental de Asturias. “Por Tapia, Navia, Vegadeo ou Castropol había moi poucas, ou directamente ningunha”, explican, o que lles fixo ver un espazo no que podían aportar algo novo.

O nome xurdiu de maneira natural, ligado ao territorio e ao espírito do grupo. “Aquí, en Asturias, ‘folixa’ significa festa”, explican, e desde o principio tiveron claro que esa palabra resumía perfectamente o que querían transmitir. Non se trataba só de tocar música, senón de construír unha experiencia festiva completa, na que o público se sentise parte do que estaba a acontecer.

CRECIMENTO. Co paso dos anos, A Folixa foi medrando tanto en número como en ambición. Na actualidade, o grupo está formado por arredor de oitenta persoas, unha cifra que se mantén bastante estable nos últimos tempos. Ese crecemento obrigou a profesionalizar moitos aspectos da organización, sen perder o carácter popular e asociativo que define a charanga. Desde dentro recoñecen que xestionar un grupo tan numeroso “require moita paciencia”. Hai integrantes “de moitas idades e de moitos sitios distintos”, o que implica coordinar horarios, ensaios e tarefas moi diversas. “As fins de semana

do explican, esa combinación de música, movemento e vestuario é unha das claves para que o público os recoñeza ao momento. “Todo xunto fai un conxunto moi bonito e moi identificable”, aseguran.

TRAXES. O proceso creativo dos traxes é outro dos piares fundamentais do proxecto. Cada ano, a temática decídese de maneira colectiva. “Preséntanse varias propostas en reunión e vótase”, explican, sendo os propios socios quen achegan as ideas. Unha vez elixido o tema, todo o traballo se organiza arredor del: o deseño do traxe, as coreografías e mesmo unha canción es-



“Son dez entroidos, dez proxectos diferentes e moitísima xente implicada”

moitas veces son enteiras de Folixa”, explican, con talleres de traxes, ensaios de baile e sesións de manualidades que se suceden durante meses.

SON. Un dos sinais de identidade máis claros de A Folixa é o seu son. A formación parte da batucada, pero afastándose dunha interpretación máis uniforme. “Non é batucada todo o tempo, como noutras charangas”, explican. No seu repertorio conviven ritmos diversos, como merengues, temas tradicionais e cancións máis actuais, creando unha proposta dinámica que cambia ao longo da actuación. Esa variedade musical acompaña dunha posta en escena moi coidada. A Folixa non desfila simplemente camiñando: vai en coreografía, con bailes ensaiados e sincronizados. Segun-

pecífica que funciona como “exhibición” da temática do ano. A preparación é longa e esixente. Practicamente, A Folixa traballa durante todo o ano. “Remata o Entroido en marzo, descánsase un mes ou mes e algo, e enseguida comezamos co traxe do seguinte ano”, relatan. Aínda que os ensaios musicais e de baile adoitan comezar a finais do verán, o traballo previo é constante, porque “somos moitos e hai moitísimo detrás”.

ECONOMÍA. O apartado económico é, sen dúbida, un dos grandes retos. O custo medio dun traxe sitúase entre os 300 e os 400 euros por persoa, unha cifra elevada que obriga a buscar fórmulas de financiamento diversas. “Cada socio paga unha cota anual”, explican, pero iso non chega. Por iso organizan actividades para recadar fondos, como montar bares en feiras, vender lotaría ou rifas, ademais de contar cos premios obtidos nos desfiles. O gasto non responde só ao deseño ou ao traballo artesanal, senón tamén á dimensión do grupo. “Ao ser-



mos tantos, fan falta moitísimos materiais”, sinalan. Aínda que se tenta reciclar elementos doutros anos, “cando todo se multiplica pola cantidade de xente que somos, sae caro igual”.

CAMIÑOS. Nestes dez anos, A Folixa percorreu boa parte de Asturias e Galicia. Actuaron en cidades como Oviedo ou Xixón, e en vilas como Posada

en Ribadeo en 2018, venceu no desfile ribadense de 2019 na categoría de comparsas e charangas, gañou o Entroido de Tapia de Casariego en 2025 e estivo entre as comparsas premiadas do Entroido de Foz en 2020. Con todo, desde dentro relativizan os galardóns e poñen o acento noutro tipo de recoñecemento. O máis importante, din, é a resposta do público. “En seguida notas que a xente se achega, que queda a vernos”, explican. En moitos lugares xa se crea esa sensación de “xa chegaron”, como un aviso colectivo de que a festa vai comezar. “O que recibimos case sempre é cariño e ganas de pasalo ben”, destacan.

ANÉCDOTAS. Como en todo proxecto vivo, as anécdotas repítese ano tras ano. A máis habitual é ir sempre xustos de tempo. “Dá igual cando empeces, sempre vas pillado”, bromea. E, como manda a tradición interna, o último día antes de saír en Vegadeo sempre hai retallos de última hora. “Sempre aparece a idea de engadir un pouco máis de brillo”, contan, e todo o mundo acaba pegando pedras e detalles ata o último minuto.

FUTURO. A incorporación de nova xente é unha cuestión que se aborda con cautela. Hai anos nos que se abre a porta a novas entradas e outros nos que non é posible. “Depende de se marcha moita xente”, explican, porque coordinar un grupo tan grande xa é complexo, e aprender as coreografías desde cero “leva moito traballo”.

En canto ao futuro, A Folixa non fala de grandes cambios nin de xiros radicais. O desexo é claro e compartido: “seguir pola mesma liña”, mantendo a aposta por traxes espectaculares, música diversa e bailes coidados. Levar festa, din, pero facelo con identidade propia. Porque se algo teñen claro despois de dez anos é que A Folixa xa non é só unha charanga: é unha maneira de vivir o Entroido.


“Non se trata só de tocar música, senón de construír unha experiencia festiva completa”

de Llanes, Colunga, Navia ou Castropol. En Galicia, estiveron presentes en eventos de Mondoñedo, Ribadeo, Lourenzá, Barreiros ou Foz, consolidando unha presenza habitual tanto na Mariña lucense como no occidente asturiano. Entre todas as actuacións, hai algunhas especialmente marcadas na memoria do grupo. A máis multitudinaria, coinciden, foi en Foz, mentres que a máis especial segue sendo Vegadeo. “É a nosa casa”, explican, o lugar onde se estrearon e onde “o público está agardando por Folixa”, cunha emoción que non se repite en ningún outro sitio.

RECOÑECIMENTO. O palmarés acompaña esta traxectoria. A Folixa acadou o primeiro premio

Lourenzá: Rocío López García

“O local multiúsos de Ponte de Cuñas é hoxe un punto de encontro fundamental na vila”



“Sempre me identifiquei co Partido Socialista; teño os ideais claros dende moi pequena”

DATOS
HABITANTES: 2.098.
PARROQUIAS: 4.
EXTENSIÓN: 62,64 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Mondoñedo.
CORPORACIÓN: 7 concelleiros do PSOE, 3 do PP e 1 do BNG.
ALCALDESA: Rocío López do Partido Socialista.
VOCEIRA PSOE: Roberto Díaz.
VOCEIRO BNG: Belén Fanego.

“O reto principal é conseguir unha Residencia da Terceira Idade para que os nosos maiores poidan envellecer no seu pobo”

A rexedora socialista destaca a importancia da política local, aposta pola construción dunha residencia de maiores e reivindica o consenso como ferramenta de Goberno

Como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido? Sempre tiven curiosidade pola política, aínda que non me imaxinaba implicada tan a fondo. Hai anos propuxéronme formar parte dunha lista municipal e aceptei sen dubidalo. En canto ao partido, sempre me identifiquei co Partido Socialista; comparto os seus valores dende moi nova

Como deu o salto para ser alcaldesa? O apoio da miña agrupación foi decisivo. No 2011 encabecei por primeira vez a candidatura en Lourenzá, obtendo catro concelleiros. En 2015 acadamos a maioría absoluta e cheguei á Alcaldía. Estou moi agradecida aos meus compañeiros e á miña familia polo respaldo constante. É fundamental non esquecer nunca de onde vés.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno? A política local esixe moita dedicación. Tes menos tempo para a familia e para ti mesma, porque o servizo público implica dispoñibilidade practicamente permanente. Hai numerosos compromisos e responsabilidades. Aínda así, co paso do tempo aprendes a organizar e a compatibilizar vida privada e función pública.

E beneficios? O máis gratificante é poder traballar polos teus veciños e participar en decisións que melloran o seu día a día. A política local permite un contacto directo coa xente e iso é moi enriquecedor. Ademais, coñeces persoas, ámbitos distintos e aprendes continuamente.

Cales son os seus obxectivos a nivel político? Sempre defendín que a política máis auténtica é a municipal, porque estás en contacto directo coa cidadanía. É onde máis cómoda me sinto. Nas grandes esferas ás

veces pérdese esa proximidade e esa liberdade para defender o que realmente pensas.

E de cara á próxima lexislatura? O principal reto é impulsar a construción dunha Residencia da Terceira Idade. En Lourenzá, como en moitos concellos galegos, a poboación maior medra e é importante ofrecer a posibilidade de envellecer no propio municipio, preto da familia. Tamén queremos avanzar na restauración do Mosteiro de San Salvador para darlle usos acordes ás necesidades actuais.

Está a favor dos pactos para conformar un Goberno estable? A maioría absoluta facilita a gobernabilidade, pero non estou en contra dos pactos. Son unha persoa dialogante e creo no consenso. Falando e escoitando pódense alcanzar acordos positivos. Ninguén ten a verdade absoluta e a suma de distintas visións pode enriquecer os proxectos.

Cales son as principais liñas do seu programa? O noso programa aposta pola mellora de infraestruturas, estradas e locais municipais, así como pola ampliación do saneamento e do alumado a máis barrios. Impulsaremos unha Residencia de Maiores, a rehabilitación do Mosteiro de San Salvador e reforzaremos as programacións culturais e deportivas. Ademais, promoveremos o Camiño Norte como motor turístico e económico para Lourenzá.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello? A Residencia de Maiores é prioritaria, pero tamén o é ampliar o saneamento e garantir alumado público en todos os núcleos. Outra actuación necesaria sería completar a mellora das instalacións deportivas de Santa Cruz coa construción de gradas.

De que proxectos se sente máis orgullosa?



Da mellora da rede viaria en todas as parroquias e da creación do local multiúsos de Ponte de Cuñas, que hoxe acolle numerosas actividades. Tamén da renovación dos parques públicos no Cantón, na Gracia e en Santo Tomé, da construción do campo de herba artificial de Santa Cruz e da Área de Autocaravanas do Ranchito.

Como é a súa relación coa oposición? Boa. Podemos discrepar politicamente, pero iso non debe afectar ao respecto persoal. Todos somos veciños e debemos antepoñer o ben común. Non me gusta a confrontación baseada na descalificación; creo nunha política de respecto e diálogo.

EN CLAVE PERSOAL	
Idade, estado civil e familiar. 42 anos, solteira con parella e un fillo de 11 meses.	Unha comida e unha bebida. Un arroz caldoso. E de beber auga, pois non son de bebidas gasosas e menos de alcohol.
Profesión e formación. Licenciada en Administración e Dirección de Empresas.	Unha personaxe admirada. Rosalía de Castro.
E se non fora alcaldesa que sería? Xornalista.	Unha posesión prezada. Unha cadea que foi da miña aboa e que gardo como o maior tesouro que teño.
Que quería ser de cativa? Cantante e música.	Un desexo. Que rematen as guerras. Non soporto ver esas imaxes na televisión.
Que fai para desconectar? Estar na miña casa en San Adriano, co meu neno e meus pais. Tamén tomar un café coas amigas.	Algo para esquecer. Os momentos duros vividos na pandemia e a incerteza daqueles primeiros meses.
Unha virtude e un defecto. Como virtude diría que o meu carácter sociable e extravertido, e defecto, son demasiado sincera moitas veces.	Que é o que máis valora nunha persoa? A sinceridade, a lealdade e autenticidade.
Un consello para compartir. Non discutir nunca aínda que o que che digan non che guste. Intenta empatizar coa outra persoa.	Equilibra ben a vida pública e a privada? Intento facer un equilibrio entre as dúas. Cando participo nas actividades e eventos do Concello gústame facelo como alcaldesa e como veciña.
Un libro. Cantares Gallegos de Rosalía.	Usa redes sociais e WhatsApp? Si, hoxe en día é fundamental.
Unha película. O que arde de Oliver Laxe.	Un desafío pendente. Chegar a escribir un libro.
Un grupo de música. Son máis de orquestras. Sempre me gustaron moito Os Satélites.	Onde se ve en cinco anos? Pois gustaríame verme aquí, sendo a alcaldesa de Lourenzá.
Unha afección. A patinaxe.	
Un lugar que visitar. Gustaríame ir a Marrocos, concretamente a Marrakech e Casablanca.	

lourenzá

Debate político pola xestión das obras no rural e os investimentos

O debate político en Lourenzá volveu situarse no centro da actualidade municipal tras as críticas formuladas polo grupo do Partido Popular á planificación das actuacións incluídas no Plan Camiña Rural 2025-2026 e á execución de recentes obras en Santo Tomé.

Os concelleiros populares cuestionan a localización dalgunhas intervencións viarias previstas, ao considerar que non responden ás necesidades xerais do municipio. En concreto, sinalan unha actuación nunha antiga pista forestal na zona de Sopena-Villapol que, segundo indican, “apenas dá servizo a dúas vivendas” e está próxima a propiedades relacionadas con membros do goberno local. Ao seu xuízo, os recursos públicos deberían priorizar estradas con maior tránsito ou ligadas á actividade agro-gandeira, fundamentais para o sector primario. Tamén poñen o foco na vía que comunica Lourenzá con San Xusto, que definen como “esencial para a mobilidade diaria” e que, segundo aseguran, precisa melloras por motivos de seguridade.

Neste contexto, deputados popula-



res visitaron o inicio da estrada provincial LU-P-2801, en Santo Tomé, cualificada como perigosa pola estreiteza e pola ausencia de beirarrúas, e reclamaron diálogo para ampliar a calzada e reforzar a seguridade viaria.

Pola súa banda, a alcaldesa, Rocío López, defendeu que o executivo está a desenvolver unha estratexia global de modernización da rede municipal, baseada “no estado real das vías e nas demandas veciñais”. Explicou que se están a mellorar os accesos a Paizás e A Rega cun investimento de 66.306 euros, financia-

do en parte pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e anunciou novas actuacións nos próximos meses.

Ao mesmo tempo, o PP alertou da contaminación no rego da Fonte do Cura, en Santo Tomé, que atribúe ás obras de alcatranado no campo da festa e na entrada do cemiterio. Segundo denuncian, apareceron restos de asfalto na auga, o que “pode provocar un grave dano medioambiental”. Reclaman explicacións públicas, a limpeza inmediata da contorna e medidas preventivas para evitar que situacións semellantes se repitan.

Lourenzá impulsa a formación dixital con tres cursos gratuítos

Lourenzá converterase en marzo nun punto de referencia para a formación tecnolóxica no rural coa organización de tres cursos gratuítos orientados á mellora das competencias dixitais da poboación.

Un dos cursos estará centrado na robótica e desenvolverase no CEIP Juan Rey os días 10 e 17 de marzo, dirixido ao conxunto do alumnado do centro. Pola súa banda, o Multiúsos Ponte de Cuñas acollerá outras dúas propostas formativas. A primeira, destinada a persoas autónomas e pequenas e medianas empresas, abordará cuestións relacionadas coa intelixencia artificial e terá lugar tamén os días 10 e 17 de marzo en horario de 19:00 a 22:00 horas.

A terceira actividade estará aberta á veciñanza en xeral e centrarase en contidos como a Chave 365, o certificado dixital e outras ferramentas básicas para realizar trámites coa administración. Esta formación impartirase os días 11 e 18 de marzo de 17:00 a 19:30 horas.

O Goberno local insiste ante a Xunta para abordar o problema das pombas en Vilanova

O Concello de Lourenzá volveu dirixirse á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para reclamar unha resposta á problemática xerada pola presenza de pombas no casco urbano de Vilanova. A alcaldesa, Rocío López, explicou que se trata dunha cuestión que preocupa á veciñanza e que afecta tanto a vivendas particulares como a distintos edificios da zona.

Segundo detallou a rexedora municipal, o Concello remitiu novamente un escrito á administración autonómica no que solicita que se avalíe a situación e se determine se a presenza de pombas pode considerarse unha praga. Esta petición xa fora trasladada con anterioridade á Consellería, sen que ata o momento se recibise contestación oficial.

Rocío López lembrou que a iniciativa parte dun acordo plenario aprobado por unanimidade polos tres grupos políticos que integran a corporación municipal. A través dese acordo, o Concello solicitou á Xunta indicacións claras sobre o protocolo que se debería seguir para o control ou posible erradicación da poboación



de pombas, sempre dentro da legalidade vixente e con criterios técnicos. A alcaldesa subliñou tamén a vontade do goberno local de colaborar de maneira activa con todas as administracións implicadas. Nesa liña, manifestou a disposición do Concello a traballar conxuntamente coa Xunta de Galicia e co Bispo para buscar unha solución consensuada e eficaz que permita poñer fin a unha situación que, segundo indicou, está a causar un impacto negativo continuado no casco urbano de Lourenzá.

alfoz

Mobilizan máis de 292.000 euros para melloras en patrimonio, servizos e camiños



O Concello de Alfoz deu conta da presentación, a comezos de febreiro, do Plan de Cooperación cos Concellos da Deputación de Lugo, un programa que permitirá mobilizar un total de 292.048,97 euros no municipio, sumando a achega provincial e a contribución municipal, que ascende a 13.368,90 euros.

Entre as actuacións previstas inclúense intervencións de conservación no Castelo de Castrodoiro, concretamente a restauración e pintado das ventás, así como melloras na escola de Adelán. O plan tamén contempla a adquisición de robots cortacésped para optimizar o mantemento de espazos públicos e a reparación e acondicionamento de pistas nas parroquias de Adelán, Bacoí, Lagoa, Pereiro e Mor.

Paralelamente, o goberno local solicitou unha subvención á Xunta de Galicia no marco do programa Galicia Suma Talento Rural Activo, destinada á contratación de persoas desempregadas. A proposta inclúe a incorporación de dous operarios de obras e un coordinador, co obxectivo de ofrecer experiencia profesional no ámbito

rural e reforzar os servizos municipais.

Ademais, o Concello está a traballar na tramitación dunha nova axuda con cargo aos fondos Feader para a mellora de camiños municipais que dan acceso ás entidades de poboación da Rega, O Vilar, Rolle, Correlas e O Barral, co propósito de mellorar a conectividade e a seguridade viaria no rural.

INSTALACIÓNS. O Goberno local levou a cabo novas actuacións de mellora en instalacións municipais co obxectivo de ofrecer espazos máis confortables, seguros e funcionais para a veciñanza. Na escola da parroquia de Adelán completouse a instalación de illamento na aula, optimizando as condicións térmicas para o desenvolvemento de actividades como ioga e pilates. Ademais, o pavillón municipal incorporou unha nova rede de tenis para atender a crecente demanda deportiva. Deste xeito, os afeccionados poderán practicar esta modalidade en Alfoz sen necesidade de desprazarse a outros concellos, reforzando así a oferta deportiva local.

CLUB DE LECTURA



O Club de Lectura da Biblioteca Municipal recibiu ao escritor Manuel Esteban, e compartiu cos membros unha charla arredor da súa última novela “A lei do mar”. Foi un encontro moi especial no que puideron falar sobre a historia, o proceso de creación da obra e intercambiar impresións.

Os locais de armadores de San Cibrao estean melloras tras unha renovación integral

Os locais de armadores do porto de San Cibrao, no concello de Cervo, contan desde agora con instalacións completamente renovadas tras unha actuación integral impulsada pola Xunta de Galicia e executada por Portos de Galicia. O investimento, que ascendeu a 365.000 euros, permitiu mellorar de maneira notable as condicións dos espazos que emprega o sector profesional, adaptándoos ás esixencias actuais e reducindo as necesidades de mantemento a medio e longo prazo.

A conselleira do Mar, Marta Villaverde, visitou as instalacións unha vez rematadas as obras, acompañada polo presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, e comprobou de primeira man o resultado dos traballos realizados nos tres edificios que albergan un total de dez locais. As actuacións centráronse tanto na estrutura como na envolvente dos inmobles, cunha intervención pensada para garantir maior durabilidade, seguridade e funcionalidade.

Entre as melloras máis destacadas atópase a restauración dos

elementos de formigón armado deteriorados polo paso do tempo e pola exposición ao ambiente mariño. Estes foron tratados con materiais anticorrosivos co obxectivo de prolongar a súa vida útil. Ademais, todos os locais foron conectados á rede de saneamento, incorporando as arquetas necesarias para un correcto servizo.

A actuación incluíu tamén un tratamento específico para corrixir os problemas de humidades existentes na envolvente dos edificios, derivados da diferenza de cota entre fachadas. Así mesmo, renováronse por completo as cubertas dos bloques, empregando paneis sándwich e chapas de lousa, materiais máis eficientes e axeitados ao contorno portuario.

Segundo destacou a conselleira do Mar, esta intervención supón unha mellora directa para os profesionais que desenvolven a súa actividade nestes locais, ao tempo que contribúe a unha mellor integración dos edificios no porto e a unha redución significativa dos custos de conservación.

A Ribeira de Foz alerta dun novo afundimento no Porto Chico

A Asociación A Ribeira de Foz fixo pública a súa preocupación polo afundimento dunha embarcación deportiva no porto de Porto Chico de Foz, ocorrido tras os últimos temporais acompañados de intensas precipitacións.

Segundo explican desde o colectivo, a embarcación acabou completamente baixo o dique no que permanecía amarrada, sufrindo danos irreversibles. Para a asociación, este episodio volve evidenciar un problema estrutural que levan anos denunciando: a insuficiente protección do porto fronte ao forte oleaxe.

A entidade sostén que a dársena non ofrece o abrigo necesario, xa que o mar entra con forza no interior, xerando importantes resacas. A isto súmase o rebote das ondas na escollera, que impacta directamente contra os diques, provocando danos na súa estrutura e facilitando a rotura dos cabos de amarre. En situacións de temporal severo, sinalan, a capacidade de reacción é practicamente inexistente.

Desde A Ribeira de Foz lembran que adoitan advertir aos socios e usuarios da necesidade de revisar



amarres e reforzar as medidas de seguridade nos días de mal tempo, aínda que recoñecen que estas precaucións resultan insuficientes se non se acometen melloras de fondo na infraestrutura portuaria. A asociación indica tamén que, segundo a información da que dispoñen, Portos de Galicia leva tempo traballando nun proxecto para reforzar o abrigo de Porto Chico e corrixir estas deficiencias. Porén, critican que ata o momento non se perciben avances visi-

bles na execución das actuacións previstas. Ante esta situación, o colectivo solicita ás administracións competentes que prioricen con carácter urxente esta intervención para evitar que no futuro poidan producirse consecuencias persoais de maior gravidade. A entidade asegura que continuará defendendo os intereses dos usuarios do porto e reclamando medidas eficaces que garantan a seguridade das embarcacións.

A escola convértese en altavoz da sustentabilidade mariña

A Fundación Expomar continúa reforzando o seu papel como motor de dinamización do sector marítimo-pesqueiro coa posta en marcha do proxecto “Sostibilidade da actividade pesqueira e consumo responsable. Congreso da infancia e da adolescencia”, coñecido como “Xeración Peixe”. A iniciativa desenvolverase ao longo de 2025 e 2026 e está financiada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027 e polo GALP A Mariña-Ortegal.

O programa aposta pola implicación da comunidade educativa e social da Mariña, fomentando o diálogo entre xeracións e a sensibilización arredor da protección do medio mariño. Durante o mes de marzo, alumnado de primaria e secundaria de Burela participa en xornadas de limpeza de praias en colaboración co centro de educación ambiental Gaia. Os

residuos recollidos converteranse posteriormente nunha mostra expositiva de carácter divulgativo para concienciar sobre a necesidade de preservar os ecosistemas costeiros.

Ademais, están a desenvolverse obradoiros de arte mariñeiro en centros de inclusión social da comarca, nos que se elaboran pezas artesanais que formarán parte do congreso final. A programación inclúe tamén un taller interxeracional que reúne mocidade do municipio con persoas usuarias da residencia e do centro de día, co obxectivo de recompilar contos, lendas, receitas e lembranzas vinculadas á tradición pesqueira local.

No ámbito gastronómico, a Escola de Hostalaría de Foz acollerá unha xornada de degustación do “Pincho de Peixe”, na que participarán responsables de comedores escolares e centros sociosanitarios para preparar a celebración do

“Día do Peixe”. Esta cita incluírá un menú especial a base de pota e peixe espada nos comedores públicos da comarca, chegando a máis dun milleiro de persoas.

O traballo culminará o 30 de abril na Casa da Cultura de Burela cun Congreso da infancia e da adolescencia no que se presentarán os resultados das actividades a través de relatorios e exposicións.

A presidenta de Expomar e alcaldesa de Burela, Carmela López, destacou que o proxecto reforza o valor da pesca non só como recurso alimentario, senón como eixo de desenvolvemento económico e social.

Paralelamente, Expomar renovou a súa colaboración coa Xunta de Galicia tras un encontro coa conselleira do Mar, Marta Villaverde. No eido profesional, a entidade celebrará en maio as XXXIII Xornadas Técnicas e o XXVII Encontro Empresarial de Organizacións



Profesionais de Armadores, e manterá presenza en feiras como Navalía e Conxemar en Vigo.

A programación completarase coa feira Produart en agosto, a participación na Rede Nacional

de Turismo Pesqueiro e unha nova edición do Día do Orgullo Mariñeiro en decembro, consolidando a aposta por unha economía azul sostible e con identidade propia.

A voz dun oficio invisible que sostén a lonxa de Burela

Begoña Pernas é a presidenta da cooperativa de estibadoras O Cantiño e reivindica o papel das mulleres que, de madrugada, fan posible a venda

Por Ana Somoza.

A historia da cooperativa de estibadoras de Burela O Cantiño é tamén a historia dunha parte silenciosa do sector pesqueiro, un traballo esencial que durante décadas permaneceu practicamente invisible. Á fronte desta cooperativa integrada exclusivamente por mulleres atópase Begoña Pernas Pernas, que leva nove anos desempeñando un labor que, segundo ela mesma explica, “non se ve, pero nótase moito cando non está ben feito”. Begoña chegou á cooperativa seguindo un camiño marcado pola tradición familiar e tamén polos acordos internos que durante anos permitiron manter vivo o oficio. “Empecei ao retirarse unha tía que levaba traballando 21 anos. Tiñan o acordo de que cando se retiraba unha, tiña preferencia un familiar”, lembra. Aquel foi o seu punto de entrada a un mundo que coñecía ben desde pequena, porque, como ela mesma resume, “veño dunha familia mariñeira de toda a vida”. Na súa casa, o mar nunca foi algo allexo. A nai foi redeira, o pai patrón de pesca e os avós tamén estiveron ligados ao sector. “Medrei escoitando falar do mar, dos barcos e das mareas”, conta, deixando claro que o seu traballo actual non é unha casualidade, senón a continuidade dun vínculo xeracional cun sector que marcou a identidade de Burela durante décadas.

ORIXES. A cooperativa de estibadoras de Burela naceu no ano 1988, nun contexto social e laboral moi distinto ao actual. Naquel momento, as mulleres tiñan unha presenza constante no ámbito mariñeiro, pero moitas veces como apoio informal, sen recoñecemento nin dereitos. “As mulleres eran un complemento para a casa”, lembra Begoña, explicando que axudaban no que podían, pero sen seguro nin cotización. Foi precisamente esa situación a que levou a un grupo de mulleres a organizarse. “Hai 37 anos pelexaron por cotizar para ter un retiro sen depender da pensión dos homes”, sinala. A creación da cooperativa supuxo un paso decisivo para dignificar un traballo que xa se realizaba, pero que non estaba recoñecido como tal. “Daquela a maioría do pobo vivía do mar e as mulleres estaban coas tarefas da casa, pero tamén traballaban”, engade.

As primeiras integrantes da cooperativa xa están hoxe retiradas, pero deixaron un legado que continúa

vivo. “Grazas a elas estamos aquí”, recoñece Begoña, que considera que aquela decisión foi “valente e moi necesaria”, especialmente nun tempo no que non era habitual que as mulleres se organizasen para reclamar dereitos laborais.

MADRUGADA. O traballo das estibadoras comeza cando boa parte da vila aínda dorme. As xornadas arrincan de noite ou de madrugada, cun horario que varía segundo a actividade dos barcos e as mareas. “A nosa función é clasificar o peixe que traen os pincheiros volanteiros e un arrastreiro de altura que temos”, explica a presidenta da cooperativa. Non hai unha hora fixa de entrada. “Varían as horas segundo a cantidade de barcos que haxa e segundo a marea”, detalla. Cada mañá, é Absa quen chama ás estibadoras para indicarlles cando deben estar na lonxa. “Chámannos todos os días pola mañá para dicirnos a que hora temos que entrar”, relata. Cando chegan os barcos ou os

nómicas importantes.

Nos barcos, o espazo é limitado. “Eles non teñen moito sitio e cando hai moito peixe enchen as caixas para metelo na neveira”, indica. Iso implica que, ao chegar á lonxa, as estibadoras teñen que “visualizar esas caixas” e recompoñelas sobre a mesa. “Se nunha caixa non vale un peixe ou dous, sácalos e complétalos con outro doutra caixa”, explica.

Todo este proceso faise practicamente “a ollo”, apoiándose na experiencia acumulada ao longo dos anos. “Xa o facemos sen pensar, porque temos moita práctica”, asegura. Ademais, hai que ter en conta a orde das capturas. “As primeiras lingadas son do último lance, do último día que estiveron pescando, e ese peixe vén fresquísimos”, explica. Por iso, “non se pode mesturar co peixe do primeiro día”.

Unha vez clasificado, o peixe chega á báscula. Alí, outra compañeira conta as pezas e comunícalas ao pesador, que pesa e etiqueta antes de que comece a venda. “A hora da



camións, especialmente nos períodos de campaña en Irlanda ou Francia, comeza un proceso minucioso que require experiencia e atención constante. “Os mariñeiros botan as caixas de peixe que soben en lingadas para a mesa”, describe Begoña. A partir dese momento, o traballo é continuo e físico: arrastrar as caixas, abrir, revisar e clasificar.

OFICIO. A clasificación do peixe é unha das tarefas máis delicadas e decisivas de todo o proceso. “Clasificamos o peixe por tamaño, especie e frescura”, explica. Cada caixa debe conter pezas do mesmo calibre. “Se é pescada, ten que ir toda do mesmo calibre”, puntualiza, consciente de que un pequeno erro pode ter consecuencias eco-

venda depende do día, pero adoita empezar sobre as seis e media da mañá”, sinala Begoña, aínda que recoñece que “ás veces aínda estamos rematando cando xa se pode empezar a poxa”.

EQUIPO. Na actualidade, a cooperativa O Cantiño está formada por cinco socias e tres empregadas. A organización do traballo depende moito dos horarios dos barcos. “Nunca empezan todos á mesma hora”, explica Begoña. Por iso, adoitan dividirse en grupos. “Por exemplo, van catro mulleres para o primeiro barco en comezar a descarga e outras catro para o segundo”. A medida que chegan máis barcos, as estibadoras van redistribuíndose. “Imos pasando unha muller de



Fotografías de Arracada Produccións

cada grupo ao seguinte barco que empeza”, relata. Non sempre hai persoal abondando, e en ocasións o traballo recae sobre unha soa persoa. “Hai veces que che toca estar soa nun barco e facer todo”, admite.

Os luns e os xoves adoitan ser os días de maior carga de traballo. “Pode haber sete ou oito barcos entre barcos e camiións”, explica. O arrastreiro de altura chega normalmente os luns pola tarde, mentres que os camiións procedentes de Irlanda ou da Illa de Man chegan en ferry. “Traer o peixe desde Castletown en camiión é máis rendible que facer toda a ruta por mar”, apunta.

DUREZA. O traballo das estibadoras é esixente a nivel físico. “É moi duro”, afirma Begoña sen dubidar.

“Estaría ben que se nos recoñecese o coeficiente redutor, igual que ás redeiras e a outras profesións do mar, porque o noso corpo reséntese moito despois de anos de esforzo nocturno e físico”

O esforzo repetitivo de arrastrar, levantar e baixar caixas pasa factura co paso dos anos. “Non é unha caixa nin dúas, son moitas, e sempre co mesmo movemento”, explica.

No seu caso, os ombros e os brazos son as zonas máis castigadas. “É o que peor levo”, recoñece. Ademais, o traballo faise ao aire libre, exposto á chuvia e ao frío. “Traballamos fóra, chova ou faga frío”, sinala, lembrando tamén as lesións habituais. “Hai moitas tendinites polo peso e polo esforzo”.

A isto súmase a diminución da actividade pesqueira. “Cada vez hai menos descargas e menos barcos”, explica, o que non reduce necesariamente o esforzo, senón que obriga a concentrar máis traballo

en menos xornadas. “Hai que poñerlle ganas e ir con moito xeito para non lesionarse”, engade.

FUTURO. Un dos principais retos da cooperativa é o relevo xeracional. “Hai moi pouca xente nova que queira entrar”, lamenta Begoña. As condicións do traballo non resultan atractivas para as novas xeracións. “É de noite, é duro, colles pesos e acabas tocada fisicamente”, enumera.

Nese contexto, Begoña reivindica o recoñecemento legal do seu traballo. “Estaría ben que se nos dera o coeficiente redutor, igual ca ás redeiras e a outros traballos do mar”, afirma. Ela lembra que as estibadoras soportan xornadas nocturnas, esforzos físicos continuados e un elevado risco de lesións, factores que, ao seu xuízo, xustifican unha medida que permitiría adiantar a idade de xubilación. “O noso corpo reséntese moito co paso dos anos”, explica, convencida de que este recoñecemento sería tamén unha forma de dignificar un oficio tradicionalmente invisibilizado e maioritariamente feminino.

A presidenta considera que os oficios do mar están en perigo. “Estanse perdendo totalmente”, afirma, non só no caso das estibadoras, senón tamén a bordo das embarcacións. A falta de relevo ameaza a continuidade dun sector do que dependen moitas outras actividades. “Se a pesca falla, afecta a todo: pescadarías, tendas, talleres, roupa mariñeira”, lembra. Begoña tamén reclama máis implicación das administracións. “Debería haber máis apoio”, insiste, convencida de que visibilizar o traballo das estibadoras é un primeiro paso. “Ata hai pouco tempo non se sabía nin que existíamos”, di, aínda que recoñece que iniciativas como o Día do Orgullo Mariñeiro axudaron a cambiar esa situación. Sobre o que lle gustaría que soubese a veciñanza, é clara: “Facemos un traballo moi importante”. Reivindica o carácter emprendedor das mulleres da cooperativa. “Somos mulleres traballadoras, que logramos ter a nosa propia empresa e apostar por ela”, conclúe, cunha mestura de orgullo e preocupación polo futuro dun oficio que sostén, cada madrugada, o funcionamento da lonxa de Burela.

DEPUTACIÓN

Aprobada a listaxe de admitidos na sexta edición do Coñece a túa provincia

A Xunta de Goberno aprobou a lista-xe provisional das entidades admitidas para participar na sexta edición do Coñece a túa provincia, que saen publicadas, no BOP.

Esta nova convocatoria bateu récord de participación cun total de 365 solicitudes, 32 máis que o ano pasado. Destas solicitudes, 135 colectivos foron admitidos, mentres que 230 quedan na lista de agarda por se se producen baixas. “Un dato a destacar é que, nesta ocasión, todos os colectivos admitidos participan por primeira vez, xa que se priorizaron as entidades que nunca antes formaran parte desta iniciativa. O obxectivo é ampliar o alcance do programa e abrir novas oportunidades de redescubrir a provincia a través destas viaxes gratuítas”.

Desde que se puxo en marcha en 2021, o programa medrou de xeito constante e consolidouse como un éxito rotundo entre os colectivos da provincia. O seu interese non deixa de crecer: ata agora, preto de 12.200 persoas participaron, xerando un retorno económico superior a 800.000 euros.

Ademais aprobáronse as bases e convocatorias para cubrir seis novas prazas de funcionario mediante concurso-oposición incluíndo unha praza de Auxiliar para o Arquivo Provincial, tres prazas de Auxiliar de Sala para a Rede Museística-dúas reservadas a persoas con discapacidade-, e por último, dúas prazas de Maquinista- Conductor para o Parque Móbil reforzando así os servizos públicos da institución provincial. Nos vindeiros días saíran publicadas no BOP.

A Deputación pide á Xunta máis recursos para a atención á diversidade

O Pleno ordinario da Deputación provincial aprobou unha iniciativa socialista para reclamar á Xunta de Galicia a necesidade de reforzar o persoal de atención á diversidade nos centros educativos da provincia. A moción contou cos votos a favor do PSdeG, o BNG e o deputado non adscrito e os votos en contra do PP.

“Levamos anos vendo o declive da ensinanza pública por falta de vontade política. É evidente que Galicia arrastra unha falta estrutural de profesorado especialista en atención á diversidade, o que impide garantir unha educación verdadeiramente inclusiva e adaptada ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio”, sinalou a Deputada de Muller e Igualdade, Marisol Morandeira Morandeira. Destacou ademais que este ano o curso académico arrancou na provincia de Lugo 157 vacantes de profesorado sen cubrir, “algo que se repite ano tras ano”.

Defendeu que son numerosos os exemplos de centros na provincia de Lugo que carecen de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) a pesar de contar con alumando que ten ditame recoñecido, ou nos que a atención á diversidade queda gravemente limitada pola falta de recursos humanos mínimos, xerando unha situación de desigualdade entre concellos.

O texto presentado polos socialistas inclúe ademais que a Xunta de Galicia elabore e poña en marcha “de maneira inmediata” un Plan de Choque específico para reforzar os



especialistas en atención á diversidade; que dote este dos recursos económicos e humanos necesarios; que revise os criterios de asignación e ratios de profesorado PT e AL; e que garanta a cobertura efectiva das prazas necesarias.

Ademais, o Pleno aprobou por unanimidade unha Declaración Institucional con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, na que se recoñece o papel das mulleres que sosteñen a administración local e desempeñan funcións esenciais na planificación, xestión e prestación de servizos públicos.

OUTRAS PROPOSTAS. A Deputación de Lugo instou á Xunta a poñer en marcha unha estratexia organizada e preventiva para salvagardar o patrimonio da provincia e impedir que se produzan danos irreversibles nos seus bens culturais. A proposta, presentada polo BNG, saíu adiante, malia o voto en contra do PP.

No transcurso do debate, a deputada nacionalista Iria Castro cuestionou a ausencia dunha política de conservación sólida por parte do Executivo autonómico, ao que lle corresponde a tutela dos Bens de Interese Cultural. Subliñou que non abonda con actuar cando xa se produciron derrubamentos, senón que é preciso anticiparse cunha planificación que evite o deterioro. Como exemplo, referiuse á Muralla de Lugo, onde informes técnicos sinalan varios puntos sensibles, e tamén a outros enclaves como a Torre de Torés, a Torre de Caldaloba ou a Casa Benedicto, casos nos que denunciou demoras e falta de actuación por parte da Xunta.

Na mesma sesión plenaria, a Corporación aprobou por unanimidade unha iniciativa para reclamar ao Goberno do Estado unha intervención integral na N-540, estrada que conecta Lugo con Ourense. O BNG solicitou actuacións inmediatas nos

treitos máis afectados ao longo do primeiro semestre de 2026 e a execución, sen máis atrasos, dunha reforma en profundidade da vía.

O deputado Daniel García alertou do perigo que representa o estado actual da estrada para a seguridade das persoas usuarias e criticou a escasa inversión en infraestruturas viarias na provincia. Ademais, fixo referencia á situación doutras vías relevantes como a N-VI, a N-120 e a N-640, así como aos atrasos acumulados en proxectos como a A-74, a VAC Costa Norte ou o desdoblamento da AG-22.

O PP criticou que PSOE e BNG votasen en contra das dúas iniciativas. Os populares propoñían, por unha banda, habilitar un fondo extraordinario de polo menos 5 millóns de euros para axudar aos 67 concellos da provincia a reparar infraestruturas municipais danadas polos temporais, especialmente camiños rurais, mediante axudas directas e procedementos simplificados.

Tamén solicitaron que a Deputación instase ao Goberno central a retirar o recurso presentado ante o Tribunal Constitucional contra o plan galego de axilización da dependencia.

VISITA AO PLENO. A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, saudou a un grupo de 24 alumnos e alumnas, xunto a varios docentes, do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos do Campus de Lugo, que asistiron en directo aos Plenos ordinario e extraordinario celebrado no Pazo de San Marcos.

O Consello de Turismo aproba os premios 2026

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu a primeira reunión do ano, no que se aprobaron as bases da convocatoria 2026 para os Premios de Turismo e se presentou o calendario das accións previstas.

Ao igual que anos anteriores, os Premios de Turismo contarán con tres modalidades –Lugo Cambia ao Turismo Lucense, Premio Turismo Sostible e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense.

Poden optar aos galardóns tanto persoas físicas como xurídicas,

públicas ou privadas, a nivel local, autonómico, nacional ou internacional, sempre que o seu traballo teña repercusión positiva no turismo ou na gastronomía da provincia ou nunha zona concreta de Lugo. Os proxectos, iniciativas ou traxectorias profesionais deberán estar viventes ou realizarse no marco dun plan en curso.

A entrega dos premios terá lugar nunha gala que se celebrará o 27 de setembro no Pazo de San Marcos, coincidindo coa Día Mundial de Turismo. O prazo de presentación de candidaturas abrirase tras a publicación da convocatoria no Boletín



Oficial da Provincia, e as solicitudes deberán presentarse de forma telemática a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo, cun prazo dun mes.

Ademais, a vicepresidenta do Consello de Turismo detallou as principais accións da área de Turismo da Deputación para o ano 2026. Entre as

principais accións mantéñense programas consolidados, como o Coñece a túa provincia, as rutas fluviais, as rutas do románico ou a presenza en feiras e eventos turísticos.

Ademais, a Deputación continuará apoiando a entidades e concellos co obxectivo de fomentar iniciativas turísticas e festas locais.

Impulsarán cursos e demostracións de artesanía na provincia

A Vicepresidencia pon en marcha unha nova iniciativa de promoción da artesanía, o programa Mans artesás, co que profesionais da provincia ofrecerán demostracións, obradoiros e cursos de diferentes oficios tradicionais e manuais. Cestería, olería, traballo con coiro, técnicas de tecido ou torneado e tallado de madeira son algunhas das actividades incluídas, que se desenvolverán en función da dispoñibilidade das artesás e artesáns participantes.

As asociacións e colectivos interesados deben remitir un correo electrónico a formacion.centrad@deputacionlugo.org con tempo.

DEPORTES

A Mariña deixa pegada internacional no fútbol sala de Cabo Verde

Os xogadores Domingos, Hélder e Renatinho, vinculados ao fútbol sala da Mariña, lideraron o histórico intento de clasificación de Cabo Verde para a Copa África na súa primeira participación continental. O combinado cabo-verdiano chegou ata a eliminatoria decisiva tras superar con claridade a Senegal, con partidos disputados en Tarrafal de Santiago e no Dakar Arena. Na fase final enfrontouse a Exipto, un dos favoritos do torneo. O empate a

cinco goles na ida mantivo vivo o soño africano, pero a derrota por 3-1 no Cairo, cun gol visitante de Elson Fernandes, acabou coas opcións de pase. Formados no Burela FS, Hélder Gonçalves Semedo e Domingos Xabier Pintos xogan na liga polaca, mentres Renatinho Rodrigues Monteiro compite coa SD Xove FS. A súa presenza reforza a proxección internacional do fútbol sala da Mariña e o desenvolvemento deportivo de Cabo Verde.

A Copa Deputación de Segunda e Terceira sorrí á Pontenova, a Candelaria e o Riotorto



A representación mariñá saíu reforzada da última eliminatoria da Copa Deputación de Segunda e Terceira, coa clasificación de Sporting Pontenova, Candelaria e Riotorto, que continúan o seu camiño no torneo provincial.

Na Pontenova, o conxunto local volveu demostrar autoridade diante da súa afección. O marcador púxoselle costa arriba tras o tanto inicial do rival, pero a reacción foi inmediata. Cun xogo máis vertical e maior presenza na área contraria, os locais lograron igualar antes do descanso e, xa na segunda metade, impuxeron o seu ritmo para completar a remontada. O terceiro gol, no treito final, confirmou a superioridade dun equipo que converteu o seu estadio nun escenario case inexpugnable nos últimos meses.

Moito máis aberto foi o enfrontamento disputado en Da Cea, onde o Candelaria soubo competir nun duelo de intercambios constantes. Cada

golpe atopaba resposta e o choque chegou ao descanso cunha lixeira vantaxe visitante. Tras a reanudación, a igualdade volveu ao marcador, pero a determinación do cadro mariñao acabou marcando a diferenza cun tanto desde o punto de penalti que resultou decisivo nun partido de alta intensidade.

En Riotorto viviuse unha eliminatoria de máxima igualdade. O líder do seu grupo atopou un adversario sólido, capaz de neutralizar a vantaxe inicial dos locais. Sen máis cambios no marcador ao remate do tempo regulamentario, a clasificación resolveuse na quenda de penaltis. Desde os once metros, os riotortenses amosaron maior sangue frío e precisión para asegurar o pase.

A xornada deixa así tres equipos da Mariña na seguinte fase e confirma o bo momento que atravesan os conxuntos da comarca no panorama provincial.

Mondoñedo e Ribadeo preparan un verán de baloncesto base

A comarca da Mariña volverá converterse este verán nun punto de encontro para o baloncesto formativo coa celebración de dous campus que reunirán a centos de nenos e nenas chegados de distintos puntos de Galicia e doutras comunidades. Mondoñedo e Ribadeo serán escenario de dúas iniciativas xa consolidadas que combinan aprendizaxe técnica, convivencia e actividades de lecer, reforzando así o papel da comarca como referente deportivo.

En Mondoñedo desenvolverase no verán unha nova edición do Campus Ranas, que celebra o seu 30 aniversario. A proposta estrutúrase en dúas quendas, do 28 de xuño ao 3 de xullo e do 5 ao 10 de xullo, e está dirixida a participantes de entre 8 e 18 anos. Os grupos organizaranse por idades e niveis co obxectivo de garantir unha atención máis personalizada e un traballo adaptado ás necesidades de cada xogador ou xogadora. O programa inclúe sesións diarias de tecnificación, adestramentos específicos por posicións, compe-

ticións internas e actividades complementarias como excursións, xogos e dinámicas de grupo. Coincidindo coa efeméride das tres décadas, a organización anunciou descontos especiais para as novas inscricións.

Pola súa parte, Ribadeo acollerá do 22 ao 27 de xuño o Campus de Tecnificación The Basket Dream, destinado a mozos e mozas de entre 6 e 18 anos. A iniciativa está promovida por Élite Sports Academy, The Basket Dream e o CB Ría de Ribadeo. Durante seis xornadas intensivas, os asistentes traballarán fundamentos técnicos, preparación física e conceptos tácticos baixo a dirección de adestradores con experiencia en distintas categorías. O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, salientou a importancia de seguir fomentando o deporte base e destacou a tradición cestista da vila. Ambas propostas non só apostan pola mellora deportiva, senón tamén pola transmisión de valores como o compañeirismo, o esforzo e o respecto.

Paula Conde revalida o título galego absoluto nos 60 metros lisos

A atleta ribadense Paula Conde Carrelo proclamouse campioa autonómica absoluta dos 60 metros lisos en pista curta no XLI Campionato Xunta de Galicia, celebrado en Ourense o 14 de febreiro de 2026. Con só 17 anos e competindo aínda como sub-20, a velocista do Lucus Caixa Rural confirmou o seu dominio na distancia máis explosiva do programa. Na final impúxose nunha carreira moi axustada fronte a Cristina Garrido, ambas cun tempo de 7.64 segundos, resolvéndose o triunfo por milésimas ao seu favor.

Nas semifinais xa batera a súa mellor marca persoal cun 7.63, quedando a unha centésima do rexistro da final. Ademais, rozou o podio nos 200 metros lisos, onde foi cuarta cun tempo de 25.20, mínima para o Campionato de España sub-20 e mellor marca da tempada.

Con estas prestacións, Paula suma dúas mínimas nacionais en 60 e 200 metros e consolida unha campaña invernal brillante, competindo de igual a igual coas mellores atletas absolutas galegas.

Morás impón a súa lei no II Aberto do Miño disputado en Castro de Ribeiras de Lea



Castro de Ribeiras de Lea foi escenario do II Aberto do Miño de billarda, unha cita que reuniu a 78 palanadores nunha xornada que comezou con néboa e rematou baixo un ceo despegado. Participaron 53 homes, 19 donas e 6 cativos nun terreo brando polas choivas, que fixo o xogo máis esixente e aumentou a emoción. A quinta carreira resultou decisiva nunha loita moi igualada entre Markytos, Morás, Carlos e Bonxe. Finalmente, Morás proclamouse

campión tras superar a Markytos e Bonxe nun desenlace axustado. Na categoría feminina, Vivi deu a sorpresa ao impoñerse a Vanesa e Delia, mentres que en infantís Mateo confirmou o seu gran momento, acompañado no podio por Mauro e Adrián.

Por equipos, Madia Leva estreou o seu palmarés nun aberto, consolidando a súa progresión. Pepe Outeiro conduciu a entrega de premios. A próxima cita será o 14 de marzo en Bretoña.

O Vicedo acollerá a VI Carreira de Monte o 17 de maio

O concello do Vicedo volverá converterse nun referente do deporte ao aire libre coa celebración da VI Carreira de Monte, prevista para o sábado 17 de maio. A cita terá como escenario a contorna natural do Fución do Porco e Caolín, un dos espazos máis emblemáticos do municipio, e reunirá a deportistas e afeccionados ao trail e ao sendeirismo.

A proba inclúe tres opcións adaptadas a diferentes niveis: unha andaina de 15 quilómetros, un trail curto tamén de 15 quilómetros e un trail longo de 21 quilómetros, permitindo así a participación tanto de persoas afeccionadas como de corredores máis experimentados.

Esta edición terá ademais un carácter especial ao celebrarse como Memorial Natalia Sánchez Pulgar, rendendo homenaxe á súa figura a través dunha xornada deportiva marcada polo respecto á natureza e o espírito de superación.

As inscricións xa están abertas e poden realizarse a través da plataforma ChampionChip Norte, na páxina web www.ccnorte.com.

A Concentración de Motos do Valadouro celebrará en maio a súa edición máis ambiciosa

O Valadouro converterase entre o 30 de abril e o 3 de maio de 2026 no punto de reunión para centos de afeccionados ás dúas rodas coa vixésimo novena edición da Concentración de Motos, impulsada polo Moto Club Val do Alouro. Os organizadores ultiman un programa amplo que se estenderá durante catro xornadas e que combinará propostas deportivas, musicais e gastronómicas pensadas para todas as idades. A apertura das inscricións e da zona de acampada está prevista para o xoves 30 de abril ás 17:00 horas, dando inicio a unha carpa amenizada con música como primeira toma de contacto. A xornada do venres 1 de maio concentrará boa parte dos actos principais. Haberá recepción de participantes, sesión vermú con disco móbil, pinchadas para inscritos con callos e pan e unha exhibición de acrobacias de freestyle a cargo de Saulfmx_124. Pola noite desenvolveranse sorteos

de xamón e novas pinchadas, ademais de concertos de grupos como Dr. Slump Banda e actuacións de Tekila. O sábado 2 de maio incluírá unha ruta libre moiteira con saída diante da piscina ás 11:00 horas, mercado semanal da vila, comidas para inscritos e actividades infantís con inchable gratuito, rematando de novo con exhibición acrobática e ambiente musical ata a madrugada. O domingo 3 de maio pechará a celebración cun almorzo para os asistentes e outra ruta libre turística que regresará á carpa para a comida final, sorteos e entrega de trofeos. As inscricións serán limitadas e terán un custo de 50 euros a completa e 40 euros a media, sendo gratuíta a do venres para inscritos. O prazo para a inscrición anticipada finalizará o 26 de abril e os teléfonos de contacto facilitados polo club servirán para canalizar as reservas e consultas dun evento que busca reforzar a convivencia arredor da paixón polas motos.

O IV Trail dos Muíños dá o salto ao calendario galego de trail

O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, participou na presentación oficial do IV Trail dos Muíños de Riotorto, que se celebrará o vindeiro 23 de maio e que este ano dá un paso adiante ao incorporarse por primeira vez ao calendario galego de trail, concretamente na Serie Plata. Esta inclusión supón un recoñecemento ao traballo desenvolvido pola organización e reforza a proxección da cita, atraendo a atletas de diferentes puntos de Galicia. A Vicepresidencia da Deputación apoia economicamente a proba cunha achega de 3.000 euros á Asociación de Veciños de Ferreiría, encargada da súa organización. Durante o acto, Castro salientou “a importancia do trail e das carreiras populares para estender a práctica deportiva no rural e consolidar unha base sólida nesta disciplina”, ademais de destacar “o compromiso da organización por impulsar unha iniciativa que pon en valor a pai-



saxe, o patrimonio e a identidade do territorio”. Na presentación tamén interviñeron Alberto Lombardero, responsable da organización; o alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias; Manuel Otero, en representación da Xunta de Galicia; e Iván Sangiao, vicepresidente da Federación Galega de Atletismo. Todos coincidiron en subliñar o crecemento progresivo da proba e o seu impacto positivo tanto a nivel deportivo como turístico e social.

O Trail dos Muíños manterá tres modalidades adaptadas a distintos perfís: un percorrido longo de 21 quilómetros, outro de 12 quilómetros e unha andaina de 13 quilómetros para quen prefira unha opción non competitiva. A combinación de existencia física e contorna natural converte esta cita nun referente do calendario. O prazo de inscrición abrirase este luns, 2 de marzo.

O Mondoñedo FC ascende a Segunda con tres xornadas aínda por disputar

O Mondoñedo FC xa é equipo de Segunda Futgal cando aínda restan tres xornadas para o remate do campionato. O conxunto mindoniense certificou matematicamente o ascenso tras a derrota do Muimenta CF no encontro disputado fronte ao Abadín CF, un resultado que deixa sen opcións aos seus perseguidores na clasificación. A tempada do Mondoñedo está a ser practicamente impecable. O cadro azulón mantense invicto ata o momento, demostrando unha gran solidez tanto en defensa como en ataque e unha regularidade que lle permitiu liderar a táboa con autoridade. Xornada tras xornada, o equipo foi consolidando unha vantaxe que agora se converte nun ascenso merecido. O éxito non é froito da casualidade, senón do traballo constante do equipo e do corpo técnico, así como do respaldo dunha afección que acompañou ao equipo en cada partido. A falta de tres encontros, o Mondoñedo FC poderá afrontar o tramo final do campionato coa tranquilidade dos deberes feitos e co obxectivo de pechar a liga mantendo a condición de invicto.

O Sporting de Gijón organiza en Foz unhas xornadas de tecnificación para a base



O Real Sporting de Gijón presentou en Foz as súas Xornadas de Tecnificación, un campus intensivo dirixido a rapaces e rapazas que queiran perfeccionar a súa formación futbolística da man dun club histórico do fútbol español. A actividade desenvolverase os días 30 e 31 de marzo e 1 de abril no Campo de Fútbol de Malates, en horario de 10.00 a 14.00 horas. Durante tres mañás consecutivas, os participantes traballarán aspectos técnicos, tácticos e físicos a través de sesións específicas deseñadas para mellorar o rendemento individual e colectivo. O campus conta coa colaboración do Concello, do CD Foz e da AD Santiago de Foz, que se implican nesta proposta formativa desti-

nada a reforzar o fútbol base na localidade. As inscricións xa están abertas a través da páxina web thefootballdream.com. O alcalde de Foz, Fran Cajoto, e o concelleiro de Deportes, Ángel Fernández, puxeron en valor o compromiso dos clubs locais co deporte formativo e agradeceron ao Sporting a súa aposta por achegar a Foz unha iniciativa deste nivel. Ambos subliñaron que estas xornadas supoñen unha oportunidade para que a mocidade acceda a unha preparación técnica especializada sen saír da comarca. Con esta proposta, Foz converteuse durante tres días nun punto de encontro para o talento emergente, reforzando a súa aposta polo deporte base.

O Praias de Barreiros FS proclámase campión tras golear ao Vilalba FS B



O Praias de Barreiros C.D. certificou o campionato de liga no Sénior Feminino logo de impoñerse con autoridade por 4-0 ao Vilalba FS B nun encontro disputado no Municipal. A vitoria permite ás barreirenses proclamarse matematicamente campioas cando aínda restan dúas xornadas para a conclusión da competición. O conxunto local dominou o partido de principio a fin, mostrando intensidade, solidez defensiva e gran eficacia de cara á portería rival. Nuria converteuse na gran protagonista da tarde ao asinar tres dos catro tantos do seu equipo, mentres que Elena completou a conta goleadora cun tanto que

pechou un marcador que reflicte a superioridade vista sobre a pista. Este título culmina unha tempada brillante para as xogadoras de Barreiros, que mantiveron unha traxectoria regular e competitiva ao longo de todo o curso. O traballo colectivo, o compromiso e a ambición foron as claves dun grupo que demostrou carácter en cada xornada. Co campionato xa no peto, o equipo afrontará os dous últimos encontros coa tranquilidade dos deberes feitos e coa satisfacción dun obxectivo acadado con merecemento. Un premio xusto para un cadro de auténticas loitadoras que deixaron pegada nesta liga.

Club Ciclista Burela, máis de 25 anos pedaleando en compañía

O seu presidente, Jairo, define o club como un espazo de lecer e amizade

Po Ana Somoza.

O Club Ciclista Burela é unha desas entidades que se foron facendo a si mesmas co paso do tempo, sen grandes titulares nin pretensións deportivas, pero cunha fonda pegada á vila e ás persoas que a conforman. A súa historia arrinca hai máis de vinte e cinco anos, cando un grupo de amigos decidiu dar un paso máis na súa afección compartida pola bicicleta. Segundo lembra o actual presidente, Jairo, “naquel momento o ciclismo era moito máis ca un deporte; era unha forma de estar xuntos, de falar, de coñecer os camiños e de aproveitar o tempo libre”. Desa necesidade de organizar saídas colectivas e de manter vivo ese vínculo xurdiu a idea de crear un club que servise como punto de encontro estable, unha idea que, como el mesmo destaca, “non tería sobrevivido sen o compromiso das persoas que asumiron responsabilidades desde o primeiro día”.

A fundación do Club Ciclista Burela responde, por tanto, a unha motivación moi concreta e moi sinxela: compartir. “Non nacemos pensando en competir nin en crear unha estrutura complexa”, explica Jairo, que insiste en que o espírito inicial foi sempre o de “xuntarse para saír en bici e pasalo ben”. Nesa primeira etapa xogou un papel fundamental Manolo Yáñez, primeiro presidente do club, que asumiu a tarefa de poñer orde, coordinar ás persoas socias e dotar a entidade dunha mínima organización. “Manolo fixo un traballo enorme cando todo dependía da vontade de cada quen”, lembra Jairo, subliñando que sen ese esforzo inicial sería imposible entender o percorrido posterior do club.

Co paso dos anos, a entidade foi mudando, adaptándose ás distintas etapas vitais das persoas que a integraron, pero sen perder nunca ese fío condutor baseado na amizade e no compañeirismo. Tras a etapa fundacional, Juan Martínez colleu o relevo na presidencia e deu continuidade ao proxecto, consolidando o funcionamento interno e mantendo vivo o espírito co que nacera o club. “Juan soubo darlle estabilidade ao Club Ciclista Burela e facer que funcionase con normalidade durante moito tempo”, sinala o actual presidente.

“Houbo xente que entrou, xente que saíu, épocas máis activas e outras máis tranquilas, pero o club segue aí”, resume, reivindicando o labor silencioso de quen estivo á fronte antes ca el para que a entidade chegase viva ata a actualidade.

SOCIOS. Na actualidade, o Club Ciclista Burela conta con arredor de corenta socios, unha cifra que o presidente define como “estable e asumible”. Trátase dun grupo heteroxéneo, no que conviven persoas que levan décadas vinculadas ao club con outras que se foron incorporando nos últimos anos. Jairo exerce a presidencia, un cargo que el mesmo relativiza ao asegurar que “non se trata de mandar, senón de coordinar e botar unha man para que as cousas funcionen”. Segundo explica, o día a día do club baséase na colaboración: “Aquí todo se fai entre todos, cada quen aporta o que pode e cando pode”.

Un dos aspectos que máis chama a atención do Club Ciclista Burela é a amplitude de idades das persoas que o integran. Non existe unha idade media definida nin categorías establecidas. “Temos xente arredor dos trinta anos e tamén socios que xa superan os setenta e seguen collendo a bici con regularidade”, comenta Jairo. Esta diversidade xeracional tradúcese nun grupo plural, con distintos ritmos e experiencias, pero unido por unha mesma paixón. “Non hai competición nin esixencias; cada quen participa ao seu nivel e segundo as súas posibilidades”, engade, deixando claro que a ausencia de

buscamos é pasar momentos agradables arredor da bici”, resume.

CONVIVENCIA. Ao longo do ano, o club organiza diferentes actividades que se adaptan ás estacións e ás preferencias do grupo. Unha das citas habituais ten lugar a comezos de ano, cando se celebra unha quedada de bicicleta de montaña polos montes próximos a Burela. “Aproveitamos o entorno que temos aquí, que é un privilexio”, sinala Jairo. Ademais, tamén se programan rutas en bicicleta de estrada, para as que o grupo se despraza en coche durante un par de horas. “Gústanos cambiar de escenario, coñecer outros sitios e saír da rutina”, explica.

Xunto a estas actividades puntuais, o eixo central da vida do club son as saídas regulares das fins de semana. Os sábados e domingos, os socios reúnen para pedalar polos arredores de Burela e por outras vilas próximas. “Son saídas máis sinxelas, máis próximas, pero son as que manteñen vivo o club”, apunta o presidente. Nelas, a conversa e a convivencia teñen tanto peso como o propio exercicio físico.

O Club Ciclista Burela non participa en competicións oficiais nin ten unha orientación deportiva de alto



te da veciñanza. “Creo que temos boa reputación”, comenta Jairo, que atribúe esa imaxe a valores como “o respecto polo entorno, o compañeirismo e a práctica saudable do deporte”. Co paso do tempo, a presenza do grupo polas estradas e camiños da zona converteuse nunha estampa habitual.

RETOS. Como calquera asociación cunha longa traxectoria, o Club Ciclista Burela tamén tivo que afrontar dificultades. “Hai etapas de máis actividade e outras de menos”, recoñece o presidente, que lembra que a implicación das persoas socias depende moito das circunstancias vitais de cada momento. Na actualidade, o principal reto é a falta de relevo xeracional. “Cústanos moito que entre xente nova que se implique na organización”, lamenta Jairo, que tamén apunta á “gran oferta lúdica existente”

tirse cómoda co grupo”, sinala. No plano económico, o funcionamento do Club Ciclista Burela é sinxelo e austero. O apoio institucional existe, pero é puntual. “Ás veces contamos con algunha colaboración concreta”, explica Jairo, aínda que deixa claro que o principal sustento do club son as cotas das persoas socias. Estas ascenden a 30 euros ao ano, unha cantidade que permite cubrir os gastos básicos e manter a actividade. “Grazas a iso temos autonomía e non dependemos de ninguén”, destaca. O club non ofrece programas de formación específicos nin iniciativas orientadas á aprendizaxe técnica, especialmente para a xente máis nova. Esta ausencia responde á propia natureza da entidade. “Non somos unha escola nin un club deportivo ao uso”, aclara o presidente. O coñecemento transmítese de maneira informal, a través da experiencia compartida e da convivencia. “Apréndese moito simplemente saíndo xuntos”, engade. Cando se lle pregunta pola mensaxe que lle trasladaría a quen aínda non coñece o Club Ciclista Burela, Jairo non dubida: “Se che gusta a bicicleta, a natureza e pasar bos momentos con outras persoas, este é o teu sitio”. Define o club como un grupo aberto, sen esixencias nin presións, no que o importante é desfrutar. “É unha boa forma de descubrir rutas novas e de crear lazos persoais”, afirma.

EXPERIENCIAS. Á hora de lembrar momentos especiais, o presidente recoñece que é difícil escoller un só. “Houbo moitos”, di. Entre eles destaca unha actividade que durante anos marcou o calendario estival do club: o chamado “desafío”. Trátase dunha ruta máis esixente do habitual, deseñada para pasar todo o día en bicicleta e rematar cunha cea colectiva. “Saían anécdotas para dar e tomar”, lembra Jairo, convencido de que esas experiencias explican mellor ca nada o espírito do club. “Hai aventuras dabondo como para escribir un libro”, conclúe, resumindo máis de dúas décadas de pedaladas compartidas, amizade e memoria colectiva.

“O importante nunca foi chegar primeiro, senón desfrutar do camiño”

“Cada quen participa ao seu ritmo, sen presións nin esixencias”



categorías responde á propia filosofía do club.

FILOSOFÍA. Esa filosofía é, precisamente, un dos sinais de identidade máis claros da entidade. O Club Ciclista Burela entende o ciclismo como unha actividade de lecer, saúde e relación social. “A nosa misión é desfrutar da bicicleta sen presións”, afirma o presidente, que subliña que o importante é “o camiño e non a meta”. Para o club, a bicicleta convértese nunha escusa perfecta para compartir tempo, conversar e coñecer tanto a contorna natural como ás propias persoas que pedalean ao lado. “O que

rendemento. É unha decisión consciente e compartida pola maioría das persoas socias. “Non é o que buscamos nin o que nos identifica”, afirma Jairo, que insiste en que “a experiencia compartida está por riba de calquera resultado”. Esta aposta polo lecer fai que o club resulte accesible para perfís moi diversos e que non exista presión ningunha á hora de participar.

A relación coa veciñanza e co tecido social de Burela é outro dos piares da entidade. O club leva o nome da vila e está formado, na súa maioría, por xente do pobo “de toda a vida”. Iso facilita unha integración natural e unha percepción positiva por par-

como un factor que dificulta manter un alto nivel de participación.

PROXECTOS. De cara ao futuro inmediato, o club quere seguir apostando por actividades accesibles e inclusivas. “A idea é que calquera persoa, independentemente do seu nivel físico, poida participar”, explica o presidente. Ademais, tamén se baralla diversificar a oferta máis alá do ciclismo estrito. Entre as propostas están as andainas nocturnas ou as xuntanzas gastronómicas. “Trátase de reforzar a convivencia e de atraer a xente que, aínda que non practique ciclismo habitualmente, poida sen-

COLABORACIÓNS

A luz invisible de Bach

CULTURA



Rebeca Maseda

Nin unha, nin dúas... Tres veces tiven a fortuna de poder escoitar ao vivo as Seis Suites para violoncello só de Bach interpretadas polo magnífico Jean-Guihen Queyras. Se a memoria non me falla, a primeira delas foi en Santiago de Compostela, no Salón Teatro para ser exactos; a segunda no Palau da Música en Barcelona; e o pasado 20 de xaneiro, no Espacio Turina de Sevilla. Diría que ninguén do sector non recoñece o valor das súas gravacións das Suites como unha referencia de obrigada escoita. Alá polo ano 2007 rexistrounas por primeira vez para o selo discográfico Harmonia Mundi, e máis recentemente, en 2023 -despois da súa experiencia xunto á coreógrafa Anne Teresa De Keersmaeker-, volveu gravar esta “biblia” do cello por segunda vez. Sobre dicir

que calquera das dúas versións están máis que recomendadísimas!

Se vos digo a verdade, escoítalo foi case unha vivencia mística. Non son unha persoa relixiosa -pero si respectuosa, por suposto- e as sensacións e os pensamentos que se me pasaban pola cabeza sentada tranquilamente na miña butaca mentres Queyras nos deleitaba con Bach, foi de tal nivel de paz e serenidade, que podo chegar a entender ás persoas crentes. Bach é como un deus para min, iso téño claro dende hai moitos anos, pero neste caso Queyras foi o mellor catalizador da súa música, un intérprete comprometido coa súa arte e a excelencia ao máis alto nivel.

As Seis Suites para violoncello só de Johann Sebastian Bach nacen nun contexto moi concreto: o da corte de Köthen, arredor de 1720, nunha Europa barroca onde a música instrumental comezaba a emanciparse definitivamente da función puramente acompañante. O violoncello, ata entón relegado en boa medida ao baixo

continuo, erguíase aquí como voz única, espida, sen artificios nin apoio harmónico externo. E nesa nudez reside, paradoxalmente, a



súa grandeza.

Cada suite estrúcturase como unha sucesión de danzas estilizadas: allemande, courante, sarabande, gigue, ás que se engaden danzas intermedias —minuetes, bourrées ou gavottes— segundo o caso. Son danzas, si, pero danzas sublimadas. Poden acompañar o

movemento do corpo, pero tamén evocalo desde a introspección.

Escoitando estas suites non podo evitar pensar nalgúnhas pinturas de Johannes Vermeer. Neses interiores silenciosos, onde a luz entra oblicua por unha fiestra invisible e acaricia os obxectos máis cotiáns, hai unha mesma procura de equilibrio e claridade. Do mesmo xeito que Vermeer constrúe a escena a través do xogo delicado entre luz e sombra, Bach edifica a arquitectura sonora a partir dunha soa liña melódica que suxire, con mestría inaudita, unha polifonía implícita. Nada sobra. Nada falta. Cada nota é necesaria, como cada pincelada no lenzo.

O Barroco foi, entre outras cousas, a arte do contraste e da expresividade. Mais en Bach ese contraste non é exceso, senón orde; non é teatralidade baleira, senón profundidade espiritual. Hai nel unha racionalidade matemática que convive cunha emoción directa e humana. Cando o preludio da Primeira Suite comeza a despregar os seus arpejos, sinto unha especie de apertura, como se alguén

abriras as xanelas dun cuarto escuro. E cando a sarabande da Quinta Suite se expande no rexistro grave do instrumento, a sensación é case de suspensión: o mundo detense, respírase doutro xeito. Quizais por iso a experiencia en directo resulta tan transformadora. O son do cello, tan próximo á voz humana, envolve o espazo e atravesa o corpo. Non é unha música que se limite a ser escoitada: é unha música que se sente fisicamente, que vibra na caixa torácica e nos pensamentos. Neses intres, no silencio absoluto dunha sala atenta, compréndese que a arte pode ser tamén un acto de comunión laica, un encontro íntimo co esencial.

As Suites non son só un cumio técnico do repertorio; son unha meditación sobre o tempo, o movemento e a emoción. E intérpretes como Queyras, coa súa honestidade e profundidade, convértenas nunha experiencia que vai máis alá do estético. Unha experiencia que, sen necesidade de dogmas nin liturxias, roza o sagrado. AMÉN.

A vida con WhatsApp

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Manuel Jabois non ten WhatsApp. E non é que eu o saiba porque o seu contacto figure na axenda do meu teléfono persoal nin tampouco na inconmensurable axenda da Academia. Seino porque para xustificar a súa ausencia na aplicación con máis tempo de uso de calquera mortal, escribiu un artigo que o fixo merecedor dun premio Mariano de Cavia, case nada, titulado “Mi vida sin WhatsApp”. Jabois ten esa voz auténtica cando escribe, nótase que el xunto con Leila Guerriero son dous dos meus escritores contemporáneos favoritos. Manuel elevou o acto de escribir a un arte maior, sublime na expresión tamén é un arquitecto das emocións, capaz de construír mundos en cada párrafo. Escribe con esa cadencia

propia da nostalxia, malia ser cronista en moitas ocasións, imprime todos os seus textos desa maxia. No meu caso, valente cafeteira, acostumo a presumir de ser quen de diferenciar un café dun barista a outro feito coa mesma materia prima por unhas mans inexpertas. Pois aquí ocorre algo análogo, dádeme un texto que garanto adiviñar se a autoría corresponde ao pontevedrés.

Malia escribir como sinte, este artigo en particular é unha lista ben escrita de argumentos que sosteñen a súa negativa á rede social. Non sendo para nada un ataque aos que si o fan, máis ben, un compendio de xustificacións debidamente meditadas. Se xa a peza me fixo pensar, o discurso cando recolleu o galardón foi atronador para a miña cabeza. Sostendo que a elite de pensamento ten o superpoder de cambiar de opinión se outra idea é máis interesante ou máis convincente, niso se fundamenta a ciencia. As miñas matemáticas versan precisamente sobre iso.

Di que sorprendentemente as cousas agora cre que lle van peor, e pode que iso tamén sexa un retrato fiel do que nos estamos a converter. Explica que o tempo que gañou non o gasta especialmente en ler a Tolstoi, pero que

que estamos a experimentar porque é algo palpable. Tampouco necesitamos que nos falen desas habilidades agora latentes que noutroira tiñamos: o cálculo mental, a dialéctica por antonomasia... E ollo, non estou a dicir

pome porque si que precisamos un futuro esperanzador, e non sinto que o teñamos.

Eu, que si que teño WhatsApp, e por duplicado, penso no tempo que perdemos, na inmediatez de resposta á que estamos acostumados. Do prescindibles que serían o noventa por cento das mensaxes que envío e recibo ao día se non o tivese. Do que me gusta que me chamen para tomar un café no lugar dunha conversa banal de catrocentos caracteres. E do impacto que todo isto pode ter nas xeracións que veñen, porque non lles soubemos ensinar a empregalas como ferramentas de resolución, senón que as senten como entorno central da súa vida diaria, funcionando como o seu principal espazo de socialización, construción de identidade e entretemento. É por todo isto que eu, coma Jabois, se nalgún momento non vedes a miña foto de perfil, foi porque borrei a aplicación, non fixen un bloqueo masivo, malia as ganas en moitos momentos.



lle está a collelo gusto.

Non precisamos informes psicopedagóxicos que avalíen o decremento exponencial na capacidade de atención e concentración

que todo fose a peor nin poñendo o foco nun pasado glorioso. Non todo tempo pasado foi mellor. Porque ben sei que un exceso de pasado melancoliza pero preocú-

O populismo dixital

O PUPITRE



Julio Díaz

Escribía eu no meu “pupitre” de xaneiro “acompañar e non prohibir” onde falaba da prohibición do uso das redes en Australia e mira ti por onde non tarda nin un mes en anunciarse a mesma medida no noso país. É coñecido que os populismos adoitan empregar medidas de impacto social noutros países para facelas súas. Cando o noso Goberno anunciou o seu plan lexislativo para “garantir un entorno dixital seguro”, gran parte da atención levouna o anuncio da prohibición das redes sociais para os menores de 16 anos. Esta impresionante medida ven sumarse á crecente preocupación social polo impacto na saúde mental dos nosos xoves das metodoloxías deseñadas para o enganche dos usuarios, maximizar a súa participación e recompilar datos persoais que son a base do seu negocio. Eu comparto opinión cun grande número de expertos que advirten que o veto ademais de ineficaz pode vulnerar dereitos

fundamentais dos propios menores. Penso eu que en Europa e en España xa existen leis que permiten poñer coto aos deseños enganosos das plataformas, que é o que se traduce nesa perigosa adicción ás pantallas, só temos que facer unha aplicación axeitada das mesmas. A prohibición de acceso ás redes sociais obrigará ás plataformas dixitais a incorporar sistemas efectivos de verificación da idade dos seus usuarios. A medida outorga responsabilidade individual aos menores, pero tamén as súas familias e, en extensión e de maneira sistemática, ás propias plataformas destas redes sociais. O primeiro que deberíamos facer é definir, de forma clara, por parte do noso goberno que é o que entende por rede social. En Australia, por exemplo, quedan fóra desta denominación aplicacións como WhatsApp ou Telegram, aplicacións de intelixencia artificial xenerativa e mesmo aplicacións de apostas en liña. E preguntome, son menos prexudiciais estas plataformas?. Que redes sociais prohibirá a normativa española?. Entrarán tamén as plataformas de vídeo e streaming? Os xos?



Outra cuestión importante é como se vai implementar a ferramenta de “carteira dixital Beta” para que poidan verificar a idade dos usuarios antes do inicio de sesión nesas redes sociais; Como se vai xestionar o uso clandestino e non supervisado por parte dos menores nestas plataformas, tanto por parte das propias corporacións como por parte das familias e da comunidade educativa. Para min sería moi importante saber as evidencias que se ti-

veron en conta para a proposta desta medida. Afirmar con rotundidade que só as redes sociais son a causa da maioría dos problemas de saúde mental dos nosos xoves e unha visión moi simplista dunha problemática ben complexa de explicar. É moi certo que as zonas do cerebro que regulan o autocontrol, o razoamento e a atención maduran na adolescencia tardía, polo que a autoxestión e dedicación de tempo e acceso aos contidos dixitais debe ser obxecto de supervisión.

Eu só vou engadir que se a medida no noso país vai estar enfocada en mitigar e minimizar os efectos negativos do uso das redes sociais por parte dos menores, deben planificarse criterios moi claros, transparentes e con mesura de avaliación do seu impacto. Aínda así quédanme moitas preguntas sen resolver: esta prohibición virá acompañada de medidas educativas que leven ao uso responsable das novas tecnoloxías? Que papel desempeñarán as familias na aplicación desta medida e como imos acompañalas?. Que aplicacións e plataformas entrarán en dita regulación? Como se regularán o resto dos usos dixitais dos nosos menores? e un largo etc de incógnitas que rodean o complexo mundo da tecnoloxía e a súa influencia na formación e conformación dos nosos rapaces. Mais aló das prohibicións, o importante é aplicar medidas socializadoras, educativas e familiares que deberían acompañar a calquera proposta que se nos presente para así poder responder as preguntas que anteriormente me pregunto.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ	
Concello:	982 55 80 01
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde:	982 55 86 97
BARREIROS	
Concello:	982 12 40 02
Garda Civil:	982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 41 05
BURELA	
Concello:	982 58 60 00
Policia Local:	982 58 62 11
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña):	982 58 99 00
Capitanía Marítima:	982 57 51 53
CERVO	
Concello:	982 55 77 77
Policia Local:	615 52 10 52
Garda Civil:	982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 75 25

FOZ	
Concello:	982 14 00 27
Policia Local:	982 13 36 40
Garda Civil:	982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 23 85
Agencia Tributaria:	982 13 35 12
LOURENZÁ	
Concello:	982 12 10 06
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 12 20 29
MONDOÑEDO	
Concello:	982 52 40 03
Policia Local:	982 50 70 40
Garda Civil:	982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa):	982 50 74 52

OUROL	
Concello:	982 55 91 09
Garda Civil:	982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa):	982 55 90 62
PONTENOVA, A	
Concello:	982 34 22 77
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 24 00
RIBADEO	
Concello:	982 12 86 50
Policia Local:	982 12 86 50
Garda Civil:	982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 01 43
RIORTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63

TRABADA	
Concello:	982 13 50 11
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 13 53 00
VALADOURO, O	
Concello:	982 57 40 00
Garda Civil:	982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa):	982 57 43 12
VICEDO, O	
Concello:	982 59 00 02
Garda Civil:	982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 03 51
VIVEIRO	
Concello:	982 56 01 28
Policia Local:	982 56 29 22
Policia Nacional	982 56 17 11
Policia Nacional cita DNI	060/ 982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa):	982 56 12 01
XOVE	
Concello:	982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa):	982 59 24 24



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062





Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@amariñaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU 5-2019
ISSN 2660-4493

DE RUTA EN RUTA

Muras, un paraíso entre ríos, montes e sendeiros

O municipio destaca pola súa riqueza ambiental, os seus espazos protexidos e unha ampla oferta de rutas

Muras destaca como un dos territorios con maior riqueza natural de Europa grazas á súa excepcional rede fluvial e á diversidade paisaxística que a rodea. O municipio está atravesado por ríos e arroyos de augas limpas e frías, como o Landro, o Eume e o Sor, nos que abunda a troita e que converten a zona nun auténtico refuxio para a biodiversidade. Ao longo das súas marxes ábreanse ducias de recunchos singulares, camiños tradicionais e espazos por descubrir que convidan a percorrer o territorio con calma. Este patrimonio natural complétase cunha contorna montañosa de gran valor ambiental, marcada pola presenza de dous espazos naturais protexidos. No extremo oriental esténdese a Serra do Xistral, un amplo macizo caracterizado polos seus cumios suaves, brañas e ventos constantes. No sector occidental, as ribeiras do río Sor configuran un ecosistema de alto interese ecolóxico, cunha vexetación frondosa que acompaña o curso da auga. A paisaxe do Xistral ofrece tamén unha imaxe moi representativa

do interior galego: a presenza de cabalos salvaxes en liberdade, pertencentes ás razas de cabalo galego e hispano-bretoa, que pastan nos montes abertos. Nas zonas máis elevadas do Guriscado e da Curuxeira, que conducen ata Viveiró, o territorio vólvese progresivamente máis verde e pechado, cunha

notable presenza de carballos, castiñeiros e bidueiros que conforman bosques autóctonos de gran beleza. A fauna é outro dos grandes atractivos de Muras. Entre as aves rapaces destacan especies como o aguiacho cenizo ou o ratoeiro, mentres que nos montes habitan mamíferos emblemáticos como o lobo, o xabaril,

o raposo ou o corzo. Dende o porto da Gañidoira, situado a 737 metros de altitude, é posible contemplar amplas panorámicas do macizo, con vistas aos montes da Xestosa, Guriscado, O Chao, Curuxeira, Lebureiro, O Cadramón e Pena do Seixo. No eido do sendeirismo, o Concello de Muras ofrece rutas especial-

mente coidadas e accesibles. Un dos percorridos máis destacados é a ruta que vai da Área Recreativa da Veiga ata o complexo da Aldea Etnográfica de Carelle. Trátase dun itinerario de 8,5 quilómetros perfectamente sinalizado, con paneis informativos de carácter ambiental e etnográfico. Este camiño divídese en tres tramos diferenciados: a Ruta da Fraga, a Ruta do Río e a Ruta de Carelle, con niveis de dificultade media ou media baixa. O percorrido completo pode realizarse en entre dúas horas e media e tres horas, aínda que tamén é posible facer cada tramo por separado. Outra proposta salientable é a Ruta do Rego dos Coruxos, cun trazado circular de 9,5 quilómetros que parte da igrexa de Viveiró e regresa ao mesmo punto. O percorrido discorre xunto ao rego, combinando treitos asfaltados con camiños e carreiros. Para a súa creación acondicionáronse 1,5 quilómetros de vías, respectando ao máximo a contorna natural, e instaláronse indicadores de madeira e paneis de orientación ao longo de todo o itinerario. Estas rutas e paisaxes consolidan Muras como un destino ideal para o turismo de natureza, o lecer activo e o coñecemento do patrimonio rural. A combinación de valores ambientais, culturais e paisaxísticos permite gozar dun territorio auténtico, pouco alterado e cheo de identidade, no que cada camiño revela unha historia e cada estación ofrece matices diferentes, convertendo a visita nunha experiencia enriquecedora para persoas de todas as idades e intereses diversos e sensibilidade.



DATOS

 2 horas

 8,5 quilómetros

 Dificultade media

HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA





GRUPO FORMAT

formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605